Public. Diaria 30

BIBLIOTECA XERAL · SANTIAGO

A NOSA TERRA

2000 Ano Casteláo

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

A UPG discute o seu papel no Bloque — 5

O PP négase a ter unha policia autonómica — 7

Maria Xosé Cabaleiro afirma que as cooperativas "son a solución para o agro galego" — 9

Os mexiloeiros buscan un sistema de venda — 8

Galáxia conta a sua história nunha exposición — 26

14 DE SETEMBRO • 2000 • ANO XXIII • IV XEIRA — FUNDADO EN 1907 — Nº 952 • 200 PTA

A axudas da Xunta fan que o ensino privado gañe este ano 485 alunos mentres o público perde 18.121

Os comedores marcan a diferéncia no ensino

FÁTIMA

Velaí vai o verme

Mario Pereira



Vénnos esta historia dun tempo
no que o mundo era novo,
tan novo que todo el recendía
a mazás verdes e terra mollada...
O libro gañador do II Premio
"Raiña Lupa" de literatura infantil,
convocado pola
Deputación da Coruña.

1950 2000
EDITORIAL GALAXIA

Os fillos lacazáns dos alcaldes do PP (Páx. 4)

Kosovo, o médio millón de masacrados quedou en só 2.000 mortos (Páx. 18)

No Outono chega a mellor colleita literária (Páx. 21)

O petróleo como problema

Desde que en 1998 o petróleo baixara a 10 dólares o barril deixou de existir na economia *globalizada*. Todo era *nova economia*, economia *virtual* na que as bolsas subia como un foguete e baixaban coma unha cana, dando reviravoltas e fendendo patrimónios nas caidas, no ilusionismo de empresas que só existian como marcas, mais sen actividade real produtiva. Agora atopámonos outravolta co petróleo, como problema, como causante dunha nova crise económica que poderia semellarse á recesión dos anos setenta. A OPEP, polo simples feito de existir xa é culpábel din, sorprendentemente, os economistas ultraliberais que pretende que sexa o mercado quen regule todo e marque as políticas. Esquecen que non é a OPEP, senón os "traders" os que poñen o prezo do petróleo e que se está a investir nel como se fai en bolsa e estiveron acumulando agardando que subise. "Cando saes dun porto co barco carregado, nunca sabes a onde vas parar, no camiño podes mudar até média dúcia de veces de rumo, depende de como vaian os prezos", comentábanos o capitán dun petroleiro. Outro feito que se esquece a pé feito é que son as grandes petroleiras as que contan coas patentes de enerxia alternativas, por iso non se desenrolan. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.
CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.
VOGAIS:
Xosé Mª Dobarro, Alberte Ansede, Antolin Fernández, Manuel Veiga, Xosé Castro Ratón, Xan Costa, Xan Carballa e Miguel Barros.
SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro, Paula Bergantiños, César Lorenzo Gil.
EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Enrique Acuña.
DESEÑO DE MAQUETA:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:
MADRID:
Manuel Seoane.
BARCELONA:
Iria Varela.
PORTUGAL:
Gonçalo Nuno.
SANIDADE:
María Alonso.
CULTURA:
Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xosé Mª de Castro Erroteta, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Borobó.
LECER:
María X. Gómez

Fotografía:
Andrés Panaro.
Xosé Marra,
Voz Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartin, Ana Pillado Vega.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Rua do Príncipe 22, baixo.
36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.



O Governo do PP aumentou as subvencións á privada nun 228%, que gaña 485 alunos mentres a pública perde 18.121

A falta de comedores nos centros públicos enche os coléxios privados

A oferta de comedores e transporte é fundamental para os pais e nais que traballan. Reportaxe gráfica: FÁTIMA RODRÍGUEZ

PAULA BERGANTIÑOS

Moitos pais vense na obriga de recurrir a escolas de pago para poder combinar o estudo dos fillos co traballo de ámbolos dous. Neste curso, pésie ao descenso da natalidade, os centros privados son os únicos que incrementaron o número de matrículas. A Administración réstalle importáncia a este dado, pero os sindicatos e as Apas atopan a causa fundamental na falta de servizos complementários no ensino público.

'Con catro anos, levábaa conmigo á escola unitária na que traballaba. Percorriamos todos os dias 90 quilómetros. Cando tivemos que escolarizala,non atopamos nengun centro público en Lugo que tivera comedor. Habiao na periféria, en Casás, pero sen transporte". Fernanda é mestra no ensino público, o seu compañeiro tamén traballa, e, en contra do seu desexo, tivo que matricular primeiro á nena e logo ao seu neno, nun centro privado.

O Venres 15 de Setembro incorpóranse ás aulas 191.959 alunos de Educación Infantil e Primária. Outros 222.431, os de Educación Secundária Obrigatória (ESO) e Educación Postobrigatória (ESPO) farano, unha semana despois, o Venres 22. Durante a presentación do curso escolar a própria Administración recoñeceu que segundo as suas previsións, os centros privados gañan 485 alunos mentras os públicos perden 18.121.

É dicer, na ensinanza privada lonxe de repercutir o descenso da natalidade, aumenta a demanda. Para a CIG a explicación é doada. "A Xunta subvenciona ao ensino privado en tramos non obrigatórios, mentres suprime comedores públicos e reduce o transporte escolar. A aposta dalle os seus resultados e na maioria das cidades hai tempo que os centros privados xa escolarizan maior número de nenos que os públicos", explica Anxo Louzao, representante da central–sindical.

Desde a Confederación de APAS coinciden ao analisar que unha das razóns que máis condiciona a matriculación dos rapaces nun ou outro centro é a oferta de comedor. Nas cidades e vilas importantes, nas que o ensino público compite co privado, o servizo foise reducindo paulatinamente. Núria Martinez, secretária da Confederación, asegura que as actividades extraescolares que ocupan ao neno desde as nove da mañá até as sete da tarde, son imprescindíbeis para os casos nos que tanto a nai como o pai traballa. Tamén os representantes de CCOO apontan que a auséncia de servícios complemementares de comedor e transporte é fundamental para o abandono dos centros públicos. Neste sentido reclaman da Administración informes nos que se compare a rede pública e privada nos centros urbanos.

Pasa á páxina seguinte

As subvencións aos centros privados das cidades e grandes vilas deixan á rede pública como un ensino de segunda categoria e subsidiário.

Vén da páxina anterior

Bacharelatos e Ciclos Formativos

Desde a própria Administración recoñecen que este pode ser un dos factores determinantes, pero non o único. Severino Somoza, director xeral de centros e inspección educativa da Xunta sinala que a causa fundamental radica na implantación xeralizada dos Bacharelatos e Ciclos Formativos tamén no ensino privado. "Agora mesmo os centros privados teñen a ventaxa de ofertar todos os ciclos educativos, desde a Eduación Infantil até a post-obrigatória", engade.

Neste sentido Henrique Tello, deputado do BNG lembra que a sua formación "hai anos que denúncia que o decidido apoio da Xunta de Galiza á ensinanza privada estaba a provocar un traspaso de alunado que ia rematar nunha redución drástica da oferta escolar na pública". Tello aponta que a problemática implantación da ESO e da ESPO, con escasos recursos, recorte de prazas e unha enorme selectividade na oferta de Bacharelatos e Ciclos Formativos, son factores que influen psicolóxicamente nas famílias que observan como na privada os centros ofertan desde a Eduación Infantil até a Post-obrigatória, o alunado non ten problemas de continuidade, ten servizos complementários e actividades extraescolares".

O deputado nacionalista engade que "dado que a ampliación da ensinanza obrigatória supuxo un incremento dos cursos subvencionados, as famílias ven que unicamente teñen que pagar os dous anos de Bacherelato, e non 4 como antes. De aí que debido as enormes dificuldades para atopar praza nun centro público pola escasez da oferta, optan por facer o sacrifício e manter aos fillos na privada". Para Tello influe tamén de xeito determinante o descenso porcentual de apoios aos servizos de transporte e comedor, feito que provocou modificación de horários e xornadas irracionais, que se marcan en función do transporte ou do comedor , pero non da racionalidade que debe atender ás necesidades educativas.♦

O Concello de Vigo dotará do servizo a todos os centros

O abandono de aspectos tan importantes como son as actividades e os servizos complementários, só se suplen nalguns casos mediante a iniciativa das APAS e dos concellos. En Vigo, o Governo municipal ven de anunciar a sua intención de dotar a todos os centros públicos de comedores.

Para este curso xa conseguiron duplicar a oferta pública poñendo en funcionamento dez novos comedores. "O obxectivo é ofertar este servizos en todos os centros –explica Ana Gandón, concelleira de Educación. Gandón cualifica o servizo como imprescidíbel e sinala que "sen ter nada en contra dos coléxios privados, a nosa liña é de defensa do ensino público, porque é onde está a garantia de igualdade de oportunidades". Gandón aponta tamén que a oferta de comedores é imprescíndibel se se quer posibilitar a incorporación da muller ao mundo do traballo retribuido.

De calquer xeito, para garantir a igualdade de oportunidades, a CIG mantén que a Administración autonómica non debe deixar de asumir as suas responsabilidades na xestión, financiamento, mantimento e xeralización destes servizos. A proposta da central sindical implica a modificación da normativa vixente para garantir a todo o alunado de Infantil, Primária e ESO o direito a facer uso dos servizos complementários, nomeadamente dos comedores escolares. Piden que se fagan as reformas necesárias para que todos os centros dispoñan de instalacións adecuadas. Vai máis alá e demanda tamén a criación de comedores nos centros específicos de ESPO, naquelas comarcas que o precisen.

Este servizo teria que estar atendido por persoal específico, non docente, dependente da Administración, o que se traduciria nun aumento dos postos de traballo. Ao tempo manteñen que as cantidades fixadas para cada comensal, na actualidade ao redor das 200 pesetas, teñen que ser incrementadas substancialmente para poder elaborar menus equilibrados adaptados a esas idades. Estes menus deberian ser gratuítos para os alunos que teñen que utilizar transporte escolar.

A privada oferece prazas de Educación Infantil subvencionadas pola Xunta, que na rede pública non existen praticamente.

Pero a CIG explica que para conquerir o conxunto destas reivindicacións é preciso un cámbio radical na polítca educativa do PP. "A Consellaria non asume –explica Anxo Louzao– que os comedores escolares, aparte de cubrir outras caréncias, educan en hábitos saudábeis aos alunos por iso trasladan a sua xestión a empresas privadas en detrimento do servizo. Esta política asocial, só se pode entender desde un posicionamento ideolóxico favorecedor de intereses contrários á concepción do ensino como un direito fundamental".

Ao problema dos comedores súmase o do transporte, xa que non son poucos os alunos que teñen que sufrir grandes percorridos a diário ou longas esperas por ser transportados con moita antelación ou porque teñen que agardar polo autobus unha vez rematada as clases. De feito moitos centros tiveron que adaptar os seus horários ás exixéncias das empresas que xestionan o servizo. A situación mudaria cunha Lei de Transporte escolar, exixida pola CIG á Xunta, que garanta o direito ao transporte tamén para os rapaces de Educación Infantil, que suprima a distáncia mínima para ter direito ao transporte, fixada en dous quilómetros e que conte con persoal acompañante, entre outros aspectos.♦

Evolución dos orzamentos para comedores escolares

Ano	Orzamentos de Educación	O que correspoderia segundo a suba do IPC
1989	2.170	——
1991	1.732	2.289
1992	1.818	2.412
1993	1855	2.533
1994	1.579	2.652
1995	1.579	2.766
1996	1.631	2.855
1997	1680	2.909
1998	2.140	3.362
1999	2.400	3.556
2000	2.489	3.628

Cantidades expresadas en millóns de pta.

Recorte dun 33% nas subvencións para comedores

A chegada do PP ao Governo da Xunta trouxo consigo un progresivo recorte dos orzamentos para o ensino público. A Consellaria afirma que quer chegar a acordos coas Apas para mellorar os comedores, pero o certo é que nos últimos dez anos o Executivo nen sequer aplicou as subas do IPC á partida destinada para este servizo.

O Cadro 1 recolle os orzamentos destinados pola Consellaria de Educación para o servizo de comedores e a cantidade que teria que destinar de ter en conta os IPCs. Por exemplo, se no ano 2000, o PP quixese investir a mesma cantidade en comedores que o Governo Tripartito en 1989, teria que conceder 3.628 millóns, é dicer, 1.200 máis dos que destina. Isto tradúcese nun recorte dun 33% dos orzamentos destinados aos comedores escolares desde a chegada do PP á Xunta.

Pero non acontece o mesmo coas subvencións ao ensino privado, mentres os orzamento xeral da Consellaria de Educación subeu desde o ano 1989 de 170.000 millóns a 240.000, é dicer un 40%, a partida orzamentária para a privada pasou de 7.817 millóns de pesetas a 23.645, é dicer, incrementáronse nun 228%.♦

A estratéxia do caos

A cantinela é a mesma cada comezo de curso. Condicións precárias no ensino público, pola falta de infraestruturas, dotacións, servizos complementários como comedor e transporte ou actividades extraescolares. Os profesores engordan, despedidos, a lista do paro mentres nas aulas bótanse en falta especialistas, orientadores ou profesionais de apoio á Educación Especial para atender ao alunado con necesidades físicas e especiais.

O "caos" premeditado, e non a falta de planificación inocente, foi a ferramenta da que se valeu o PP para, en troques de aplicar unha reforma educativa no país, levar a cabo unha política de feitos consumados que non garante a igualdade de oportunidades. Nas cidades, onde se concentra a maior porcentaxe de povoación escolar, desvíase pola forza, estudantes para os centros privados, porque o desconcerto é a norma. Eis o obxectivo: abafar a pública e mantela fundamentalmente no meio rural como un ensino de segunda clase e subsidiário.

Se non porque se seguen a engrosar descaradamente os orzamentos para o ensino privado, namentras os recortes caracterizan a inversión na rede pública? Por que a interminábel excusa do descenso da natalidade agora resulta que non afecta ao negócio dos centros privados, únicos que ven medrar a demanda de prazas? Prazas no ensino secundário obrigatório, pero tamén en tramos como o de Infantil, que non é obrigatório e que está pagado con cartos públicos, cos que non se garanten oferta dabondo na rede pública.

Queda por ver o que vai pasar con ensino Post-obrigatório. Polo de agora a Administración, despois de aprobar unha rede completamente, raquítica, deficitária e discriminatória, xa empezou a distribuir novas concesións de Bacharelatos e Ciclos Formativos a centros privados. Queda, por tanto, que lle dé unha volta á normativa para poder financialos tamén. Atentos!♦

A NOSA TERRA

Un vástago do alcalde de Sada, presunto falsificador e o de Baiona, 'okupa' do espazo público

Os fillos descarriados da direita

H. VIXANDE

Recentemente a policia descobriu a un fillo do alcalde de Sada, Ramón Rodríguez Ares (PP) á frente dunha cativa rede de falsificación de moeda. Non é o único caso dun vástago dun alcalde da direita que pon en apretos ao seu pai. Destas, non é aplicábel aquel argumento de Cacharro de que os fillos do PP teñen éxito por liña xenética.

Os fillos dos alcaldes de Sada e Mondariz Balneário déronlle un bon susto aos seus pais, Ramón Rodríguez e Xosé A. Lorenzo, respeitivamente.

O alcalde de Sada é coñecido por consignas como "Moncho es mucho", e en efeito as suas peculiaridades fan que "sexa moito", ainda que o seu segundo fillo, "Monchiño" é moito máis. O rapaz –todo un mangallón– apontouse ás novas tecnoloxias da comunicación, ainda que non atinou co enfoque que lle deu e rematou no calabozo. Monchiño armouse de ordenador, escáner e impresora e, cun papel especial, amañou uns billetes de dez mil pesetas "de cualidade média", segundo dixo a policia.

Monchiño tivo ollo e mandou a un próprio á rua a cambiar os billetes, ainda que o seu mensaxeiro resultou tan listo como el e cando o deteron dixo que ia por encargo "dun tal Moncho de Sada". Cando a policia descobriu que o tal Moncho era o fillo do alcalde de Sada, xa era tarde. As mesmas investigacións descobriron que Monchiño quedaba co 40% dos beneficios e o branqueador co 60%.

Cando estoupou o escándalo das oposicións na Deputación de Ourense, onde entraban a eito os fillos de destacados militantes e dirixentes do PP, ao presidente da Deputación de Lugo, Francisco Cacharro non se lle ocorreu mellor cousa que dicer que os aprobados demonstraban a herdanza xenética dos seus pais, que triunfaran previamente, pondo de manifesto a sua superioridade.

No século XIX, un criminalista de renome chamado Cesare Lombroso elaborou unha peculiar teoria –chamada do "criminal nato"– que se fundamentaba en teses xenetistas e de configuración facial e craneal para determinar quen era delincuente e quen non. A ciéncia encarregouse de desautorizar semellante teoria e hoxe sabemos os delincuentes non son criminais por herdanza paterna ou materna. Pola mesma razón sabemos que a capaciade para aprobar unhas oposicións non ven dada pola capacidade dos pais para triunfar, ainda que a educación si condiciona e ás veces marca un camiño que o fillo malinterpreta.

O fillo do alcalde de Baiona, Benigno Rodríguez Quintas (direita independente, antes PP), tirou pola via do médio na sua incursión empresarial na hostelaria e non atinou a disternir con claridade cal é a diferéncia entre espazo público e propriedade privada. Nun espazo de titularidade pública situado frente ao local no que instalou un negócio de hostaleria, habia várias árbores que lle estorbaban, de modo que decidiu tronchalas. Iso si, no seu lugar instalou unhas palmeiras para dar apariéncia a unha terraza do local que invadia toda a beirarrua. Tivo que ser a oposición municipal de Baiona a que denunciase a sua situación, porque o pai do hostaleiro non caiu na conta da tropelia do seu fillo.

> O fillo do alcalde de Baiona pinchou unhas árbores diante do seu bar e logo plantou unhas palmeiras.

En xeral, nunha sociedade como a nosa, a necesidade de triunfar marca moito e máxime se un é fillo dun alcalde e mesmo a alguns políticos en activo. Un exemplo é o que lle aconteceu ao ex alcalde de Cangas, Chapela Seixo (PP), ao que surprenderon copiando nun exame na Universidade Estatal de Ensino a Distáncia, UNED. No seu descargo, Chapela, que é avogado, dixo que ignoraba que ao exame non se pudesen levar os apuntes da asignatura. Nen o seu partido nen o eleitorado resultaron tan inocentes e non lle perdoaron o desliz, que lle custou rematar coa sua carreira política.

Son estes fillos descarriados da direita, autores de pequenos deslices que pouco teñen que ver con outros pecados máis do tipo de Juan Hormaechea ou de Jesús Gil, pero que monstran a natureza do ser humano.♦

Piloto suicida pola autovia Porriño Tui

Na madrugada do 28 de Marzo deste ano, o fillo de Xosé António Lorenzo Rodríguez, alcalde de Mondariz Balneário (PP), viuse implicado nun suceso de condución en dirección contrária pola autovia de Porriño a Tui no que se levou por diante a vida dun condutor que ia traballar. O caso foi silenciado pólos meios de comunicación.

Xosé António Lorenzo conduciu en dirección a Porriño e en sentido contrário pola autovia de Porriño a Tui cando menos durante oito quilómetros. Coñecia esa estrada porque viaxa a Portugal con frecuéncia, polo que non hai posibilidade de erro. Ia pegado á mediana e recebiu sinais luminosas e sonoras dos vários veículos que se cruzaron con el. Alguns dos condutores que se atoparon con Xosé António indicaron que circulaba sen dar nengun tipo de bandazos, centrado no que facia, sen desorientación algunha.

Pero o máis surprendente é que oito quilómetros antes de chocar, Xosé António Lorenzo perdeu un dos pneumáticos das suas rodas. Ainda asi proseguiu a sua marcha a unha velocidade alta, sen parar para cambiar a roda. Descoñécese que motivou que continuase sen deterse, pero da sua atitude despréndese que tiña que chegar a algures con rapidez, ainda que non hai probas de que actuase condicionado por unha aposta.

A aloucada carreira de Xosé António Lorenzo rematou pouco antes das seis da mañá no quilómetro 162 da autovia, cando chocou cun veículo que ia polo carril exterior do vial que vai de Porriño a Tui. Este coche, que circulaba con todas as da lei, ia pilotado por Euxénio Soto Costas, que morreu a consecuéncia do choque e que deixou dous fillos e unha muller embarazada. Euxénio Soto, no momento de producirse o choque, ia ao seu traballo en Talleres Viza, no polígono das Gándaras, e nada pudo facer para evitar a colisión porque non agardaba atopar un coche que circulase en sentido contrário.

Xosé António Lorenzo trasladouse ao Hospital do Meixoeiro e á viguesa Clínica Fátima despois, onde coa axuda do seu irmán avogado retrasou até as cinco da tarde a realización da proba de alcolémia. Pasaran once horas do acidente. Dias despois sofreu unha surprendente perda de memória, que lle privou de dar a coñecer a procedéncia e as razóns que o levaron a actuar como actuou. Hoxe está en liberdade sen fianza.♦

A. EIRÉ

Beiras a Madrid?

Como corolário do editorial de *El País* do 12 de Setembro, dedicada aos nacionalismos, aparece a seguinte frase: "...Beiras afírmase máis como lider dunha esqureda nacional que como un nacionalista de esquerdas". A idea entenderase millor se substituimos *nacional* por *estatal*, pois esta é a equivaléncia na linguaxe no rotativo madrileño na que *nacional* se refire sempre a España. O que non está tan evidente é o motivo de tal afirmación do editorialista que tanto predicamento ten nos socialistas despois de ter destruido ao PCE. Que está dicendo *El País*? Somentes que Beiras é un lider que sobarda o ámbito galego? Insinua por si a caso que Beiras é o chamado a liderar a esquerda estatal fronte á dereita ante o fracaso dos líderes socialistas? Pretende recuperar a idea da Federación de Partidos Socialistas na que participou Beiras en 1976 ou existen intentos na esfarna de artellar un "pacto federal" entre os nacionalistas e a esquerda estatal que estaria liderado por Beiras? Entra na lóxica estatal de "nacionalizar" a lideres nacionalistas ou somentes son cantos de sereas para apartal da rota?♦

O debate do X Congreso céntrase no papel do partido na frente nacionalista

A UPG defende o respeito democrático fronte as presións de grupo dentro do BNG

➡ A. EIRÉ

O seu papel dentro do BNG está a centrar os debates do X Congreso da UPG, proceso que culminará os dias 28 e 29 de Outubro en Pontevedra. A UPG defínese como o "elemento estrutural e orgánico de equilíbrio e orientación do nacionalismo actual", rexeitando tensionar a convivéncia no BNG "por motivos ideolóxicos partidários ou de hexemonias internas".

Cal é o papel da UPG e dos seus militantes dentro do BNG? Esta é a principal cuestión que se está a discutir no periodo congresual da UPG que rematará a fins de Outubro. A UPG considera a unidade do nacionalismo como "arma fundamental de estratéxia política" e ao proxecto frentista como "estratéxico e vital para Galiza", apostando por contribuir á "orientación táctica necesária". Un proxecto, o do BNG, que sobarda o "contexto do actual réxime político".

Afirmando que o BNG "responde á expresión política do povo galego", os ponentes da UPG consideran que esta necesidade (a da existéncia do BNG tal é como é concebido) non se resolve só con avances eleitorais ou coa conquista das institucións públicas. Polo tanto, ainda conseguindo o governo autonómico, a UPG reafirmase en que o BNG como frente segue tendo plena vixéncia "para proseguir o proceso de concienciación e autoorganización da sociedade galega e para garantir decisións soberanas vitais para o futuro".

Asi as cousas, a UPG rexeita as desputas internas entre as distintas concepcións ideolóxicas intranacionalistas, poñendo como primordial a posibilidade e viabilidade da "defensa e recoñecimento político do futuro do país como tal e a defensa dos seus intereses". A UPG califica como "desleal pretender impoñer decisións a través de presións de intereses de grupo, e tomadas á marxe da persuasión e do respeito democrático". Ainda asi, considera "lexítimas" as aspiracións de calquer alternativa a conquistar unha primacia que se "fundamente na convicción coerente sobre os plantexamentos que defende".

O antes dito, non é contraditório para a UPG co "combate a actitudes que impliquen desviacionismo dos princípios nacionalistas, deslealdades ás reglas de xogo comunmente asumidas, menosprezo das formas democráticas, desouvindo o parecer das bases asembleárias" (ás que a UPG quer darlle máis importáncia efectiva e prática) ou "condicionamentos das decisións internas intrumentalizando mecanismos alleos á estrutura da fronte patriótica".

Bautista Álvarez, presidente da UPG.

Mobilizacións e organización

A UPG considera que a introducción social e a representación institucional que o nacionalismo galego ten acadado na actualidade está en relacción directa coa sua laboura de mobilización e na organización da sociedade, "con base na atinada diagnose da realidade galega". Tendo isto en conta, os ponentes da UPG afirman que "as parcelas de governo conquistadas deben servir para avanzarmos na concienciación, organización e mobilización social co fin de facer viábel os nosos obxetivos estratéxicos e programáticos".

Segundo as ponéncias da UPG, "as organizacións sociais actuantes teñen que ser os suportes dos nosos governos face ao acoso doutros poderes fácticos para garantir a defensa das conquistas acadadas ao tempo que limiten os posíbeis desenfoques na prática cotiá". A UPG aposta porque as organizacións do nacionalismo "funcionen coordenadamente, con pulcro respeito polo pluralismo e soberania das mesmas".

Critica a UPG "os comportamentos individualistas, insolidários e corporativistas" que se dan no seo das organizacións nacionalistas e tamén "nas relacións entre elas". Eivas que estarian xeradas pola actual situación de globalización, propoñéndose "combater este tipo de actuacións que levan á desideoloxización, á sectorialización e ao localismo nas análises". Afirma a UPG que, ás veces, chéganse a confudirse obxectivos tácticos con estratéxicos, "poñendo en perigo a concepción global do nacionalismo como un movimento social e político transformador da realidade". A UPG pretende, para superar estas eivas, "afianzar e estabilizar os actuais marcos de cooperación", que lle permitan determinar estratéxias comuns fronte ás cuestións básicas, funcionando coordenadamente.

A UPG e as institucións

Novidoso nos textos congresuais da UPG é a análise das institucións e o papel do nacionalismo nelas. A UPG afirma que, "mesmo desde o actual marco político, é posíbel actuar en benefício da maioria da sociedade". Asimesmo, considera que xestionar ben non é incompatíbel con criar conciéncia nacional, poñendo a proba da capacidade política nacionalista "en facer política concreta neste contexto político concreto".

A UPG defende que as institucións do país "serán a coluna vertebral sobre as que articular o poder político próprio que coesione a nación e a sociedade, asumindo ademáis a iniciativa pública que teñen na transformación social". Considera tamén que o Parlamento galego "deberia ser a expresión institucional da soberania nacional galega". Adapta, deste xeito, os textos congresuais á prática política actual, situando o Governo autonómico como principal obxectivo.♦

'Falarei con Fraga cando el dialogue no Parlamento', di Beiras

Entrevistarse con Fraga fóra do Parlamento, cando el ten "comportamentos despectivos e antidemocráticos coa Camara", seria, para Xosé Manuel Beiras "unha deslealdade ao Parlamento, aos votantes do BNG, ao conxunto do eleitorado e mesmo a todos os cidadáns demócratas". Esta é a resposta do portavoz do BNG ante as declaracións de Manuel Fraga en *La Voz de Galicia* do Mércores 13 nas que sinalaba que era Beiras quen non queria entrevistarse coa "peste Fraga". O portavoz nacionalista sinala que só falará con Manuel Fraga fora do Parlamento cando el aceite dialogar dentro, e incide en que ambos políticos teñen éticas diferentes, que "non está disposto a arrombar, sexa cal for o custe político que esta atitude poida depararme" por unha conversa co presidente da Xunta.♦

Divisións nas asembleas prévias do PSOE ao Congreso

En Lugo a lista de delegados para o Congreso do PSOE galego que levou máis votos foi a que encabezaba Xosé López Orozco. O veterano militante Manuel Varela liderara a alternativa, que conseguiu sete votos contra dezasete. O secretário de organización do PSOE, Xosé Blanco, votou por López Orozco. No caso de Vigo, á lista oficial que encabeza Carlos Príncipe saíulle competéncia cunha alternativa que propon o relevo do actual secretário e que inclue ex concelleiros como Xúlio Cabrera, Maribel Ayuso e Carmen Avendaño.♦

Fraga xa ten o voto de Ramilo

O presidente da Confederación de Empresários António Ramilo manifestou, como xa non é a primeira vez, o seu apoio á candidatura de Manuel Fraga á Xunta. Díxollo ao mesmo presidente o Xoves 7 cando se entrevistaban de maneira oficial en San Caetano. O secretário do PP Xesus Palmou argumentou que o apoio se fixera "a título persoal", pero tanto BNG como PSOE lembraron que se trataba dunha entrevista oficial.♦

A oposición de Oleiros une os seus votos

Os votos do PP, PSOE e BNG serviron para sacar adiante en Oleiros o proxecto de aparcadoiro en Santa Cristiba, ao que se opuña o governo da alcaldesa Ester Pita. O enfrentamento da oposición, que suma doce concelleiros frente aos nove de *Alternativa dos Viciños*, céntrase no ex alcalde Anxel Garcia Seoane. A resposta do presidente da *Alternativa* foi solicitar unha entrevista co secretário xeral do PSOE, Emilio Pérez Touriño.♦

Apresentadas alegacións contra os encoros do Lérez

Os viciños, asociacións e concellos de Campo Lameiro, Cotobade e Cerdedo, asi como, Adega, *Asociación pola Defensa da Ria de Pontevedra*, a recén criada *Coordenadora pola Defensa dos Rios* e o BNG de Cerdedo coincidiron o Luns 11 de Setembro na Delegación da COTOPV de Pontevedra para apresentar alegacións contra a construción de seis presas no Lérez. Nos escritos alégase a caducidade da concesión que reclama Fenosa e que ven de 1953, en contra da utilidade pública e enuméranse os máis importantes impactos que se derivarán da destrución dos máis de 12 km que ten o treito de rio afectado. Por outra parte, a consellaria de Política Territorial sinala estar redactando un decreto para regular as concesións de minicentrais nos rios e implantar un canon de utilización.♦

O lume cébase en Ourense mentres a Xunta non asume o fracaso da política

Os últimos dias do verán a província de Ourense foi vítima dunha vaga de incéndios que obrigou á Xunta a desprazar a case todos os seus efectivos da loita contra incéndios para tratar de apagalos. O aparello contra lumes quedou desbordado, sobretodo polos incéndios na Límia e nos arredores da cidade de Ourense, que estivo cercada polas lapas. Ainda asi, a Consellaria de Meio Ambiente teima en dicer que a culpa é dos incendiários e non quer recoñecer que non ten métodos preventivos que eviten a proliferación do lume. O conselleiro Carlos el Álamo gañouse a crítica por parte de todo tipo de organización e unha petición unánime de demisión.♦



OPINIÓN

A PROPÓSITO DA SOLICITUDE DE INDULTO PARA AS PRESAS E PRESOS INDEPENDENTISTAS

ELVIRA SOUTO PRESEDO

Com a apresentaçom na Delegaçom do Governo Espanhol na Galiza o passado 17 de Julho de umha solicitude de indulto para os militantes independentistas que desde há quase doze anos permanecem em prisom, solicitude assinada por persoas de ámbitos sociais diversos e diferente adscriçom ideológica, inicia-se umha nova etapa no processo para a consecuçom da sua posta em liberdade.

Nom está, logicamente, na intençom dos assinantes do escrito ajuizar da pertinência ou impertinência das acçons que estas persoas realizarom no seu dia em defesa dos seus ideais políticos. Nom se trata disso. Trata-se apenas de procurar pôr fim a umha situaçom que dura já demasiado tempo e nada justifica continuar prolongando porquanto, como se afirma no escrito deixaron de se produzir feitos de violência política como os que determinaron a imposiçom das condenas que cumprem estes militantes. Condenas, diga-se também, cuja extrema dureza só pode ser explicada pola pressom de factores externos que no seu momento incidiron mui negativamente no desenvolvimento dos procesos judiciais e estariam na base de algumhas das suas mais evidentes irregularidades.

Seja como for, o certo é que som já muitos os anos que passarom e som muitas as persoas que se perguntam, que nos perguntamos, por que razom nom se tem encontrado ainda, se é que se buscou, umha saída adequada a esta infeliz situaçom. Cada vez resulta mais dificil entender que após quase doze anos estas persoas permaneçam em prisom cumprindo duríssimas condenas sem que lhes seja aplicado nengum tipo de benefício penitenciário enquanto vemos como som postos em liberdade, depois de passarem apenas uns meses no cárcere, indivíduos que forom condenados por gravíssimos delitos cometidos ao amparo dos cargos que ocupavam nas instituiçons do Estado. E isso apesar de nalguns casos estes indivíduos terem ainda várias causas pendentes com a Justiça por outros delitos de similar, quando nom maior, gravidade.

Embora nom queramos discutir aqui os motivos que determinarom a insolitamente rápida posta em liberdade dos condenados José Barrionuevo, Rafael Vera, Julián Sancristóbal, Ricardo García Damborenea e quatro ex-policias, cremos que nom está demais recordar as razons que alegarom em apoio da sua decisom os magistrados do Supremo que no seu dia defenderom o indulto. Isto é: o feito de os condenados nom terem, segundo eles, cometido os delitos polos que forom condenados "com fins egoístas", as "particulares circunstáncias que os motivarom", a suposiçom (dos magistrados) de que, "por se ter descoberto a sua organizaçom (a dos condenados), (estes) nom ham reincidir em comportamentos semelhantes", o "longo período de tempo decorrido" (desde que se cometerom os delitos) e o convencimento (dos magistrados) de a necessária "advertência à sociedade" ter ficado perfeitamente "satisfeita com a sentença e o seu cumprimento parcial".

Nom é também a nossa intençom opinar sobre o fundamento dos motivos alegados por estes magistrados. Alá eles com a sua consciência. Mas nom podemos deixar de chamar a atençom para a mui óbvia aplicabilidade de todos estes argumentos a favor de umha resoluçom favorável da solicitude de indulto que o 17 de Julho apresentamos na Corunha com a esperança de nom tardar em ver livres estas mulheres e homens independentistas que levam tantos anos em prisom.

É mais, a acreditarmos nas palavras, tantas vezes repetidas, quando interrogados sobre estes temas de persoas como Mayor Oreja (Ministro de Interior) ou Esperanza Aguirre (Presidenta do Senado), destacados militantes ambos do Partido Popular e responsáveis importantes dos outros dous poderes do Estado, estes argumentos nom só som perfeitamente aplicáveis ao caso das presas e presos galegos, senom que coincidem em todo com a ideia que o partido do governo tem da forma como se ham de resolver estes problemas.

Seria injusto, mui injusto, que se figesse pagar a estes militantes galegos o preço de conflitos que se dirimem noutros lugares. como seria injusto que fossem submetidos a um "castigo exemplar", fazendo recair sobre eles todo o rigor de umha interpretaçom parcialmente restritiva da lei, com o único objectivo de "advertir (escarmentar e amedrentar) à sociedade". Claro que seria ainda mais injusto, e nom faltam razons para pensar que essa poda ser a verdadeira razom, que tanta dureza se justificasse apenas porque alguém tem necessidade de satisfazer um mesquinho afám de desforra persoal. Como em tantas outras cousas, também nesta a sociedade galega há de decidir se evita a injustiça ou olha para outro lado. Nós temos a última palavra. ♦

OUTRA VOLTA COA TRANSEXUALIDADE

LAURA BUGALLO

O pasado Venres deu-se o debate, escaso en tempo de duración, da Proposición Non de Lei sobre a Transexualidade apresentada, hai xa máis dun ano, polo BNG. A moi boa exposición de Chema Ferreiro, na que puxo de manifesto non só a normativa legal da Unión Europea que urxe aos estados-membro a lexislar sobre os direitos da Transexualidade ("Libre desenvolvimento da personalidade"), senón tamén os casos lexislativos na Unión Europea, no Brasil ou Uruguai, ou caso do Servizo Andaluz de Saúde, a proposición apresentada nas Illes Balears e –coma esta– rexeitada polo PP, ou os pasos dados no Senado.

Asi mesmo, o BNG retratou, con especial sensibilidade e certeza, o perfil das demandas das persoas trans na Galiza, onde a porcentaxe de atención no SERGAS antes da cirurxia é do 2%, ficando o 98% fora do Sistema Público de Saúde. Indicou cales serian as/os profisionais que deberian estar e deixou ben claro a necesidade de criar unha Equipa Multiprofisional, o que noutros lares son os Centros de Identidade de Xénero, tal é o que se está a criar na CAM. De nada bastou. Nen a mención de entrevistarmo-nos co Coléxio de Psicólogos/as de Galiza, nen das xuntanzas con outras entidades fixeron fenda no PP. A vontade era a que cabia agardar. Mesmo cando se falou das contias dos gastos dos procesos de transexualización, tampouco fixo mención algunha, total podemos estar a falar de entre dous e catro millóns por ano no SERGAS.

Pola sua banda, o PSdeG-PSOE apoiou a Proposición, e amosou sensibilidade e vontade de lexislar diante dun valeiro legal no que nos afincan cada vez que demandamos/esiximos a atención necesária no SERGAS. Mágoa que cando tiveron responsabilidade de governo lexislaran aquela Lei, coñecida como a de Ángeles Amador, onde nos deixaron fora do Sistema Público de Saúde. Desde o Colectivo TransGaliza agradecemos os cámbios mais recoñecemos o que puido ser e non se atreveron a lexislar.

Esquerda de Galiza, sen palabras, non compareceu.

Mais con todo non agardabamos ter esa sensación de incontinéncia verbal como cando falou o representante do PP, o Dr. Justo José González Ballesta. Ardiamos de ganas de comentar ás claras a ignorância que deixaba ver, a prepoténcia coa que di o PP que sabe e o moito que ignora con atrevimento, presunta insoléncia e alevosia.

O primeiro argumento que deitou o PP na Comisión 5ª do Parlemento foi que a Proposición Non de Lei é extemporánea, que chega tarde. Mádia leva! Será por que o PP non admitiu o seu debate con atenrioridade ou por que xa o que nela se precisa como demanda xa está atendido? O segundo dos termos do PP foi que o tema da Transexualidade está-se a debater na Comisión Interterritorial de Sanidade, a instáncia do Senado. Isto xa llo dixera o compañeiro Chema Ferreiro, pero o BNG apontaba que nós temos competéncia e polo tanto cómpre que a asumamos. Non, o PP non vai lexislar por que non pode mellorar a calidade de vida dunha minoria da povoación galega, por que criaria unha desigualdade coa española. Hai que ter garnalas! Subsidariedade competencial cando a competéncia é plena. Ver para crer! O terceiro ponto foi tal que "Segundo os dados estatísticos do SERGAS non hai demanda nengunha por transexualidade". Aqui si, aqui ardiamos como castañas no magosto. Tan só queriamos traer a colación as respostas do profisionais que están no SERGAS, os argumentos intragábeis que nos aportan. Primeiro, "non teño información", en fin... Segundo, "iso non entra nas Prestacións Sanitárias" (non é certo, non entra explicitamente a cirurxia de reasignación de sexo, só nos casos de intersexualidade cromosómica. O demais é vontade de face-lo). O mesmo, permitide-mo, expór o meu caso persoal cando solicitei esa atención que tardou, para non desesperar!, dous anos e médio. Xuraron e perxuraron que me chamaran, mais nen no telefone nen no correio tiven información, e eu xa acudira á Clínica Isadora. Enteirei-me, de casualidade, cando acompañando a unha rapaza trans ao mesmo Servizo de Endocrinoloxia comentaron-mo. Pois a esta amiga que é da Mariña Luguesa daban-lle ese tratamento aqui en Compostela, tendo ela o Hospital da Costa. Que cartos habia ela de precisar para vir mínimo unha vez á semana até aqui!, polo que solicitamos ese tratamento chamado "compasivo" ali e ainda nada responderon... ♦

LAURA BUGALLO pertence ao *Colectivo Transgaliza*
transgaleg@lettera.net / laurabugallo@mixmail.com

TEMPOS NOVOS
NÚMERO 40
SETEMBRO 2000

monográfico de 25 páxinas
EMIGRANTES ÁS PORTAS DO PAÍS
Galicia debuxa un mapa humano de ida e volta. Unha análise sobre as distintas vagas da emigración. A permanencia nos países de acollida ou o regreso. A integración e o investimento dos aforros. A actitude da Xunta, preocupada pola recadación mentres mostra unha imaxe folclorista. O presidente do Padroado da Cultura Galega en Montevideo, Nelson Regueiro, fálanos nunha entrevista sobre solidariedade e precariedade nas institucións galegas alén mar.

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE
40
TEMPOS NOVOS

Subscricións: Apdo. 905- Santiago. Teléfono e telefax (981) 55 71 17. e-mail: tempos@jet.es

informe:
O HOLOCAUSTO E FRAGA
Indagacións sobre o prólogo do presidente da Xunta a un libro que pretende redimir a culpa asasina da conquista española de América.Un exemplo de historiografía revisionista en paralelo coas teses negacionistas do holocausto xudeo, ideas que sementan a conciencia dunha política de ultradereita.

ademais:
- Regreso ás decisións xudiciais que motivaron a inhabilitación do vicepresidente da Xunta de Galicia hai dez anos, o político Xosé Luís Barreiro Rivas
- Percorrido pola Bolivia de Banzer, na encrucillada entre a coca e un país en protesta
- XAVIER FRÍAS, ou o galego en Asturias. As bases para unha lexislación lingüística
- Xente que se fai ver. Cegos á procura dunha producción cultural

PARLAMENTO

A proposta dos nacionalistas foi explicada por Pilar Garcia Negro, que sinalou que as comparecéncias pedidas pola oposición son vetadas. A. PANARO

O BNG protesta con cartaces nun pleno no que o PP rexeita criar a policia autonómica

A oposición pede que o Parlamento deixe de estar de vacacións

A. ESTÉVEZ

As rutinas non cambian e a do Parlamento só se veu levemente alterada polo início do curso político. Os deputados do BNG expresaron a traves de cartaces a sua protesta pola falta de debates "´serios" na Cámara no pleno do Martes 12 de Setembro, que se veu interrumpido. O PSOE anúncia unha iniciativa para revitalizar un Parlamento "que a Fraga lle sobra". Novidoso neste primeiro pleno tras o verán –no que o PP rexeitou a criación da policia autonómica– foi o capítulo protagonizado polo mesmo presidente da Xunta que, rachando co seu siléncio habitual, negouse a condear ás ditaduras chilena e arxentina.

Pilar Garcia Negro, portavoz do grupo nacionalista na auséncia de Xosé Manuel Beiras, ergueuse do seu escaño cando o presidente do Parlamento anunciou a comparecéncia do conselleiro de Xustiza Antonio Pillado. "Queremos expresar a nosa protesta porque temas tan importantes como a remodelación do Governo no mereceron comparecéncia", sinalou a deputada. Pillado comparecia a petición própria para explicar os cámbios producidos no seu departamento. Cando o conselleiro se dispuña a intervir, os deputados do BNG ergueron cadanseu pequeno cartaz no que se lia: "O PP e a Xunta negan as comparecéncias en temas tan importantes como o sector lácteo, os horários comerciais e o acordo de Marrocos".

Xosé Maria Garcia Leira suspendeu a sesión durante dez minutos e na sua reanudación os deputados nacionalistas accederon a baixar os cartaces dos seus escaños. "Non se trata dunha excentricidade nen coido que os cartaces provoquen cefaleas ou tratamento oftalmolóxico. Trátase dunha mínima liberdade de expresión que non infrinxiu o regulamento da Cámara. O grupo *popular*, coa sua maioria, si que se salta as normas continuamente", rematou a deputada Garcia Negro.

Nos corredores, Ismael Rego, portavoz dos socialistas, amosábase precoupado polo camiño que está levando a vida parlamentária. "Non estamos de acordo con este tipo de protesta xa que lle fai o xogo aos que, como Fraga, coidan que o Parlamento sobra. A culpa de todo a ten un presidente da Xunta que non se somete ao control parlamentar", dicia ao tempo que anunciaba unha iniciativa na que buscará consenso para darlle sentido e revitalizar o Parlamento.

Non á policia

Na sesión plenaria falouse tamén da policia autonómica, nun debate no que oposición e PP amosaron as suas diferéncias. Málla que o conselleiro Pillado, unha vez chegado ao cargo, sinalou que ia dar prioridade ao estudio dun modelo de policia autonomica, recentemente sinalou que até que Madrid dera a orde, a Xunta non se vai mover. Quedou claro no debate parlamentar no que Alberte Xullo Rodriguez Feixxo, do BNG, solicitaba o desenvolvimento do Estatuto de Autonomia neste aspecto. "A pergunta é simples: vaise asumir esta competéncia? Semella que agora xa non é prioritário e o que non se pode é enganar a xente dicindo que temos un nivel competencial alto", sinalou o deputado.

A proposta contou co apoio do Grupo Mixto e do PSOE, cuxo deputado, Xosé Luis Méndez Romeu, sinalou que se estaban a gastar moitos caros na Académia Galega de Seguridade "con moi poucos obxectivos". Os socialistas coidan que a iniciativa do BNG podia abrir un debate sobre un modelo global de seguridade para Galiza. Sen embargo, o PP, através do deputado Carlos Rodríguez de Pablos, comezou a facer un relatório dos impedimentos para formar unha policia própria. "Formamos parte da UE en compromisos policiais e non podemos permitir que o Estado teña dezasete policias diferentes. Temos a facultade pero non a obriga de ter policia", concluiu. "Tamén podemos autodisolver o parlamento porque non estamos obrigados a vir", replicou Rodríguez Feixoo.♦

As ditaduras fan falar a Fraga

Ninguén esperaba oir a Manuel Fraga nesta sesión parlamentária post vacacional, pero foi o tema da ditadura arxentina o que lle fixo pegar un chimpo e tomar a palabra desde o seu escaño. E en tres ocasións. Miguel Cortizo, do PSOE, pedia que o Parlamento condeara as atrocidades cometidas en Arxentina e Chile, que afectaron tamén a galegos, e que se estabeleceran medidas para que os familiares de desaparecidos puideran obter información desde Galiza.

"Nunca defendin os intereses dos chamados asasinos contra as vítimas, senon que defendin os intereses de Galiza e España", respostou Manuel Fraga. Na tribuna, Cortizo seguido de Anxo Guerreiro e Xesus Vega, do Grupo Mixto e BNG respeitivamente, espetoulle ao titular da Xunta que semellaba estar máis do lado dos asasinos que das vítimas. Fraga alporizouse tras a intervención de Vega, que lle demandou que pedira perdon polo seu papel na ditadura franquista. "Só pido perdon ante Deus e o meu confesor", replicou o presidente que sinalou que remover o 36 era perxudicial e que "algunhas veces faise precisa unha amnistia".♦

O voluntariado xa ten lei

Sometiase a votación o Martes o proxecto de lei do voluntariado na Galiza, que tal como expuxo o PP, serviria para regular e mellorar a relación entre as organizacións solidárias e os voluntários. O BNG rexeitou o proxecto porque o intervencionismo da Administración puña de manifesto a auséncia de profisionais da acción social. "Calquera clube deportivo ou Casino poderá ter voluntários cunha lei tan ambigua", sinalou Rodríguez Feixoo. Antonia Álvarez, do PSOE, grupo que se abstivo, declarou que a lei nacia polo "problema dos prestacionistas". Sen embargo para o deputado *popular* Manuel Ruiz Rivas a lei beneficiará aos voluntários e reprendia ao BNG "que hai uns anos apoiaba a existéncia dunha lei do Deporte, apesar de que é unha actividade individual e voluntária".♦

O espazo aéreo e o *independentismo*

"Esta é unha proposición feita a medida dun partido político". Asi respostou o popular Xan Manuel Casares a Francisco Trigo, que pedia as competéncias galegas non só sobre aeroportos senon tamén sobre navegación aérea. Para Casares a proposta está baseada máis no "ideário independentista" do BNG que no dun usuario que quer coller un voo. "Non transporte non hai máis bandeira que a da competéncia e a efeitividade", dixo Casares. Abel Caballero, do PSOE, desacreditou da moción do BNG como tecnicamente imposíbel ainda que apoiou a transferéncia dos aeroportos e pediu unha postura firme ao PP contra a privatización.♦

Redución das comparecéncias polo caso Benposta

As pretensións de PSOE e BNG na comisión de investigación do caso Benposta fican algo reducidas tras o anúncio de Xaime Pita de propoñer só vinte comparecéncias frente as mais de cincuenta da oposición. "O que fixemos foi agrupar. Se vai declarar Cuiña non ten sentido que o faga o delegado", explica Pita. Asimesmo a lista do PP inclue aos implicados da Fundación Van Leer, da Fundación Fe y Alegria, a coordenadora de "Preescolar na Casa", ao Padre Silva, a Xosé Luis Baltar e ao alcalde ourensán Manuel Cabezas. Rexeitan os *populares* as comparecéncias dos fiscais implicados, tal como pedian os grupos da oposición.♦

Unha organización semellante rachara
porque os bateeiros do Norte optaban pola negociación bilateral

A maioria dos mexiloeiros pactan centralizar a venda ás conserveiras

A rotura da central de venda de mexilón CEMEGA e os movimentos para a reconstruir un organismo semellante hai que entendelos como unha restruturación nun sector no que os intereses non son os mesmos. Se dunha banda están a maioria dos produtores que tratan de vender centralizadamente, tanto fresco como a fábrica, da outra está outro grupo minoritário cuxa produción está máis diversificada e que prefire negociacións bilaterais entre as agrupacións de produtores e as conserveiras, ainda que aceita a centralización das vendas cando se trata de mexilón fresco.

Na Galiza hai 3.300 bateas. Na foto, operários extraendo mexilón. A.N.T.

O sector mexiloeiro é moi complexo porque os mercados son moi cambiantes e a sua estrutura en xeral non está moi consolidada. Contodo, a necesidade de unión é palpábel, pero isto é asumido desde dous pontos de vista distintos. Todos os produtores optan máis ou menos pola centralización, pero sobretodo aqueles bateeiros que producen para vender a maior parte do seu mexilón ás conserveiras. Este grupo é maioritário e produce con distinta cualidade segundo o ano, o que fai que as suas vendas mermen nos meses de Xullo, Agosto e Setembro, cando a sua cualidade é menor. Isto motiva que prefira unha centralización absoluta que lle permita vender todo o ano, incluido o verán, porque é o organismo de venda o que impón ás conserveiras a sua produción. De todos xeitos, no cómputo anual as vendas duns e doutros son iguais e a diferéncia entre os dous grupos é que uns queren a negociación bilateral coas fábricas e outros a comercialización centralizada para manter o valor do seu produto tamén no verán.

As conserveiras, naturalmente, prefiren unha negociación bilateral que evite ter que adquirir mexilón dunha cualidade que non lles interesa. Frente a esta situación só un pequeno grupo de produtores están en condcións de respostar e reúnense na chamada Federación Norte. Na actualidade, un grupo aproximado de 500 bateas están agrupadas en torno esta Federación, na que se integran sobretodo bateas do Norte da ria de Arousa, ainda que tamén hai doutras zonas.

Na Galiza hai unhas 3.300 bateas. Delas, 2.344 forman parte do sector partidário da centralización total e neste grupo é maioritária a Organización de Produtores de Mexilón de Galiza, OPMEGA, que ten 1.724 bateas en todas as rias e en 17 delegacións distintas. Neste grupo de 2.344 bateas é minoritária a Confederación do Sul, coas 520 bateas restantes. Na Federación Norte hai 500 bateas e sen organizar están unhas 600 bateas, que negócian unilateralmente a venda tanto de mexilón fresco como para venda ás fábricas.

A estrutura das vendas da Federación Norte é de 60% de mexilón para as fábricas e o 40% restante para o mercado de fresco. Pero esta estrutura no conxunto da central de vendas CEMEGA, agora desaparecida, era de 70% para conserva e 30% para fresco. Inicialmente, CEMEGA só se constituira como central de vendas de fresco,

O panorama é, pois, de enfrentamento entre dous sectores que até hai ben pouco estaban unidos entorno á Confederación de Organizacións Mexiloeiras de Galiza, CEMEGA, pero as diféréncias entre os obxectivos da organización motivaron recentemente a sua rotura. A Federación Norte acusou a CEMEGA de enceitar unha venda centralizada de mexilón para fábrica que non era un obxectivo inicial da Confederación e os restantes membros, é dicer, OPMEGA e a Confederación do Sul, emitiron veladas acusacións de obstruccionismo contra a Federación do Norte por impedir tomar decisións no sentido de centralizar as vendas ás fábricas.

Hoxe a Federación do Norte vai continuar sen vender centralizadamente e OPMEGA e a Confederación do Sul están a pactar a constitución dunha nova central de vendas que agrupará a 2.344 bateas. O nome desta organización está ainda por decidir.

Historicamente houbo vários modelos de organización do sistema de mercado do mexilón que funcionaron satisfactoriamente pero que co tempo tiveron que restruturarse, dai xurdiu unha imaxe de perpétua crise. Xa no 72 SOMEGA asumira esta función, pero acabou rachando e dando lugar á Federación Mexiloeira, que optou pola mesma via a princípios dos 80. Unha nova crise desfixo esta Federación e en 1985 naceu OPEMAR con este mesmo obxectivo. CEMEGA foi a última tentativa de agrupar a este sector.♦

Dia 23
10,30h Saída do bus desde Compostela (Praza Roxa)
- Pontevedra ás 11,10 (diante do Concello)
- Vigo ás 11,30 (Edificio Vista Alegre)
12,15h Montar o acampamento e visita do Castelo
13,30h Saída do ferri para Vila Nova de Cerveira.
14,00h Xantar.
15,00h Roteiro guiado histórico-panorámico na Serra de Gávea.
20,00h Charla-colóquio (no Centro Golanés)
História e futuro das relacións entre a Galiza e Portugal
- Francisco Rodríguez (Parlamentário do BNG)
- Viale Moutinho (Escritor)
- Manuel Mera (presidente da CIG)
- Elías Torres (profesor de Filoloxía)
22,00h Cea
22,30h Concerto
Rio (tradicional, Galiza-Portugal)
Tino Baz (Cantautor, Galiza)
Sensacha (Rock, Galiza)
Ruxe Ruxe (Rock, Galiza)
Acceso Denegado (Rock, Galiza)
Dementia (Hard Rock, Portugal)
Grupo Tambores da Festa (Percusión, Portugal)
Dia 24
12,00h Visita á Guarda (Monte Tegra e Castro)
14,00h Xantar e festa popular (no castelo)
17,00h Levantamento do acampamento
17,30h Saída do bus de volta
- Goian pertence ao Concello de Tomiño na bisbarra galega do Baixo Miño.
- O bus desde Compostela e a acampada son gratuítos.
- Haberá uns bonos á venda a 1500 pts ou 1800 escudos que inclúen todas as comidas (bocadillo no primeiro xantar, peixe espada asado a cea e churrasco no xantar do domingo),o ferri e o roteiro guiado
e que se poden mercar por adiantado ou no Festival. Recomenda-se reservá-lo antes.
- Haberá barra con comida e bebida á venda, posto de licores tradicionais, xogos malabares...
- Para apontar-se ou pedir máis información chamar ao Local Nacional de Galiza Nova ao 981 553526, ou ao telefone da organización do Festival 636 468405. Tamén podes enviar-nos unha mesaxe ao e-mail gznova@hotmail.com
www.geocities.com/portugaliza

I Festival de Amizade
Galiza-Portugal

Colaboran:
A Nosa Terra
BNG-Baixo Miño
Cámara Municipal de Vilanova
Clube Celtas do Minho
CIG
Pazo Valdomiño
Organiza:
GALIZA NOVA

Poeta no costado esquerdo

Juan Sasturain celebra no diário **PÁGINA 12** a concesión do *Premio Rulfo* a Gelman. "De memória, un cita como debe ser, a golpes comovidos da emoción da sua aleve poesia: *se tivese que decidir/ eu escolleria esta esperanza/ que come pans desesperados*. E se eu tivese que escoller, mentaria de primeiras *Gotán*. Gelman entrou na nosa demorada adolescéncia con este libro do 62 *Da Rosa Blindada*, con capa de Gorrierena, pequeno e poderoso: *Esa muller parecia a palavra nunca/ subia a sua añuca un encanto particular/ un aquel de esquecemento no que gardar os ollos/ esa muller metida no meu costado esquerdo*. Qué bárbaro. Non se parecia a nada do (pouco) que léramos. Gelman metia osos, outono, choiva, e as unllas do terribel Vallejo coa urxéncia dos tempos (*Marchou outro mes/ e ainda non fixemos a revolución*), e esa sintaxe conversada que seria noutros signo e andácio dos 60. E a ironia: a cita fodona contra a solenidade imbécil, o pincho mortal contra a morte, sempre aí. Que cacho de poeta e que libro aquel, que non era o primeiro, pero coma tal. Porque *Gotán* pegou a gadoupada e mancouno demais coa pegada do cantovales. O mesmo Gelman deixou a queixa nun poema que lle ciscaba un agoiro con miramento: *Eu nunca escrebin libros*. Certo que non, Gelman escrebeu poesia, que non é o mesmo. Os libros son cousas que se publican. Por iso pasou unha década sen publicar. Acumulou esa cólera de boi que reventou nos 70 con tanto dentro, cos anacos amorosos de que se fai a sua poesia deica hoxe".♦

Pacífica Suíza

LA VANGUARDIA entrevista a Jean Ziegler autor do dialogo *A fame explicada ao meu fillo*: "Por que hai fame no mundo?". "Porque estamos nun sistema que mata cada dia 100.000 persoas de necesidade". "Xa habia fame no mundo antes do capitalismo". "Daquela non tiña solución e agora si, coa superabundáncia de alimentos. É a ONU quen o di: a agricultura mundial permitiria alimentar a 12.000 millóns de persoas". "Cal é a explicación?" "Coñece a Bolsa de matéria primas agrícolas de Chicago? Cinco banqueiros das transnacionais do gran (*André Lausanne, Continental Grain, Dreyfus Compagnie, Cargill*), deciden os prezos mundiais". "Non é o que teñen que facer?". "É criminal que os prezos respondan á busca do máximo benefício económico e causen a morte de 36 millóns de persoas en todo o mundo. Só por non poderen pagar eses prezos". "O seu país, Suiza, que é tan rico, non fai nada?". "Deixar que os ditadores agachen ali as suas fortunas enormes. A matéria prima de Suiza é o diñeiro extranxeiro que non pode refuxiarse noutros bancos". "Non lle parece un modelo o seu pacífico país?". "A neutralidade suiza é só unha farsa. Libra de todo control un sistema bancário fundado en alianza secreta con Hitler". "Como?" "No ano 1943, Hitler precisaba comprar materiais pero ninguén compraba o seu ouro roubado por toda Europa, agás os bancos suizos que lle deron diñeiro convertíbel. Mercé a eses banqueiros, Hitler puido continuar a guerra dous anos máis".♦

O negócio das cadeas

"Estados Unidos coida que é máis barato meter na cadea á mocidade que educala e darlle un emprego co que levar unha vida digna", declarou a **GRANMMA** Mónica Morehead, dirixente do partido norteamericano Mundo Obreiro. "A construción de cadeas é un negócio lucrativo nos Estados Unidos que produce anualmente 1.100 millóns en mercadorias co emprego de man de obra barata que pagan a 50 pesetas a hora. Compañias de Wall Street, entre elas *American Express* e as telefónicas, están metidas neste negócio no que o Governo norteamericano inviste máis que nas universidades. Respostando a unha interpelación verbo dos condeados a morte, un embaixador norteamericano na ONU dixo que se non mataban os presos, as cadeas estarian sempre cheas. Por iso queren silenciar a Mumia Abu Jamal, xornalista e militante negro do movimento negro de Filadélfia, que leva 18 anos no corredor da morte, acusado inxustamente da morte dun policia branco e que coa sua denúncia constitúe o rostro da loita contra a violéncia policial nos Estados Unidos".♦



Mumia Abu Jamal.

IVÁN

Maria Xosé Cabaleiro, profesora de economia na Universidade de Vigo

'As cooperativas son a mellor alternativa para o rural galego'

IVÁN GARCIA RIOBÓ

SEGUNDO Mª XOSÉ CABALEIRO UN DOS PRINCIPAIS PROBLEMAS DO NOSO PAÍS É O DESPOVOAMENTO DO RURAL. PARA FREAR ISTO FAISE NECESÁRIO ACADAR UN DESENVOLVIMENTO DO RURAL QUE FAGA QUE A XENTE NON SE VAIA PARA AS CIDADES. PARA ELA, A MELLOR MANEIRA DE LOGRALO A MEIO DA IMPLANTACIÓN DE COOPERATIVAS ORGANIZADAS NUN SISTEMA DE REDE. POR ISTO, ESTA PROFESORA DE DIRECCIÓN FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE DE VIGO ACABA DE APRESENTAR A SUA TESE DOUTORAL SOBRE O COOPERATIVISMO EN GALIZA E A SUA APLICACIÓN PARA FACER POSÍBEL O DESENVOLVIMENTO.

Cales son as liñas mestras da sua tese doutoral?

A idea da tese era estudar as sociedades cooperativas e as posibilidades que suxiren para o desenvolvimento rural. Trata de estudar a situación de ruralidade de Galiza, e por iso hai un capitulo enteiro adicado a analizar o nivel de ruralidade de todos os municípios e comarcas, e despois as posibilidades que teñen as sociedades cooperativas para que o desenvolvimento se produza.

Unha cooperativa é unha unión de sócios, de forma totalmente independente, por vontade própria e para realizar unha actividade para a que están capacitados. Utilizando o sitema de xestión democrática, unha persoa ten un voto e non importa a achega de capital que realice. As sociedades cooperativas teñen un princípio que se chama de "Intercooperación" que é polo que eu formulo a tese. este princípio estase utilizando pouco, as empresas deben medrar máis. Para isto, eu recomendo as redes de empresas porque desa forma, mediante acordos de cooperación entre elas, pode medrar o seu tamaño empresarial pero sen perder vantaxes de ser unha pequena-mediana empresa, xa que é o modelo máis democrático. A chave é lograr que a povoación teña os bens necesários para acadar o benestar e non teña que desprazarse ás zonas urbanas. A idea é que vexan que hai futuro. Este é o modelo que eu propoño para desenvolver as zonas rurais de Galiza.

En que situación se atopa o cooperativismo do noso país?

Está bastante ben ainda que lle queda moito camiño por percorrer. Penso que de todas as clases de cooperativas que existen, as que mellor están funcionando son as agrárias; de todas as formas non creo que no rural se deba implantar só estas cooperativas, debe haber de todos os tipos, debe primar a diversificación de actividades. É necesário establecer calquera tipo de actividade necesária para que a xente quede nas zonas rurais, xa que é este o principal problema que temos nestes momentos. As cooperativas agrárias están funcionando bastante ben hoxendia, teñen relacións entre elas, crecen através de relacións de concentración empresarial.

O problema é que non se coñece a importáncia que ten o cooperativismo en Galiza. Estáselle dando moita importáncia ás cooperativas agrárias porque son as que mellor funcionan, pero hai tamén moitísimas de traballo asociado. Aqui hai moitas cooperativas, unhas funcionan mellor ca outras, pero están aí e poderian sair adiante cun pouco máis de consideración.

En que modelo se basea o cooperativismo galego?

O cooperativismo galego, igual que o do Estado español, segue o modelo *Raiffeisen* alemán. Despois de nacer en Inglaterra o cooperativismo de consumo expandiuse a outros países europeus. A partir deste, en Alemaña desenvolveuse o cooperativismo agrário e desde ali pasou ao resto dos países.

Como era o modelo *Raiffeisen* alemán?

Era un modelo moi básico. Habia zonas rurais onde os agricultores pasaban moitas penalidades, nen sequer podian conseguir as materias primas, sementes, trigo... Entón, Raiffeisen fixo posíbel que se uniran para que todo o que tiñan que consumir, como era en maior cantidade, o conseguiran a menor précio. Esta é a base de todas as cooperativas. Despois, o que se pretendia é que estas cooperativas non fosen só de consumo; entón criáronse dentro das aldeas unha espécie de caixas, que deron lugar ás caixas rurais actuais, que lles subministrasen aos sócios os fundos necesários para adquirir produtos que eles non podian mercar. Desta forma, cos fondos que os mesmos sócios achegan, crian unhas caixas rurais que son as que lles conceden financiamento através do cal poden adquirir o que necesitan.

De que forma evolucionou o cooperativismo en Galiza?

O cooperativismo actual concibe a cooperativa como unha empresa, non coma antes, que era unha entidade sen ánimo de lucro. Antes, a base non era a eficiéncia empresarial, a eficiéncia na xestión. Agora as sociedades cooperativas son coma calquera outra empresa, o que buscan é que sexa rendíbel e que se poida manter no mercado co resto das empresas. Ou son capaces de ser competitivas ou desaparecen. No fundo, o obxectivo último destas sociedades é satisfacer as necesidades dos sócios. Se a cooperativa é rendíbel, consegue satisfacer as necesidades dos sócios non só agora, senón tamén con perspectivas de futuro.

Existe apoio das Administracións ás sociedades cooperativas?

Hai bastante relación entre as Administracións e as cooperativas. Sobretodo, cando son cooperativas que teñen unha organización de carácter federativo. Estas federacións son os seus representantes para dialogar coas Administracións. Sen estas entidades de carácter federativo, sociedades cooperativas de dous ou tres sócios, por exemplo, non serian capaces de conseguir que a Administración coñecese os seus problemas ou as actividades que realizan. O apoio pode ser desde financiación, estudos que necesitan...

Moitas veces se di que as sociedades cooperativas son as nenas bonitas de Facenda polo feito de que están subvencionadas en moitos aspectos. Isto non é asi. As cooperativas que realmente funcionan ben, aplicando o sistema cooperativo e un modelo de empresa cunha xestión eficiente, cunhas estratéxias boas, nen solicitan as subvencións nen as necesitan. Poden competir no mercado da mesma forma que as demais empresas. Deste xeito, se o seu modelo empresarial é bon, se ten perspectivas de futuro e os sócios cren no proxecto que están a facer, non son necesárias as subvencións.

Existe algún tipo de control politico sobre as cooperativas?

Non debe habelo. Un dos sete princípios cooperativos é "Autonomia e independéncia". Non debe existir nengún tipo de control politico por parte das Administracións, senón, dependendo do partido politico que se atope no poder, implantaránselle uns condicionantes ou outros. Unha empresa debe ter uns planos de futuro, unha forma de operar por si mesma, nunca deben ser impostos. O que si están, en teoria, é máis apoiadas polo Governo, xa que a própria Constitución, nun dos seus artigos di que o Estado debe potenciar as cooperativas como forma de empresa.

Por que considera a cooperativa como o modelo ideal de empresa?

O principal é a democrácia entre os sócios. A democrácia leva incorporada unha série de caracteristicas adicionais que van facer que as cooperativas funcionen mellor nas zonas rurais. Unha delas é porque hai maior implicación coa povoación, os sócios son da mesma zona, coñécense, teñen obxectivos similares... Unir todo iso nunha sociedade é moito máis doado ca que eles actuen coma empresários individuais. Outra vantaxe que teñen é que aplican o último principio cooperativo, "Interese pola comunidade", isto é que deben realizar a sua actividade tendo en conta o médio ambiente.♦



Produtos de todo tipo poden sair á venda através da internet.

Esta cifra representa o 6% do total do Estado español

O comércio electrónico moverá este ano en Galiza uns 2.000 millóns de pesetas

IVÁN GARCIA RIOBÓ

Segundo un estudo que acaba de realizar a Asociación Española de Comércio Electrónico (AECE), este concepto moverá este ano no Estado español uns 30.000 millóns de pesetas. Un 6% desta cifra, uns 2.000 millóns, corresponderán a Galiza, segundo estimacións do Instituto Nacional de Estadística (INE). O aumento das compras através da red e aumentou considerabelmente nos últimos anos en todo o Estado. Asi, no ano 1999, este negócio moveu 11.951 millóns de pesetas, case o triple que en 1998.

Os dados publicados no terceiro estudo sobre comércio electrónico realizado pola AECE poñen de manifesto que o Estado español é o país da Unión Europea no que máis crecerán os negócios através de internet. Segundo o estudo, o aumento é considerábel xa que se pasarán dos 30.000 millóns previstos para este ano aos 868.000 estimados para o ano 2005. Isto supón un incremento anual dun 133%, aproximadamente.

Segundo o INE, ao noso país correspóndelle un 6% da cifra estimada pola AECE, o que supón uns 2.000 millóns de pesetas. En canto ás empresas que utilizan o comercio electrónico, Catalunya e Valéncia son as que contan con máis empresas cun 19% e 18%, respectivamente, sobre o total do Estado español. Galiza ocupa o sexto lugar, cunha cifra que equivale ao 6% do total.

O INE asegura que durante o segundo trimestre do ano deuse un moderado crecimento no número de empresas que utilizan o comercio electrónico no sector minorista no Estado español (máis de médio millón de pequenas e medianas empresas). A cifra pasou do 3,97% en Marzo ao 4,66% en Xuño.

Música e libros

Segundo o estudo, os produtos máis comprados através da internet son, en primeiro lugar, libros e despois a música. Tamén destacan as demandas de viaxes ou de espectáculos. En canto ás razóns que levan á xente a utilizar internet para realizar as suas compras, destaca a comodidade como razón principal. Despois, a posibilidade de contrastar distintas ofertas ao mesmo tempo e a rapidez con que se poden levar a cabo as compras.

> Os produtos máis comprados através da internet son, en primeiro lugar, os libros e despois a música.

Ainda que as vendas pola internet incrementáronse nos últimos anos, segundo a AECE, até o pasado mes de Maio só un 34,2% das empresas do Estado español tiña preséncia na Rede. Ademais, tan só un 33,5% empregaba a internet para vender os seus produtos. De todos os xeitos, o principal obxectivo que perseguen as empresas con preséncia na internet é a de facer publicidade. Por detrás atópase o de dar información acerca de servizos, captar clientes, mellorar a atención a este e vender.

Outros dos dados que mostra o estudo é que o sistema de pagamento máis utilizado pola xente que utiliza a Rede para mercar é a tarxeta de crédito. Destaca tamén o pago contra reembolso e a transferéncia bancária. En canto á satisfación pola compra, para o 71,4% dos compradores o produto satisface sempre as suas expectativas. ♦

Internet na Galiza, un mercado sen explotar

Ainda que estas cifras son alentadoras, moita xente relacionada con este sector considera que o mercado galego ainda está moi verde e pouco explotado. Isto pode traer como consecuéncia a ocupación dun espazo que deberia ser explotado por empesas galegas, por parte de compañias extranxeiras. Por exemplo, destacan a precariedade dos bancos e caixas galegas en canto á sua preséncia na Rede.

Outras das queixas máis comúns é o feito de que a Xunta subvencione a empresas sen realizar uns controis máis serios. Deste forma poderíase estar subvencionando a empresas "pantasma", isto é, que se crian coa finalidade de obter esas subvencións. Ademais, a Xunta poderia estar favorecendo a competéncia desleal ao subvencionar soamente a algunhas empresas e deixando a outras sen axudas. ♦

Pedrafita

MANUEL CAO

O espectáculo escandaloso das obras na Autovia do Noroeste ao seu paso polas montañas luguesas representa un bon exemplo do que non se deberia facer cos cartos públicos. Neste caso, corresponde ao Governo Central a responsabilidade por tal dislate dado que a A-6 é unha via de comunicación que corresponde á Rede de Interese Xeral do Estado (RIXE). En xustiza, non cabe culpar ao governo da Xunta polo deseño de tales infraestruturas e velaí o programa eleitoral do PP de 1989, co que M. Fraga gañou as suas primeiras eleicións, para demostrar como as alternativas ali propostas nada tiñan que ver coas que a Administración Central –daquela ocupada por un governo do PSOE– acabaria aprobando. Con independéncia da cor política dos governos de Moncloa é observábel unha insisténcia histórica na Administración española a adoptar modelos e métodos de decisión en infraestruturas básicas que consideran relevantes, case exclusivamente, os factores políticos sobre os económicos. Tales elementos políticos podemos resumilos no predomínio dunha elite dirixente mesetária e centralizadora insensíbel aos cámbios económicos, sociais e demográficos dos últimos anos, na componente autoritária e inercial da Administración española e na auséncia de mecanismos de control de resultados á hora de realizar esta ou aquela infraestrutura. A decisión sobre as infraestruturas entraria a formar parte das razóns de Estado que haberá que manter contra vento e marea sendo fundamental na decisión o elemento ou factor político relacionado con este ou aquel grupo de intereses que no caso que se trate impuxo as suas prioridades específicas.

No caso das Autovias Galegas cara a Meseta dificilmente se puido facer un deseño tan equivocado, custoso, con maior impacto ambiental e con menores rendementos en términos de velocidade, impactos dos cámbios meteorolóxicos e consumo de enerxia. Fíxense que se colleron duas das montañas máis altas –só faltou que se meteran pola Pena Trevinca– para facer as duas entradas a Galiza. O despilfarro de recursos materializado no patético paisaxe que se observa ao ver pontes enormes e algun que outro túnel que quedará inutilizado e fora de uso nas mesmas áreas de Pedrafita e Padornelo é ilustrativo da escasez de luces en matéria organizativa que aqueixa á Administración española. Cómpre dicer que o deseño das Autovias galegas non é tanto a excepción senón máis ben a norma no modelo de toma de decisións en matéria de infraestruturas. A centralización no modelo radial madrileño e a pouca consideración para coas áreas máis desenvolvidas e menos españolistas está sempre presente en calqueira das decisións sobre deseño de institucións e contrución de obra pública. Un exemplo xa definitivo é a centralización da política de Portos en Madrid e a resisténcia numantina e estúpida en ceder competéncias aos próprios portos. Casos flagrantes desta política –por certo, unha das políticas máis intervencionistas que poidan existir– son a priorización dos cintos madrileños, a resisténcia a descentralizar a xestión do espacio aéreo e marítimo, a orde de construción das liñas de Alta Velocidade e asimiladas, etc.

Xosé Cuiña visitando as obras da Autovia Galega.

> 'Dificilmente se puido facer un deseño tan equivocado da Autovia Galega"

O modelo decisional no deseño das infraestruturas manténse ou trasladouse, en parte, ás Administracións Locais e Autonómica de Galiza máis compre recoñecer que os deseños autonómicos son, actualmente, moito máis axeitados que os locais sendo perceptíbel aqui a diferéncia entre unha institución *ex novo* como a Xunta de Galiza e a continuidade histórica, institucional e en meios humanos e materiais que representan as Administracións locais e, sobre todo, as provinciais. ♦

O 28 de Outubro o sector lácteo sae á rua

O gasoil, unha protesta engadida á mobilización dos gadeiros

A. ESTÉVEZ

Existe "preocupación" polo encarecemento do gasoil entre os gadeiros, xa que agrava ainda máis a delicada situación económica do sector lácteo. Asi tamén o recolle o Sindicato Labrego, cuxos responsábeis decidiron convocar unha mobilización para o vindeiro 28 de Outubro en Compostela. Defender a produción leiteira galega é o lema desta manifestación.

As reivindicacións principais voltan ser as dos últimos anos: un prezo digno para o leite e a inclusión das 550.000 toneladas de cuota extra a efeitos de liquidar esta campaña. Dos 5.195 millóns de pesetas de multa asignados ao Estado, o 40%, 2.100 millóns, corresponden á Galiza. Estos son os dados que os membros do Sindicato Labrego expoñen á consellaria para rebatir a idea de que pechar explotacións remata coa supertaxa.

Unha vez rexeitada polo PP a posibilidade de debater sobre o sector no Parlamento e agora que tanto Governo central como autonómico amósanse firmes á hora de que os labregos asuman a supertaxa, o SLG convoca a mobilización do 28 de Outubro. Peden tamén que se constitua a Interprofesional Galega do sector, coa participación de todas as organizacións "sen exclusións".

Coa suba dos prezos do combustíbel como constante no que vai de ano, o agro galego tamén manifesta a sua inquedanza. No pasado mes de Xullo o SLG pedia ao ministro de Agricultura que o custe do gasoil fora abaratado para as pequenas e medianas explotacións, "realmente ameazadas pola política agrária actual e as que menos axudas receben".

No Parlamento de Compostela tamén se debate que debe ou non facer a Xunta en canto a suba desmesurada do gasóleo. Na sesión do 12 de Setembro a deputada do PSOE Dolores Villarino apresentou unha proposición non de lei na que pedia a intervención do Governo de Fraga. Nesa dirección van as interpelacións dos nacionalistas, cuxo deputado Xesus Vega insta á Xunta a xestionar "medidas compensadoras" para as empresas agrárias, pesqueiras e de transporte.

Non se baixan impostos

Os ministros da UE deixaron dito a última fin de semana que non van reducir os impostos sobre hidrocarburos. A OPEP, pola sua parte, anunciou un incremento da produción diária duns 800.000 barris –cada un contén 159 litros– que, na realidade, non supoñen tal aumento. Xa estaba acordado na OPEP subir a produción en medio millón de barris ao dia no momento no que o prezo superara as vinteoito dolares o barril. A causa disto prevese un descenso moi lento do prezo actual do barril, máis de trinta dolares –chegou a 34– até os vinte que apontan como "razoábel" na UE.

Por outra parte, ao ministro de Economia, Rodrigo Rato, non lle parece moito que a recadación fiscal aumentara 100.000 millóns de pesetas neste ano pola suba dos hidrocarburos. Só o IVA, segundo Rato, altera as contas neste 2000. De calquer xeito, os cen mil millóns dos que fala Rato manteríanse se o prezo médio do barril fose de 26 dolares durante todo o ano. Pero no que vai de ano 2000 o Governo central xa recadou uns 70 mil millóns de pesetas nos impostos de hidrocarburos. O ministro de Economia tamén botou man do argumento defensa meioambiental sinalando que o a redución dos impostos, que peden os grupos da oposición, fomentaria o consumo.

As medidas adoitadas na Franza, como reducir o tipo do IVA, só repercutiron na baixa de 1,3 pesetas do litro de gasóleo; na Grécia, a redución dos impostos especiais baixou o prezo do litro en tres pesetas e en Itália nos últimos meses baixou o mesmo que na Franza pola diferentes rebaixas nos impostos desde Xaneiro.♦

A suba do gasoil afecta ás pequenas e medianas explotacións, sobre as que xa pesa unha supertaxa de 2.100 millons de pesetas. Na foto, os proprietários dunha explotación en Silleda. A.N.T.

Rodrigo Rato, ministro de Economia. A.N.T.

Litro de gasóleo 145 pesetas, salário mínimo, 175.000

Hai un ano encher o depósito custaba 1.000 pesetas menos que agora. En Marzo de 1999, os pescadores pagaban o litro de combustíbel a 19 pesetas, agoran pagan polo mesmo gasóleo 52. No caso, dos camioneiros, a eles cústalles 117 pesetas. Os gasolineiros de Tui e Salvaterra, que gañan 7,4 pesetas por cada litro que venden ven como os seus posíbeis clientes prefiren cruzar a *raia* e aforrar unhas sete pesetas litro no gasóleo portugués. "Menos mal que a gasolina custa o mesmo", din.

A media do prezo europeu do gasóleo é de 155 pesetas por litro. No Estado español pasa das 119 pesetas e na Franza custa case 151. Tamén é certo que no Reino Unido págase case a 219 o litro. Se ben as diferéncias nas cantidades tampouco son poucas noutros parámetros económicos por moito que o Governo Aznar insista en que "temos o gasóleo máis barato de Europa": quen cobre o salário mínimo na Galiza ingresa mensualmente 70.680 pesetas; na Franza ao troco non se paga menos de 170.000 mensais e, no Reino Unido, ainda que os mínimos se estabelecen nos diferentes convénios colectivos, a hora nun traballo non cualificado non se pode pagar menos de 972 pesetas, ou o mesmo, 38.880 á semana. En Bélxica, onde o gasóleo custa case 145 pesetas por litro, xa saen á estrada en caravana para protestar e o seu salário mínimo é de 175.000 pesetas.♦

Confederación Intersindical Galega CIG
Visita as nosas páxinas Web
Información sindical actualizada diariamente: documentos, artigos...
www.galizacig.com
A emigración galega, os inmigrantes: Biografias, documentación...
www.cigmigracion.com

Camilo Nogueira conquire a proibición do desvio de investimentos da UE

Unha emenda na Comisión de Política Rexional do Parlamento europeu introducida polo eurodeputado do BNG Camilo Nogueira obrigará aos estados a respeitar o princípio de adicionalidade nos investimentos dos Fundos Estruturais e do Fundo de Coesión realizados nas rexións pouco desenvolvidas. Con isto se evita que estados como o español empreguen estes fundos para reducir os investimentos próprios que son complementários aos investimentos europeus. Esa prática prexudicaba á Galiza porque os cartos procedentes de Europa moitas veces non tiñan complemento estatal, polo que o seu rendimento era menor porque con eles pagaban o total dos os investimentos.♦

A liberalización dos horários comerciais non chegará até 2005

O decreto liberalizador do governo español sobre os horários comerciais só entrará en vigor a partir do 1 de Xaneiro de 2005, tal e como lle foi confirmado no Congreso ao deputado nacionalista Francisco Rodríguez, que fixera unha pergunta por escrito sobre este asunto. Ainda que aquel decreto perfilaba medidas de ampliación da libre competéncia con carácter de urxéncia, o Executivo recoñece que no tema dos comércios, esta medida só chegará a poñerse en marcha de aqui a catro anos e médio. O BNG volveu manifestar o seu desacordo con este decreto por considerar que "atenta contra os direitos da maioria da povoación e entrega o sector ao capital transnacional".♦

Os nacionalistas reclaman que o Estado estabeleza prezos máximos dos carburantes

A proposta realizouna o portavoz do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez, quen cre que o governo debe ter presente os intereses da maioria e non dos grandes oligopólios. Rodríguez lembrou que un dos factores do encarecimento dos combustíbeis é a queda do euro frente ao dólar, o que pon en evidéncia "un fracaso dun determinado tipo de política económica", que ademais se caracteriza pola "renúncia do Estado a intervir poitivamente na marcha da economia".♦

Os indicadores falan de síntomas prévios á recesión

A economia cámbia de signo e o PP só reacciona coa monserga neoliberal

RAMÓN MACEIRAS

O cámbio do ciclo económico pilla ao governo de Aznar e ao ministro Rato sen respostas nen políticas para abordar o clima pre recesivo que se albisca no Estado español. Os indicadores falan claro: ralentización do índice de produción industrial, ralentización do ritmo de criación de emprego, incremento espectacular do déficit comercial, retracción do mercado turístico en pleno mes de Xullo, estancamento nas matriculación de coches, baixa no consumo de cemento e inflación fóra de control.

A baixa do consumo de cemento é síntoma de crise económica. A.N.T.

A prensa económica madrileña está alarmada. Os periódicos distos dias empezan a falar xa da inércia e da falla de respostas do governo central. Falan de que non dá a cara e comparan a situación actual con 1993 cando en tres trimestres destruiron-se centos de miles de postos de traballo. Na actualidade hai 3,5 millóns de contratos basura rotando entre o sub emprego e o desemprego que desaparecerán nada máis chegar o ciclo recesivo, o que demostrará o que din os sindicatos desde hai tempo: gran parte do emprego que se está criar é paro encuberto.

Os prezos do petróleo teñen pouco que ver con esta situación por moito que se empeñen desde os governos europeus en botarlle a culpa á OPEP. Ao descontrol inflacionário contribuen máis os prezos do butano, a hosteleria, os servizos, os alimentos e os impostos indirectos, que a suba do gasóleo e da gasolina, cousa que pode constatar calquera que vexa os índices do IPC.

A Rato estáselle a desfacer nas mans o grande *bluff* que montou a ponta de manexo mediático e a história pon en evidéncia o que xa estaba claro desde hai ano e medio: en matéria económica o PP non ten ideas próprias, todo se reduce á monserga neoliberal que dia tras dia recita en foros internacionais.

Os "éxitos" económicos da primeira lexislatura de Aznar baséaronse en decisións de política internacional sobre as que o governo español tivo pouco ou nada que ver. Hai coincidéncia entre os analistas en relación a que o motor do crecimento económico dos últimos anos no Estado español foi a sustancial baixa dos tipos de xuro. Os tipos chegaron a descender até a metade de como estaban en 1995, o que fixo que os cidadáns viran reducida a carga do seu endebedamento ao tempo que o Estado viu tamén ampliada a sua marxe de manobra para dispoñer dos seus ingresos. Pero a baixa dos tipos de xuro distou moito de ser una decisión de política económica do equipo de Rato. A baixa dos prezos das matérias primas –especialmente o petróleo– en escala planetária rebaixou as tensións inflacionistas en todo o mundo durante os últimos catro anos e facilitou o camiño para que primeiro Estados Unidos e despois Europa rebaixasen substancialmente os tipos.

Todo iso veu acompañado no caso español por unha forte entrada de capitais estranxeiros durante o primeiro governo de Aznar. Entrada de capitais que coincide –e non por casualidade– coa crise asiática e latinoamericana dos anos 1996, 1997 e 1998. Non habia mellor lugar para colocar os cartos e as rendabilidades terceiromundistas que daban as bolsas españolas nesos anos encheulle o ollo aos especuladores internacionais (capital anduriña). Ademais, Aznar e Rato liquidaban o sector público a moi "bó" prezo e os investidores entraron en manda na economia española.

As privatizacións das empresas públicas puxeron nas maus do governo catro billóns de pesetas, unha boa parte dos cales viñán do estranxeiro. Esa entrada de diñeiro dinamizou sensíbelmente a economia. A este obxectivo serviu tamén a baixa dos tipos, que aliviou a carga das famílias, das empresas e do Estado. O personal volcouse a consumir e a demanda interna mantívose alta durante estes últimos catro anos.

En realidade todo foi unha ficción. As empresas, as famílias e o Estado non disfrutaron de máis ingresos, senón que se viron beneficiadas dunha forte baixa nos seus gastos fixos, o que permiteu que unha parte da renda liberada se adicase ao consumo, o que beneficiou ao Estado pola via dos impostos indirectos.

Emprego precário

En canto ao emprego xerado polo incremento da actividade económica, xa sabemos o que é: precário e fraudulento, xa que ten un alto compoñente de economia mergullada que saiu á frote mercé ás subvencións ao capital. É un emprego temporal no 34%, cando na Europa comunitária chega apenas ao 9%. O caso é que ese emprego temporal e precário contribui a consolidar a economia familiar na etapa que analisamos e dinamizou o consumo.

En resumo trátase dun grande *bluff* que se está a descobrir. O ritmo de criación de emprego xa entrou en fase de moderación, a inflación xa está fóra de control no Estado español, o desequilíbrio comercial aumenta, rematou a etapa de baixos tipos de xuro, mentres que os problemas da economia mundial aumentan rapidamente.

A borbulla especulativa é un risco adicional que gravita sobre a economia española. En xeral, podemos falar dun cámbio de ciclo producido polo esgotamento das formas de acumulación prévias. Asi como a bonanza non dependeu das políticas de Aznar, a etapa decadente tampouco dependerá del.

O máis grave é que a crise que vén poñerá a proba os mecanismo da Unión Europea. Aznar, elo débil da cadea, non poderá poñer en xogo os mecanismos clásicos dos ciclos baixos. A perténcia ao Euro impédelle devaluar a peseta, tampouco pode subir os tipos de xuro pola sua conta. Esas competéncias tenas o Banco Central Europeu. As políticas centrais europeas non teñen por que favorecer ao Estado español que se encontra nunha fase do ciclo distinta á das economias ponta de Europa. ♦

RAMÓN MACEIRAS

EEUU enche a reserva estratéxica

As cifras reais mostran que hai equilíbrio entre oferta e demanda no mercado petroleiro internacional. Só a presión política dos Estados Unidos sobre os países árabes está forzando a suba da produción da OPEP. Nas revistas especializadas en petróleo editadas nos países da OPEP pódese ler nestos días que os barriles de petróleo adicionais que serán lanzados ao mercado a partir de Outubro non irán ao consumo imediato, senón aos inventários. Desde hai várias semanas, esos inventários están a ser alimentados con até catro millóns de barriles diários, segundo informa a revista *Barriles*, dirixida polo experto petroleiro iraquiano Mazar Al Shereidah. É a reserva estratéxica dos paises da OCDE, criada despois da crise de 1973. A OPEP fai ben en liquidar un activo non renovábel como é o petróleo ao mellor prezo posíbel. Na presidéncia da OPEP está agora o ministro venezolano Alí Rodríguez, un grande coñecedor dos intríngulis do mercado petroleiro e un político de grande dimensión que volve á liña inicial da OPEP de defender os prezos do petróleo e a utilización deste como arma política de negociación cos países ricos. A guerra mediática está aberta. Pero a OPEP xa gañou unha parte importante da mesma como desmostran as mobilizacións en Europa pedindo unha baixa da fiscalidade dos carburantes. A opinión pública internacional ten cada vez máis claro que a fiscalidade aplicada polos distintos governos e as plusvalias das empresas refinadoras e distribuidoras de carburantes lévanse a parte do león na construción do prezo final dos carburantes. O alto consumo de carburantes está forrando as arcas das facendas europeas e levando a níveis record os gaños das empresas petroleiras. ♦

> 'A OPEP fai ben en liqueidar un activo non renovábel como é o petróleo ao mellor prezo posíbel"

Privatización da ONU

Entre o balbordo armado polo inútil Cúmio do Milénio pasou por debaixo da mesa un proxecto de Kofi Annan (*Nescofi*, segundo as malas línguas) que abre o financiamento da ONU ás grandes empresas multinacionais. Xa se apontaron *Bayer, BP Amoco, Basf, British Telecom, Nike, Unilever,* etc. Estas empresas financiarán a ONU de Annan a cámbio dunha operación de imaxe que lles permitirá lavarse a cara en relación aos abusos contra o médio ambiente e violación da regulamentación da OIT sobre a contratación de nenos e outras violacións do réxime de contratación laboral. O secretário xeral da ONU pretende asi resolver o problema do financiamento da ONU a costa de privatizar unha organización que a cada serve para menos no marco actual. ♦

A moda galega da sobreexplotación

A explotación máis burda e brutal está na base do "boom" da moda galega. Inditex, o xigante do sector, Adolfo Domínguez, Verino, etc, reportan cifras millonárias de ganáncias a conta de chucharlle o sangue a centos de mulleres que traballan e malviven en condicións de precariedade, sen seguridade social, con ingresos miserábeis e eventualidade rampante. A maiores, estas empresas receben millonárias subvencións da Xunta para montar pasarelas en París ou asistir a feiras da moda por todo o mundo. ♦

Agresión contra os gais na fin de semana en Compostela

Despois dunha tempada de relativa calma, nas noites do Sábado 9 e do Domingo 10 de Decembro voltaron repetirse agresións en Compostela contra mozos gais. Segundo ven de denunciar o colectivo Gai de Compostela, que realizaba o Martes 12 unha asemblea de urxéncia, un grupo de entre tres e cinco rapaces que se achegaron ao Campus sul en motos e con cadeas, agrediron física e verbalmenté a vários gais que se atopaban nesta zona. Os agredidos non denunciaron, algo habitual segundo reseñan no colectivo ainda que os membros queren evitar o silenciamento dos feitos. "Estes novos sucesos demostran que o problema da violéncia homofóbica segue existindo en todas as grandes cidades galegas, incluída Compostela, mália ser este ano capital cultural", din.

Este problema "que afecta a todos" ven sido denunciado nos últimos anos tantos polo colectivo compostelán como por "Milhomes" da Coruña. "Queremos animar a solidariedade entre todos aqueles gais que frecuentan os parques do Campus sul pola noite e seguen sofrendo agresións polo simple feito de seren homosexuais e relacionarense nun espazo público", sinalan.

O Campus sul foi en diferentes ocasión escenário das agresións ao ser un lugar no que habitualmente se atopan os gais pola noite. No caso da Coruña son os xardins de Méndez Nuñez o ponto de reunión e, polo tanto, o lugar buscado polos agresores. As agresións non só son malleiras e insultos senón que, como aconteceu na Coruña o pasado ano, os agresores, normalmente moi novos, utilizan as navallas. Este caso motivara unha manifestación convocada polo colectivo "Milhomes".

O colectivo Gai de Compostela insiste na sua disposición a colaborar coa policia e coas diferentes administracións para rematar coa violéncia homofóbica. Coidan que hai que conscienciar aos meios de comunicación, aos pais e nais e aos educadores "xa que a maior parte das veces os agresores no parque son adolescentes menores de idade". ♦

Patarroyo anúncia a nova versión do anti-palúdico coas normas da OMS

A vacina colombiana contra a malária acada unha eficácia superior ao 50%

O biólogo Manuel Elkin Patarroyo e a sua equipa, na que figura o investigador guardés Óscar Noia, esperan ter en breve o recoñecemento da Organización Mundial da Saúde das Nacións Unidas para a revolucionária vacina contra a malária desenvolvida en Colómbia e entregada sen interese para combater a doenza que causa anualmente dous millóns e meio de mortos en todo o mundo.

O anti-palúdico colombiano consiste nunha síntese química perfeitamente inócua do parásito da malária que actúa, igual que as vacinas de orixe patóxena, pola via de advertir ao sistema inmunolóxico da composición do axente transmisor. Nas probas realizadas polo exército norteamericano en Thailándia en setembro de 1996, os resultados foran nulos. Manuel Patarroyo apresentou probas da eficácia de aplicacións do preparado SPf66 en todo o mundo entre un 31% e un 55%. Históricamente a investigación sobre vacinas nos Estados Unidos foi de património militar e procede do laboratório Walter Reed do exército, que considera os anti-palúdicos un arma estratéxica. A pouco de declarar sén efecto o medicamento de Patarroyo, o Walter Reed anunciou unha nova vacina contra a malária ultimada en colaboración coa transnacional da farmácia *Smith-Kleine Beecham* consistente nunha cloroquina de nova xeración, con efectos potenciados polo *verapamil*, un medicamento extremadamente tóxico contra a tensión alta.

En probas sucesivas, o medicamento norteamericano produciu un elevado número de efeitos secundários perniciosos. Despois de revelar que proseguia a investigación da vacina sobre distintas cepas da malária, Patarroyo definira a intervenión da Walter Reed como un episódio máis da *batalla pola distribución* que revelaba o poder enorme de quen pode ter na sua man a vida ou a enfermidade de millóns de persoas. Doutra parte denunciou que a indústria farmacéutica privada non concede prioridade ao desenvolvimento das vacinas co argumento de que non son rendíveis. Esta denúncia cobra todo o seu valor cando se trata de doenzas que afectan sobre todo aos paises pobres. A malária causa moitas máis mortes que o SIDA e constitue un andácio para o bosque húmido de América do Sul, con máis dun millón de infectados cada ano; África tropical con 98 millóns de casos anuais de paludismo, dos que máis do 5% son menores de 5 anos o Sul de Asia con 9 millóns de casos por ano.

Despois das probas coa primeira xeración da vacina e das críticas da Walter Reed, Patarroyo procurou unha versión mellorada da SPf66, de síntese química, pola via da modificación dos péptidos (elementos das proteinas naturais) do parásito que intervén na invasión dos glóbulos vermellos ou as celas do endotélio e o fígado. Cambiando os aminoácidos (elemento básicos das proteinas) destes péptidos de alta unión (que non varian segundo a cepa) pódese inducir unha resposta inmune. A teoria da equipa de Patarroyo é que estas secuéncias de péptidos non inducen defensas no seu estado natural pero si cando son modificados. ♦

XORNADAS DIVULGATIVAS

25 Anos de Meio Ambiente e Ecoloxismo na Galiza

22-23 de setembro de 2000 ■ Aula de Cultura de Caixa Galicia, Carreira do Conde Santiago de Compostela

PROGRAMA

Pensamento ambiental, educación e divulgación

♦ Medio físico, território e paisaxe ♦
♦ Contaminación industrial e resíduos ♦
♦ Conservación da natureza: hábitats, flora e fauna ♦
♦ Administración e Asociacións ecoloxistas ♦
♦ Meio ambiente e solidariedade entre os povos do planeta ♦

PONENTES:
Xosé Fraga, Manuel António Domínguez, Francisco Díaz Fierros, Plácido Lizancos, Ramón Varela, Pedro Costa Morata, Carlos Vales Diaz, Xosé Manuel Penas Patiño, Juan Casares Long Daniel López Vispo, Xosé Veiras, Xavier Simón.

CUOTAS DE INSCRIPCIÓN:
Sócios e sócias de ADEGA: 1500 pta. Xeral: 3000 pta.

INFORMACIÓN:
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA
Rua de Touro 21-1º. 15704-Santiago (GALIZA)
Tel. e Fax: 981-570099. E-mail: adega@ctv.es
http://www.ctv.es/USERS/adega

Organiza: ADEGA.
Subvenciona: Xunta de Galicia. Conselleria de Medio Ambiente.
Coa colaboración da Obra Social de Caixa Galicia.

A D E G A

A nai de Diego Piñeiro queixase da atención consular en Londres

O Luns 11 de Setembro a maxistrada encarregada do caso do asasinato de Diego Piñeiro, o neno galego acoitelado no centro de Londres, decidiu aprazar o xuízo para atender á petición dun novo exame a Edward Alexander Crowley. Este é o único acusado, que foi detido no mesmo lugar do suceso o pasado 7 de Maio. A nai Maria Ánxeles Villar reseñou que o acusado xa fora denunciado por seguir ao neno de 12 anos e queixóuse da desatención da representación consular española en Londres. Nese sentido, Carlos Aymerich, deputado nacionalista en Madrid, ven de interpelar ao Governo sobre a actuación do consulado neste caso. ♦

Campaña para o coñecimento sobre Alzheimer e outras deméncias

Conviver cunha persoa que padece de Alzheimer ou doutra deméncia non é doado. Proporcionar información a todas aquelas persoas que se enfrentan á enfermidade é o propósito da campaña que ven de apresentar a Federación de Asociacións Galegas de Enfermos de Alzheimer. As cinco asociacións do país enviarán información a todos os departamentos de servizos sociais dos concellos, centros de saude, consultórios, hospitais públicos e privados, farmácias, cregos e parróquias. "Información, formación, apoio psicolóxico e asesoramento legal son as ferramentas que oferecen asociacións para mellorar a convivéncia", din. O número de teléfono da Fagal, en Compostela, é o 981595738. ♦

O 'xenocídio' das multinacionais da alimentación na ONU

"Como a democracia é o peor sistema, pero é o único que temos". Con esas palabras definiu o sociólogo francés Jean Ziegler á ONU ao ser nomeado poñente no organismo internacional para redactar un documento titulado *Direito á alimentación*. Ziegler, profesor na Universidade da Sorbona, sinala que o feito de que a maior parte da povoación mundial non teña garantidas as 3.700 calorias diárias precisas débese ao "xenocídio silenciosos levando a cabo polas multinacionais e aceitado polos estados ultraliberais". O sociólogo espera que unha vez redactado o informe se forme unha Corte de Xustiza para os problemas mundiais de alimentación. ♦

DEPORTES

O Deportivo confia no bloque do ano pasado e o Celta renova o seu ataque

A solidez, marca de fábrica das equipas galegas nesta liga

CÉSAR LORENZO GIL

O início da liga 2000-2001 colocou o Celta e o Deportivo no grupo dos vencedores. Certamente, ainda é demasiado cedo para facer calquera análise veraz, pero xa queda claro cal vai ser o enfoque de Víctor Fernández e Javier Irureta para esta dura campaña oficial. A solidez e a eficiéncia van ser as ideas básicas para recabar o maior número de pontos.



Valeri Karpin nun partido da copa Intertoto, en Balaidos. A.N.T.

Só duas caras novas puxo Javier Irureta na equipa titular que o pasado Sábado, 9 de Setembro, venceu ao Athletic de Bilbo. Agás Diego Tristán, Émerson e Pandiani –que entrou ao cuarto de hora, logo da lesión de Djalminha–, o resto dos xogadores coñecen á perfección o sistema do seu adestrador e cumpriron o guión previsto á perfección.

O uruguaio Pandiani e o brasileiro Émerson non tardarán moito en asimilar o novo esquema. Asi o demostraron cunha excelente actuación que tivo o seu máximo exemplo na xogada do segundo gol. Curiosamente, ambos os dous estiveron nas quinielas dos descartes e o próprio Émerson era unha das grandes apostas para abandonar a equipa o próximo 15 de Setembro, cando se faga a inscrición final dos 25 xogadores do cadro. Xustamente, a confección da primeira convocatória de Irureta puxo en claro que homes como Jaime ou Schürrer poden ter os dias contados na Coruña.

Despois do primeiro asalto, o debuxo do Deportivo é praticamente igual ao do ano pasado. Como alicerces, a solidez defensiva e o reparto de traballos na recuperación e rápida distribución de balóns. Ponto e á parte supón o cámbio de dianteiro centro. Irureta vai botar de menos a Makaay. Tristán, ainda que conta con gran velocidade, encaixa a duras penas no papel de pistoleiro solitário que debe matar en cada intervención. O sevillano precisa moitas oportunidades para acertar. Ao non contar coa precisión do holandés, Irureta vai ter que recorrer moito máis á elaboración de xogadas, especialmente através de Fran e de Émerson, verdadeira sorpresa positiva destes primeiros minutos de competición.

Falta saber agora como vai reaccionar a equipa fora do berce cálido de Riazor. No ensaio da Supercopa, demostrouse que os coruñeses teñen moitos problemas por mor da sua auséncia de ambición ofensiva. Pode que, se a sorte non acompaña, os coruñeses sufran de mais para roubar pontos lonxe da casa.

Vintedous pés para o banco celeste

En Vigo as cousas tamén comezaron ben. O triunfo en Iruñea diante do Osasuna pode servir de pauta prévia para un cámbio de mentalidade na equipa céltica. Por primeira vez desde que Víctor Fernández adestra o Celta, houbo algo semellante á rotación de xogadores nesa primeira convocatória. O zaragozano deixou no banco a Mostovoi, verdadeiro motor, coa fin de iniciar unha nova xeira na que todos os membros do cadro contan con posibilidades de xogar como titulares. Esta nova proposta foi acertada. Certo que o Celta non brillou até que entraron –mediada a segunda parte– Éverton Giovanella e Alexander Mostovoi no terreo de xogo, mais demostrouse que hai opcións várias para cubrir as baixas das vacas sagradas do vestiário.

Despois de insistir durante todo o verán na necesidade de contar con dous homes por posto, Fernández non pode dar queixa dos investimentos do club, especialmente no que se adicou a parchear a zona de criación e remate. O brasileiro, recentemente nacionalizado español, Henrique Catanha, demostrou no seu primeiro gol oficial que pode ser decisivo para converter os partidos mediocres en vitórias galegas. Jesuli, que custou 1.000 millóns de pesetas, ainda que non está plenamente integrado, seguramente vai ser o comodin preferido polo técnico para suplir o cansazo da conexión rusa.

Por fin se decata Fernández de que o banco dunha equipa que quer ser grande ten que estar amparado por todos os pés posíbeis. O Celta tivo moitos problemas nas dúas últimas campañas por culpa do esgotamento físico e mental daqueles catorce homes que tiveron que disputar a maioria dos minutos das tres competicións, co engadido das convocatórias internacionais das seleccións. O adestrador mostrou unha desconfianza, incluso sospeitosa, cara a homes como Paulo Coira, que non chegou a xogar máis de dous partidos enteiros (260 minutos).

Outra das claves deste novo Celta está na procura da definición, da rendibilidade deportiva do seu xogo vistoso. Especialmente na tempada anterior, todos os analistas coincidiron en louvar a técnica futbolística da equipa celeste pero o número de goles conseguido acababa por convertela nunha escadra moitas veces temida pero inofensiva. A chegada de Catanha quere rachar esa imaxe. O ariete debe ser fatal para as defensas rivais. É curioso ver xogar ao nordestino. É un dos homes do Celta que máis faltas comete e a sua agresividade comeza moito antes de que os seus compañeiros inícien o ataque. Fai suar os seus marcadores e cando lle chega o balón, case sempre sabe o que vai facer. Ademais, o seu estilo ben pode ser aprendido polos seus novos pupilos (Couñago e McCarthy), que entre as suas eivas corrixíbeis contan coa indoléncia no disparo e o medo a incomodar aos contrários.♦

A velocista Marion Jones chega a Sydney como a máis buscada pola prensa.

O poder corporativo sobre os competidores alcanza o seu cénit

Sydney quere ser a Olimpiada das mulleres

Aqueles escritos que o Barón de Coubertain lle adicou á idea de recuperar os Xogos Olímpicos e convertelos nunha cita internacional parella e promovida desde as exposicións comerciais estaban preparados para os varóns exclusivamente, mellor se eran brancos e tiñan educación refinada. Logo de 104 anos e moitos fitos se teñen recollido nas pistas de competición. Moitos deles teñen que ver coas mulleres, que nesta cita en Sydney, Austrália, queren alcanzar todo o seu recoñecimento, grácias, curiosamente, ao poder omnímodo das grandes corporacións que apostan pola sua imaxe.

O 15 de Setembro comeza na cidade australiana o grande circo da competición que máis atencións consegue. Sydney é un trinque indispensábel para as grandes indústrias do mundo capitalista. Se cos Xogos de Los Angeles 1984 se iniciou o proceso de esponsorización da elite deportiva, coas deste ano, chegará ao seu cénit a idea das transnacionais de utilizaren o deporte para fins exclusivamente publicitários.

Detrás do esforzo dos atletas –os máis procurados polas cámaras– empresas téxtiles, de comestíbeis, de automóbeis ou de aparellos electrónicos, loitan por conseguir que os seus patrocinados alcancen o brillo dos titulares através dos grandes récords. Os deportistas cotízanse como produtos na bolsa. Canto maior visibilidade social e mediática teñan, máis diñeiro se moverá ao seu redor.

Por este motivo, a presión sobre o COI para que liberalizara certas regras sobre deporte afeizoado nos últimos doce anos. O futbol, o ténis, o ciclismo ou o baloncesto renunciaron ás exclusivas regras sobre os seus competidores e deron entrada aos millonários da NBA ou do circuíto da ATP, seguidos da miríada de marcas comerciais pegada á sua camisa.

Chama a atención que se sigan mantendo as equipas estatais. Nike ou Sony paga igualmente a estadounidenses que a suecos ou bielorrusos. Isto empata coa decisión do governo de Cuba de alertar sobre estes temas. Na dura decisión de vetar a participación de Niurka Montalvo en Sydney baixo bandeira española non existe nengunha má fe, simplemente reside a vontade, tal e como afirmou o responsábel de atletismo na illa, Alberto Juantorena, de recuperar o vencello entre os deportistas e o país ao que representan. "O sistema olímpico está criado para que se representen os povos do mundo e mentres isto siga sendo asi, os atletas dependen dos seus países".

Por outra banda, a entrada a saco das marcas comerciais beneficiou o deporte feminino. A imaxe das atletas cada vez vende mellor. No vencimento total do capitalismo, o poder adquisitivo das mulleres é cada dia maior e cómpre que as consumidoras teñan líderes sociais que as representen tamén no deporte. Ao tempo que as deportistas sufriron un proceso de "embelecemento" social, as probas nas que participan teñen maior preséncia nas televisións e nos xornais. Nomes como o de Marie Jo Perec, Marlene Ottey ou, agora mesmo, Marion Jones, compiten en audiéncia. Xustamente, a norteamericana Jones, co seu reto de traer cinco medallas, case consegue superar en popularidade no seu país a Michael Johnson, o indiscutíbel ídolo dos 400 metros lisos.♦

A contraprogramación e o futbol, estrelas doutra tempada

O efecto 'Gran Hermano' tingue o Outono televisivo

SÁNTI CARBALLIDO

O incuestionábel éxito en audiéncia e expectación espertado na pasada primavera polo polémico concurso de Telecinco "Gran Hermano" marcará as directrices de programación das principais canles privadas do Estado español na vindeira tempada de Outono que remata de comezar. Tanto Antena 3 como Telecinco optan na nova xeira por continuar coa seguridade dun masivo seguimento dos seus dous novos espácios, "El Bus" e "Supervivientes: Expedición Robinson". O formato destes diferirá substancialmente do anterior, nembargantes, a fórmula baseada no prémio millonário, a conta do esvaimento da privacidade, volverá a presidir a televisión-espectáculo no periodo que comenza.

No seu estreno "Supervivientes" non acadou os índices de audiéncia de "Gran Hermano".

Antena 3, canle especializada desde o seu comenzo na contraprogramación máis descarada, renova a sua grella no outono sen outra fin que seguir polos mesmos vieiros. A falta de ideas próprias ou de correr riscos con algun produto importado, na empresa televisiva ubicada en San Sebastián de los Reyes prefiren seguir deixando que sexa a competéncia quen se "molle" e eles apostar sobre seguro co talonário como fonte de inspiración. "El Bus" de Antena 3 constitue unha sorte de concurso-psicodrama de maiores similitudes ao histórico "Gran Hermano". Ademáis das edicións especiais de duas horas de duración de luns a venres, o programa veráse arroupado por tres resumes diários e unha restra de conexións noutros espácios, na percura da sua explotación e rendibilidade.

Telecinco, máis modesta nos seus médios, pero máis afoutada nas suas iniciativas, aposta na sua nova programación por outro concurso de aventuras, ainda que desta volta gravado nunha illa deshabitada de Panamá. "Supervivientes: Expedición Robinson" mestura concurso e *reality-show* xa que, por un prémio dotado en dez millóns de pesetas dezaséis concursantes dispoñen para a sua subsisténcia únicamente do que lles oferece a natureza salvaxe daquel enclave caribeño. Este programa leva catro anos liderando as audiéncias en Suécia, Dinamarca e Alemaña, estreándose con relativo éxito recentemente no Reino Unido.

Calidade versus Rendibilidade

Unha tempada máis unha das características sobranceiras da nova programación segue a ser a mímese de programas e formatos dunhas cadeas e outras. Se entre as privadas esta prática constitue emporsí un costume, certamente criticábel, pero asumíbel, o papel desenvolvido neste eido polas canles públicas no presente verán semella inaceitábel desde a sua própria eséncia de servizo público. As revistas de "chismes" e murmuracións proliferaron tanto nas canles privadas como naquelas financiadas con orzamentos públicos. Xa que logo, a crítica sobrevén polo seu próprio peso.

Como xa se apuntou anteriormente o esquema da contraprogramación repítese unha e outra vez en cáseque todas as franxas horárias. Onde máis agudos se fan estes síntomas é obviamente nas canles privadas, ainda que o resto das cadeas públicas, agás a Duas de TVE ou a Televisión de Galiza, grácias ao pulo das séries de ficción e documentais, faise máis doente esta situación.

Aí é onde os gurús da televisión do futuro acenden o debate entre a televisión pública, vencellada á calidade e ás pequenas audiéncias e os entes privados, que ás portas da xeralización do cabo e da televisión dixital, cobrarán maior protagonismo priorizando sen dubidar os seus anceios mercantilistas, no que o espectáculo vai da man da audiéncia e con ésta o obxectivo da rendibilidade. O exemplo de Telecinco, posicionada como a cadea máis rendíbel de Europa e coa mellor relación entre meta de mercado e meta de audiéncia, non é máis que unha mostra inequívoca.

As apostas das canles públicas

Como xa sinalabamos en números pasados (ver ANT nº 947) a TVG fai na nova tempada de outono unha aposta decidida polas séries de ficción de produción própria ou co-producida e mesmo documentais. O acordo con Canal Plus facilitou o acceso da canle autonómica galega a uns niveis de financiación e de calidade, que lle permitirán manter, alomenos durante os tres anos que terá de vixéncia o devandito convénio, certa marxe de manobra para encamiñar todas estas propostas. A cuestión dos informativos e da fasquia e contidos dos programas de espectáculos, certamente desfasados, son alguns dos pontos a mellorar pola nosa canle nacional. As emisións do centro territorial de TVE en Galiza non sufrirán modificacións na vindeira tempada.

A Duas de Televisión Española será este ano, máis ca nunca, o referente da televisión minoritária e de calidade. O trinta por cento dos seus contidos (porcentaxe que se incrementará a bó seguro nos vindeiros anos) adicaráse a espácios culturais e divulgativos, salientando séries de novo selo como *2.Mil*, *El árbol de la ciéncia* ou programas como *Enrédate*, concurso adicado aos segredos de Internet. Noutro ámbito porén, como é o do cinema, cómpre salientar que a dobraxe en dual seguiráse a facer en case todas as canles en castelán ou en catalán. O galego segue no anonimato.

E por suposto, futbol

Ao igual que nos últimos anos o futbol seguirá a ser o *rei* da programación e o condicionante principal da modificación puntual da mesma. Tanto o Campionato de Liga como as competicións europeas serán os eixos deportivos das canles públicas após os Xogos Olímpicos de Sydney. A TVG, coa preséncia do Deportivo na Liga de Campións e do Celta na Copa da UEFA, seguirá con especial atención a traxectória das nosas equipas nun novo programa específico que, sob o título de *Europa en xogo*, terá maior ou menor duración, en función da preséncia das escadras galegas. O resto das canles continuarán cos seus formatos deportivos habituais.♦

AS VIAXES LITERÁRIAS

A CRISE DO MUNDO RURAL GALEGO

XULIO VALCÁRCEL

—Non hai quen traballe –repite a cada paso Segundo Otero– non hai quen traballe, a xente escapa do campo. É escravo e suxeito, non tés un día para tí, os animais non teñen espera. As vacas teñen que pastar e teñen que pastar, hai que muxilas e hai que muxilas. A vida tradicional do campo galego está en crise. Certo que hoxe os labregos están organizados en cooperativas, que coñecen mellor os seus problemas e os seus dereitos, que moitos teñen unha preparación e cualificación amplas, mesmo hai algúns que pediron a excedencia da súa carreira e outros –os menos–, universitarios que compaxinan proveitosamente traballo e estudios. Pero as aldeas fican sen xente, maiormente no inverno, a penas nacen nenos e o que pode merca un piso na vila e escapa do frío e da soidade.

—Aquí eramos máis de trinta mozos e mozas. Montabamos cada farra...– recorda a señora Lola —Chegábanos unha pandeireta para facer unha festa. Dquela había outras diversións, a xente era máis alegre. Non tiñamos os medios que temos hoxe pero había outra ilusión.

—É certo que non hai nenos e que a poboación envellece, si –intervén Antonio Moure– pero moito é porque o goberno non mira polo campo. Só se acordan de nós para pedirnos o voto e como somos poucos..., pouco lles importamos! Os políticos tiñan que tomar medidas; por exemplo, eu penso que a concentrción parcelaria deberia facerse de inmediato e por decreto, aínda que houbese algunha oposición dos veciños. Nunca chove ao gusto de todos. A concentración é fundamental para viabilizar as explotacións.

Faise un instante de silencio e segue a dicir:

—Outramente é un erro dedicarse exclusivamente ao leite. Aquí pódense producir moitas outras cousas que non sexan leite e carne. Velaí, en Antas, hai unha plantación grande de "frambuesas". A "frambuesa", é parecida á silva, seca no inverno, é dura e adáptase á nosa climatoloxía. O problema non é tanto producir como buscar mercados para os nosos productos. A castaña está a ter boa saída..., e as setas e os productos de outono... A fábrica Arotz, en Monterroso, esta funcionando ben.

—En Chantada –salta o Suso Raxado– montouse a Sidrería Galega, cunha inversión de trescentos millóns de pesetas. Iso conleva varias consecuencias.... A mazá "perona" de gran calidade, antes ía para Asturias, agora queda aqui... Aparte de sidra elabórase augardente, vinagre e Calvados. Hai que invertir o proceso, apostar pola agricultura ecolóxica.

—Un lastre grande que se vén padecendo –intervén a profesora Gonçalves– desde tempos antigos, é o individualismo excluinte, as envexas e xenreiras... ¿Vostedes ven normal que en cada casa haxa un tractor, unha segadora, unha empacadora?..., cando pertencendo a unha cooperativa, esa mesma máquina se podería alugar sen necesidade de facer unha inversión que non se vai poder rentabilizar.

Soledad Gonçalves está no seu papel, hai algo de enfático, de solemne, de maxistral, aínda sen pretendelo, nas suas palabras. As súas opinións son escoitadas con interese e atención polos demáis contertulios. Segue dicindo:

—No 1973, co desencadeamento da crise económica mundial, que afectou sobre todo á industria, puido pensarse nun renovamento agrícola, pero non foi así. Nesa altura o sector primario representaba o 4'8 do PIB da Unión europea. Con ritmo máis atemperado que na etapa anterior, a porcentaxe seguiu caendo ao 3'5 no 1986, e ao 2'4% no 1993. En termos absolutos, sen embargo, a producción final agraria seguiu medrando, e este aumento da producción, combinado coa disminución da poboación ocupada, mellorou as condicións de vida dos que viven da agricultura pero o sector non garante suficiente renda a toda a poboación ocupada na agricultura.

—Gracias ás pensións dos vellos –di Segundo. Se non fose polas pensións, habería moitos que o pasarían mal.

—Eu non sería tan pesimista –intervén Suso Raxado. Fronte á sensación de abandono do sector, estámonos integrando no sistema alimentario mundial e, en consecuencia, no sistema económico; estamos asistindo á modernización dun sector tradicionalmente atrasado co aumento do tamaño medio das explotacións, e temos conquerido máis capacidade de adaptación a novas ou imprevistas situacións. O nivel de vida no medio rural mellorou bastante, iso non se pode discutir. Eu penso ademáis, como Antonio Moure, pero noutro sentido, que é un erro limitar a potencialidade do mundo rural á producción agrícola ou gandeira. Coido que a aldea pode ofertar paisaxe, tranquilidade, silencio... A oferta do rural para o lecer debe ser valorada. En Palas están funcionando con éxito dúas casas de Turismo rural, o mesmo en Taboada, e en Chantada... Non son poucas as persoas que están rehabilitando as vellas casas familiares como segunda vivenda. Eu mesmo preferín construir en Gondulfe que facelo en Gondomar. Neste sentido preservar o medio ambiente, resultará esencial de cara ao futuro.

> O viaxeiro decídese pola Pontevedra de Conde Corbal. O pintor rachou ángulos, perspectivas e trazos. Todo estaba ali. O convento de San Francisco, a fonte de chafaris da Ferreiria, os xardíns de Casto Sampedro, o caseirón de Facenda...

—Pero os datos non minten... –intervén de novo a profesora Gonçalves– hai cincuenta anos a poboación agrícola representaba o 30% da poboación activa total en Europa; hoxe a penas chega ao 6%... sen embargo a evolución da producción foi espectacular: a aplicación de importantes innovacións tecnolóxicas permitiu un rápido crecemento dos rendementos.

—Iso que dicía vostede antes, do individualismo excluinte –colle a palabra agora Xoan Manuel, que tiña permanecido calado, e recalca a palabra "excluinte"– non deixa de ser un tópico. Tamén hai un sentimento moi forte de colectividade, de pertenza a un "Nós" común e homoxéneo, ou sexa, un sentimento solidario. Fornos e muiños comunais, montes en rexime de comunidade e traballos colectivos feitos coa axuda dos veciños, así o demostran. A seitura, a malla, a vendimia... A mata dos porcos, por exemplo, reaviva os lazos veciñais, tantas veces como casas hai na aldea. Todos cean na casa de todos, comendo e bebendo en abundancia. Xógase ás cartas, cántase. E que dicir da festa do patrón, ou do magosto, que conmemora aos antepasados con rezos, viño e castañas asadas, o antroido ou a véspera de San Xoan...

—Nas nosas aldeas– segue Xoán Manuel a rebatir as teses da profesora– a participación de cada veciño nas faenas agrícolas, nas alegrias e festas, nas penas e velorios, era completa, ninguén ficaba excluido. As prestacións de traballo e comida, cos seus dereitos e obrigas, entrelazan a todos. Por iso a vivencia da vecindade era, e é, moi intensa.

—Niso tés razón– concede Sol Gonçalves– a mesa común con viandas abondosas, é a forma máis densa de convivencia extrafamiliar. Ao sentar á mesa, nunha especie de comuñon simbólica, estase poñendo sobre o mantel unha identidade de preocupacións, de problemas e de posibles solucións. A participación na distribución da comida crea un lazo místico, mesmo entre vivos e mortos no magosto, que une, vencella e aglutina en estreita independencia. Iso obriga a corresponder, a comportarse como veciños.

—Para min, unha das cousas máis fodidas que tén o campo –volve á conversa Segundo Otero– é que estás suxeito de maneira permanente: a alimentación do gando, o muxir e a limpeza dos establos, é diaria. A recolleita das forraxes, a extración de abonos, a fertilización das praderías, aínda permitirían algunha escapada...

—A xente escapa do campo –confirma Xoan Manuel. Hai unha aspiración a repetir modelos urbanos de conducta debido ao prestixio que se atribue denttro da comunidade ao feito de ter un emprego na cidade.

—Traballas limpo, si señor...–interrúmpelle Segundo.

—As rapazas novas non quixeron ficar na aldea. Tiñan outras aspiracións: acabar con éxito estudios universitarios, preparar oposicións, ou traballar como domésticas nas cidade... Os rapaces, pouco máis ou menos. A poboación galega actual é recesiva no 90% dos concellos nos que se integra; a emigración transoceánica, que chegou ata 1960, continuou cunha forte migración continental desde a década dos cincuenta e acentuouse cunha non menos importante migración interior. Rompeuse o elo da cadea e non hai recambio.

—A devaluación do traballo rural é evidente. O traballo agrícola e gandeiro non ten un futuro claro nas actuais circunstancias socioeconómicas. A Unión Europea restrínxenos as cotas lácteas, devalúa os nosos productos...

—Sen embargo –retruca a profesora Gonçalves– no referente a servizos sanitarios, educativos, a prestacións sociais, a oportunidades económicas... na calidade das vivendas e das infraestructuras físicas, mellorouse o cen por cen. Chegan os medios de comunicación, chega o transporte, tráenche o peixe á porta da casa... O nivel de vida é bó.

—Eu creo –intervén Suso Raxado– que na vez dunha agricultura productivista co uso intensivo de productos químicos, coa contaminación dos solos e das augas, deberiamos estar por unha agricultura "moderna", protectora da natureza, non contaminante: a saúde, a cultura, a gastronomía, o turismo... non atender só as materias primas. Hai que pensar que os agrosistemas locais tradicionais son o resultado de séculos de experiencia acumulada e de interacción co ambiente.

—Non vivas de ilusións –di Xoan Manuel– a tendencia dos mercados agrarios segue sendo de oferta excedentaria, caída permanente dos prezos e loita moi dura entre intereses contrapostos en situacións de desigualdade, para manter os privilexios dos máis poderosos.

—O modo tradicional de entender a vida só pervive nas lembranzas dos vellos. O medio rural galego agoniza... –reflexiona con tristeza Antonio Moure.

—Aqui non quedamos máis que catro vellos –conclue Segundo, collendo a pucha e erguéndose.♦

A política abertzale volve a canles anteriores á trégua do 98. A.N.T.

Contestación ao papel de ETA nun manifesto de 400 persoas ligadas ao abertzalismo

A policia detén aos dirixentes de *Ekin* en pleno debate interno en HB

B. LAXE

A policia detivo á dirección de Ekin acusándoos de ser a "dirección de ETA en España", de marcar a estratéxia na *kale borroka* e os obxectivos das accións terroristas e da financiación da organización armada. Tres dias antes HB celebraba unha asemblea nacional na que acordaban retirarse do parlamento de Gasteiz pero concorrer aos próximos comícios autonómicos. Diversos colectivos critican este cámbio de política esixíndolle a ETA que "non interfira en Euskadi".

En pleno debate de refundación e de discusión interna, a policia española, dirixida polo xuiz Garzón, vóltalle asentar un duro golpe ao *abertzalismo*, ao deter a 19 persoas e cachear diversos locais de HB. Os detidos pertéñecen ao grupo Ekin, criado hai agora un ano para "reformular KAS". A Koordinadora Abertzale Sozialista, xa fora incriminada por Garzón en 1998 por médio dun auto xudicial.

Para a policia e para Garzón o que se trata é de probar que estas persoas son os "comisários políticos" dentro de HB, formando parte da estrutura de dirección de ETA. Demostrar que desempeñaban tarefas como a de dirixir a estratéxia da *kale borroka*, a dos atentados e encargarse do financiamento da banda armada. Acúsanos de pertencer á dirección de ETA e, ao mesmo tempo, de transmitir as directrices da organización armada. Tamén afirma Garzón que son "unha dirección na sombra dentro de HB".

Ainda así, a maioria dos detidos son persoas de moi pouco releváncia tanto publicamente como dentro da estrutura interna de HB, na que non ostentan cárregos de relevância. O máis coñecido é Xavier Alegria, antíguo membro da dirección de Kas e o ex parlamentário de Nafarroa Jaime Iribarren, asi como advogado José Javier Matanzas.

O voceiro de HB, Arnaldo Otegi, afirma que todas estas persoas traballan nos movimentos socias e na base, sobre todo naqueles eidos nos que decidiron incrementar a sua actuación na última asemblea, ensino, economia, movimentos sociais...

Xavier Arzalluz, pola sua banda, considera que é máis fácil desarticular organización das que todo o mundo coñece os dirixentes, que comandos armados. Deixa entrever nas suas declaracións que estas accións policiais poden deberse ao fracaso total a política policial que protagoniza o Governo central que non é quen de parar os atentados. Ao mesmo tempo, pergúntase se estas detección non será como moitas outras onde, aos poucos dias a maioria queda en libertade, a maioria, logo son absoltos. Tanto é asi que o secretário xeral do PP, Javier Arenas, esta vez foi moi cauteloso, pedindo que se agarde a ollar cal é o final da operación.

O impacto interno

A pergunta que se realizan agora persoas do movimento *abertzale* é se esta acción, que considera calculada polo Governo e Garzón, vai servir para que se pechen ainda máis as fileiras dentro de HB, tronchando o debate interno, ou se vai acentuar as discrepáncias que comezan a sair publicamente. Existen pareceres diverxentes. Tanto é así que non se sabe se, á vista dos acontecementos, vai sai á luz pública un manifesto firmado por 400 persoas identificadas históricamente con HB no que se lle demanda claramente a ETA unha "trégua de gran alcance e duradeira" e que respeite o dereito da sociedade basca "a expresar a sua palabra e a ser protagonista do seu futuro sen nengun tipo de interferéncias". Con estas condicións, os firmantes, entre os que se atopa Txillardegui (un dos fundadores de ETA e un dos principais homes públicos de HB até hai pouco) ou o dramatugo Alfonso Sastre, Joseba Goñi, asi como coñecidos intelectuais e profesores bascos e mesmo voces de Madrid que sempre tiveron boas relacións co *abertzalismo*, consideran que se poderia recuperar o diálogo.

Por outra banda, o grupo Aralar, liderado por Patxi Zabaleta, cun peso importante en Nafarroa, tamén está a cuestionar publicamente a estratéxia de HB, criticando a ETA e pedíndolle unha trégua. Este grupo defende a participación nas institucións (de Nafarroa non se retiran) e a autonomia total dentro de HB. Outros grupos procedentes da esquerda española, decidiron xa abandonar a coalición *abertzale* que se atopa tamén con problemas para darlle credibilidade á refundación.

Desde estes colectivos considerase que a *refundación* era unha consecuéncia lóxica da nova situación de diálogo e de construción nacional por médio da acción política pero que non ten nengun senso, nen se vai agrupar a máis xente, ao voltar ao que eles consideran a mesma política de sempre "imposta por ETA". ♦

MANUEL ALONSO

Outravolta a *Declaración de Barcelona*

A Diada Nacional de Catalunya, o Onze de Setembre, foi a data elexida para lanzar unha nova fotografia dos asinantes da *Declaración de Barcelona*. Apesar de banalizacións interesadas, o certo é que despois do durísimo periodo vivido polo PNV desde que se iniciou a ofensiva actual de ETA, a alianza das principais forzas dos tres nacionalismos peninsulares perdurou. Os intentos por rachala medraron en intensidade, pero ninguén se atreveu a lanzar a ecuación que vinculase a Pujol ou Beiras coa violéncia en Euskadi, na liña demagóxica que quer criminalizar a todo meter ao partido presidido por Arzalluz. A proba de lume da solidariedade entre CiU, BNG e PNV está pasada e o horizonte que se abre para unha alianza deste estilo é importante, toda vez que cedo ou tarde, a saida á conflitividade nacional no estado terá que ser democrática e consensuada. ♦

Guterres cámbia cinco carteiras do seu governo

A destitución como ministro de Interior do ex alcalde do Porto, Fernando Gomes, foi o aspecto máis polémico da crise de governo aberta polo primeiro ministro da República de Portugal, António Guterres. O chefe de governo mudou cinco carteiras e de paso librouse do seu principal rival político a dia de hoxe dada a sua popularidade: Fernando Gomes. A crise cenificouse xusto dous dias antes da oposición do PSD apresentar unha moción de censura que non ten máis carácter que o puramente testimuñal, xa que non ten posibilidade de prosperar. España aplaudiu a substitución de Gomes, a quen acusa veladamente de non permitir a extradición dun membro da ETA. ♦

Só EH e IU apoian os alardes mixtos

Todos os meios de comunicación deron conta do "machista que é sociedade basca" polos incidentes provocados cando as compañias mixtas de homes e mulleres tentaron participar nos alardes de Hondarribia e Irun. O que omitiron os meios de comunicación foi que o direito das mulleres a participar nas compañias e non ser só cantineiras é algo que apoian tanto Izquierda Unida como Euskal Herritarrok. A omisión se cadra era para evitar incorrer en apoloxia do terrorismo. PSOE, PNV, PP e EA non toman partido polas divisións que hai no seu interior a respeito desta cuestión. ♦

A droga do *Privilege* non dá aparecido

Removeron todo e só atoparon restos dunha substáncia que pudera ter relación coa cocaina, pero non apareceu o alixo de cinco mil quilogramos que agoiraba o organismo de loita contra a droga dos Estados Unidos, a DEA. Policias de doce estados participaron nun exaustivo rexistro do barco, no que ademais da substáncia sospeitosa, atopouse un compartimento secreto no que non habia nada. A policia está a piques de abandonar a busca e vários estados crúzanse acusacións mútuas. Unha de duas, ou ben a tripulación se desfixo da droga con anterioridade, ou ben a DEA non está tan ben informada, o que induce a pensar que moitas acusacións desta axéncia son puras especulacións. ♦

A OTAN estimara, antes do bombardeo, que os sérbios aniquilaran 500.000 kosovares

Só apareceron 2.000 mortos da Guerra do Kósovo, máis dun ano despois do seu final

As eleicións á presidéncia de Iugoslávia volveron poñer no enfoque das cámaras e dos xornais a Guerra do Kósovo. Mentres Milosevic e os demais candidatos realizan a campaña eleitoral, os meios occidentais descualifican o actual presidente lembrando as atrocidades cometidas naquel conflito polos sérbios. Agora, despois de máis dun ano de ocupación da ONU, as probas do xenocídio resístense a aparecer e a maioria dos expertos comezan a dubidar de que realmente Sérbia quixese aniquilar a étnia albano-kosovar.

A maioria das mortes na guerra do Kósovo producironse en combates directos.

A xustificación que Javier Solana, como responsábel da OTAN, e Bill Clinton, como presidente estadounidense, deron para a série de bombardeos sobre Iugoslávia en 1999 residia no sufrimento que o povo albano-kosovar estaba a padecer a mans dos sérbios. Informes de ONGs e de expertos internacionais apontaban que a República Federal de Iugoslávia iniciara, sistemática e premeditadamente, un proceso de xenocídio no que xa morreran 100.000 persoas.

Tal e como agora conta o xornalista Michael Parenti, na revista *Z Magazine*, as flutuacións das mortes sufriron grandes mudanzas neste ano e médio. A cifra pública de desaparecidos chegou aos 500.000 en Marzo do ano pasado, unha semana despois de que se iniciaran os voos militares contra Iugoslávia. O Departamento de Estado norteamericano xogaba co número de vítimas da represión sérbia dun xeito incluso cruel. Un dia, o Secretário de Defensa, William Cohen, declaraba que se sabia de 100.000 mortos; ao dia seguinte, o número medrara até os 225.000. Desde Washington decatáronse que, ampliando o número de asasinados, maior popularidade tiña a intervención armada entre a povoación occidental.

Despois da claudicación de Milosevic e a intervención da ONU no Kósovo, a prensa norteamericana e europea seguiu a xogar coas cifras dos mortos a mans dos sérbios. O xefe de Médicos Sen Fronteiras, Bernard Kouchner, denunciou que se atoparan 11.000 corpos en fosas comuns. Rapidamente, as tropas internacionais se lanzaron á procura dos restos da "máis grande masacre desde o holocausto nazi", como definiron a guerra os principais diários do oeste do Danúbio.

O FBI montou a "maior operación de resgate, identificación e autópsia da sua história", con 55.000 quilogramos de material técnico. Ao tempo, equipas francesas, británicas ou españolas, rastrexaban as diferentes áreas do território para achar os mortos dos que falaba o Exército de Liberación do Kósovo (ELK).

Pouco a pouco, os traballos foron dando os seus primeiros froitos, pero eses resultados non eran os esperados. Non aparecian os cadáveres. A dúbida percorreu os meios de comunicación, incapaces xa de admitir as teses oficiais. O responsábel da equipa española, Emilio Pérez, foi rotundo. "É falso dicir que aquí houbo un xenocídio. Nen para unha guerra civil hai suficientes corpos".

Pozas de água e disolventes

A medida que se descubria que o número total de mortos atopados ia estar moi lonxe das previsións oficiais, os maiores valedores do xenocídio buscaban solucións á incógnita. Reticentes a crer que Milosevic non ordeara a destrución dos albano-kosovares, moitos expertos e tamén os líderes do ELK ergueron sospeitas sobre sofisticados métodos de ocultación.

Rexeitada a idea dos fornos crematórios (ao non acharse restos humanos entre as cinzas analizadas en montañas próximas a Trepca), formulouse a idea de que os sérbios botaran as suas vítimas a pozas de água. Certamente, parece que si houbo saqueos a aldeas nas que alguns habitantes foron afogados en depósitos, mais os atopados non chegaron a 40.

Os informes dos refuxiados en Albánia e máis dos especialistas militares afirmaban que se estaba utilizando unha mina de ácido clorhídrico na devandita localidade de Trepca para disolver cadáveres. As análises ali efectuadas non deron nengun resultado positivo. A non ser que os sérbios só disolvesen uns poucos corpos, ali nunca se tiña feito eliminación en masa de restos humanos.

Despois de estudar sobre o terreo as circunstáncias da guerra e os métodos de combate, parece case que confirmado que os abusos sérbios non foron masivos nen planificados e que a guerra –que contou con moitos combates directos entre o Exército Federal, os chetniks da ultradireita e o ELK provocaron ao redor de 2.000 mortos entre ambos os bandos, moi lonxe de calquera das cifras que se manexan nas múltiples guerras nas que a OTAN nunca decidiu intervir.♦

A ONU mostra a sua febleza no Cúmio do Milénio

A última Asemblea Xeral das Nacións Unidas, celebrada en Nova York entre o 6 e o 8 de Setembro, veu exemplificar a moita febleza desta organización a sua case total falta de operatividade. Baixo o epígrafe do Cúmio do Milénio, os xefes de estado ou de governo de todos os países membros aprobaron unha série de medidas que serán ben difíciles de aplicar na prática. A asemblea acordou potenciar os traballos de pacificación dos cascos azuis e iniciar medidas comuns para reducir á metade o actual nivel de pobreza. Contodo, o máis destacado da xuntanza da ONU foi a arenga de Fidel Castro contra o neoliberalismo e o seu achegamento co presidente norteamericano, Bill Clinton.♦

A UE levanta as sancións a Áustria

As sancións que a Unión Europea (UE) lle impuxera a Áustria hai sete meses ficaron sen efecto o pasado 12 de Setembro. A delegación de sábios que o presidente da Comisión, Romano Prodi, destacou en Viena, acordou retirar o veto dos outros 14 países membros da UE. A presión internacional xurdiu cando o ultradireitista FPÖ, de Jörg Haider, foi admitido no governo do democristián Wolfgang Schüssel. Á fin, parece que as sancións serviron de frívola excusa para chanar a atención sobre os perigos de admitir nos governos democráticos propostas autoritárias; unha opción que tomou como própria un partido integrado no Partido Popular Europeu, que non se opuxo en nengun momento.♦

Palestina adia a sua declaración de independéncia

As sospeitas confirmáronse. A autoridade palestina adiou a declaración de independéncia do seu estado, prevista para o pasado 13 de Setembro, até unha data sen confirmar, posibelmente en Novembro ou Decembro. A intención do gabinete de Iasir Arafat con esta decisión é a de facilitar un achegamento cos israelis para decidir o novo estatus de Xerusalén. Os árabes pretenden converter a milenária cidade na sua capital, algo ao que se opón o governo de Tel Aviv e a maioria dos grupos políticos hebreos. Se non existe flexibilidade neste ponto, aumenta o perigo de que se recrudeza a violéncia en Oriente Próximo.♦

Bases do Premio de Poesía "Fiz Vergara Vilariño"

1.— O Concello de Sarria e a Agrupación Cultural "Ergueitos" crian, con carácter anual, o Premio de Poesía "Fiz Vergara Vilariño".

2.— As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega.

3.— A extensión mínima será de 400 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en nengún outro certame.

4.— Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica. Enviaranse por correo certificado ao seguinte enderezo: Premio de Poesía *Fiz Vergara Vilariño*, Concello de Sarria, rua Maior 14, 27.600 Sarria, antes do 30 de Setembro de 2000.

5.— Establécese un único premio indivisibél dotado con 500.000 pta., suxeito á normativa fiscal vixente. O xurado poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.

6.— O xurado estará composto por persoas de prestixio no mundo da criación ou a crítica literaria. Actuarán, como Secretario, o Presidente da Agrupación Cultural *Ergueitos* e, como Presidente, o Concelleiro de Cultura do Concello de Sarria, ámbolos dous con voz e sen voto. A sua decisión será inapelábel e será dada a coñecer no último trimestre do ano.

7.— A obra premiada será propredade do seu autor, agás a primeira edición que será publicada pola editorial *Espiral Maior*. En posteriores edicións farase constar a condición de premiada co Premio de Poesía *Fiz Vergara Vilariño*.

8.— Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruidos. Non se manterá correspondencia cos autores.

9.— A interpretación destas bases correspóndelle ao xurado. A participación no certame implica a sua aceptación.

Concello de Sarria (Lugo)

AGRUPACIÓN CULTURAL **ergueitos**

Galiza e o voto económico

O pasado mes de Abril a profesora catalana Clara Riba I Romeva especialista en Estatística e Socioloxia Electoral pronunciaba un conferéncia na Facultade de Socioloxia co título: "A análise do voto segundo factores económicos: a atribución de responsabilidade ao governo", na que postulaba conexión directa entre a marcha económica dun Estado e o voto das/os cidadás/áns, é dicer, existe entre o eleitorado e o governo un xogo de prémio e castigo en relación coa situación económica (no caso do Partido Popular esta circunstáncia ven reforzada pola criación dun discurso que enfatiza a efeitividade económica e a desaparición das ideoloxias e a reafirmación nacional española). Até aqui o exposto parece máis que óbvio, pero o centro da investigación radicaba na relación voto autonómico catalán-situación da economia no Estado Español no seu conxunto e a conclusión indicaba que a pesares de que a Generalitat catalana non ten competéncias a nível macro o electorado amosa unha intencionalidade de voto nas autonómicas tendo en conta esta circunstáncia (evidentemente nesta relación influen outro tipo de variábeis cualitativas como os diversos carismas das/os líderes, a estratificación social, simpatias partidárias, e o próprio papel xogado por CiU en relación á economia e a sua influéncia a nível de estado, etc).

Desmascarar a realidade que agocha o "España va bien" precisa de máis medios que intelixéncia e ilusión.

Se este postulado da profesora catalana se puidese extrapolar á realidade galega coas suas adaptacións pertinentes de cara ás próximas Autonómicas poderiamonos atopar que se desde o nacionalismo se conseguise concienciar á sociedade galega do contínuo e permanente atraso da economia galega (en dados da povoación activa do derradeiro trimestre do 99 o paro en Galiza estaba nun 16,1% sendo os cuartos pola cola, o noso importe médio de pensión nese mesmo periodo é o máis baixo do Estado español con 64.000 pesetas, etc.) frente á española invertísemos desta forma a correlación de forzas parlamentárias. Non se trata de desmontar un discurso mediático elaborado desde o centralismo madrileño e que agocha ós dados da realidade galega equiparándo-nos cando interesa con vascas/os e catalás/áns, pois non se trabuca Ignácio Ramonet cando afirma aquelo de "quen ten o poder económico e o poder mediático é moi doado que chegue a acadar o poder político"; nen tampouco que fagamos o parvo nun baile de cifras ao máis puro estilo Touriño ou Caballero nun absurdo debate diálectico co Partido Popular no debate do Estado da Autonomia que acaba por non chegar a nengures. O que debe conseguir o nacionalismo cos escasos medios e as moitas ilusións é dar conta desta realidade até onde poida, é dicer, a través da sua entregada militáncia, dos boletíns e escasos medios afíns e espazos nos mesmos.

O que tamén precisamos, e esto é moi importante, é estudios como os realizados pola profesora Clara Riba i Romeva que amosen os perfís das/os votantes médias/os dos diversos partidos, o apoio cidadán ás diversas políticas da Xunta e as valoracións en positivo e negativo dos distintos partidos políticos. Só desta forma se pode reconducir unha mensaxe (sempre dentro da consideración de que o Bloque "combate por un proxecto político, non por un espazo electoral" como non cansa de repetir Beiras), pero sempre tendo en conta o que opina o "demos" para despois definitivamente chegar a constituir unha verdadeira "crácia" para Galiza. Debemos persistir na defensa dos dereitos e liberdades tanto individuais como colectivos que lle corresponden ás persoas que formamos este país e na defensa da identidade galega como nación, pero tampouco é desbotábel unha maior difusión destes dados macroeconómicos. Velai como no manifesto "O país en positivo" inténtase elaborar un contradiscurso ao realizado polo Partido Popular que fixo célebre ás/aos "apóstatas do non", pero ademais dese rasgo o eleitorado popular ten unha imaxe esterotipada que deberiamos coñecer para combatir e desta forma rematar cos medos que rodean ao nacionalismo.

En breve veremos se as teses eleitorais da profesora catalana son extrapolábeis á realidade galega e esperemos que nesto non sexamos diferentes e que o eleitorado galego penalice ao Partido Popular definitivamente pola marcha da economia galega (entre outras moitas cousas claro está) propriamente, pois conseguir desmascarar a realidade que agocha o "España va bien" precisa de máis medios que intelixéncia e ilusión. ♦

BELÉN FERNÁNDEZ SUÁREZ
LUBRE-BERGONDO (A CORUÑA)

A illa da Creba é un baldio

A illa da Creba comprende 65.380 m² de terra no mar da Ria de Muros-Noia, e perténcelle á comunidade viciñal da parróquia de Santa Mariña de Esteiro desde tempo imemorial.

Foi declarada *Espácio Natural Protexido* da provincia da Coruña por resolución da Consellaria de Ordenación do Território e Obras Públicas do 10 de Xaneiro de 1990 (DOG 22-1-90). O solo da illa está clasificado como *Espácio Natural Protexido* polas Normas subsidiárias de planeamento da provincia da Coruña, do 3 de Abril de 1991 (DOG 19-6-91).

O viciño de Santiago Sr. Emílio Penas Piñeiro, reclámase dono en virtude da compra que lles fixo a uns señores do lugar do Freixo, aos que nunca lles pertenceu a illa. Neste sentido existe unha senténcia do xulgado de Outes do 6 de Agosto de 1942 resolvendo unha denúncia por danos formulada polo pretendido

"Tiñamos un problema e xa está solucionado
J.M. Aznar

Os norteamericanos laminaron Cosovo con bombas para deter o xenocídio dos albaneses a man dos sérbios. Despois comezou a investigación forense máis importante da história, coa participación da UE. Resultado: non habia covas comuns, nen **xenocídio**, nen matanzas.

Onde estaban os douscentos mil asasinados? Hai un ano, un forense da tropa española en Cosovo avisou que habia que rebaixalos a 40.000. Despois, os militares franceses dixeron que 4.000. Agora o que atopan son mortos nos cemitérios. A maior mortandade na guerra de Cosovo producírona as bombas norteamericanas contra o **tren** das leiteiras.

DOCEXVINTEDOUS

Rosa Aneiros e Xurxo Chapela:
a narrativa para o lector de hoxe.



galaxia

Volverán os *especialistas* no Leste a chea de cartos que cobraron por escreberen de *fio* ***direito*** con Cosovo?

Blair ordenou a intervención do exército para levantar as barricadas dos camioneiros nas principais cidades inglesas e galesas. Os diários, a rádio e a TV non deron a notícia. Tres dias despois enterámonos de que un Estado da UE decretara o estado de excepción. Viva a **liberdade** de información!

Ten Fraga que pedir perdón por todo o que axudara a Franco? El coida que, en todo caso, terá que saldar contas con Deus ou co seu confesor. Entregando a parte do león dos orzamentos de cultura á Igrexa, o pecador xa debe ter boa parte do **perdón** comprado.

Castor Gago, conselleiro do agro, acusa aos nacionalistas de sublevar aos produtores de leite. O deputado do BNG Emílio López Pérez propón para o caso a seguinte adiviña: como é posíbel que gañe o critério do Bloque nun agro que **vota** a Fraga?

E nas tractoradas? Os paus da Policia non caen nas cabezas de votantes do PP? E os lumes que arrasan Ourense, non queiman un mapa cheo de bandeiriñas do partido de Fraga? Del Alamo é mais cuco que Gago e di que é *incomprensíbel*. Pero os dous saben que desde 1990, cada ano desparecen no país 5.000 **explotacións** agrícolas.

O alcalde de Arcade, do PP, e o voceiro do PSOE poñen polas nubes a Luís Obelleiro. Para eles non hai dúbida de que é intelixente, traballador, eficiente, conciliador e capaz. Mália -din- que deixe de ser voceiro local do BNG para ocupar cargos políticos **máis** altos.♦

dono da illa contra vários viciños de Esteiro, na que se absolve a estos dando por probado que "os viciños veñen na posesión e aproveitamento das leñas, esquilmos e herbas que produce espontaneamente a illa da Quebra a imitación e por continuación dos seus ascendentes por modo público y sen oposición de naide, incluso do denunciante..."

Na década dos anos oitenta este señor construiu un verdadeiro pazo. A obra foi paralisada por decreto da alcaldia de Muros o 24 de Agosto de 1981, orde que evidentemente incumpriu xa que a edificación é ben visíbel e está totalmente rematada. E por outra banda cremos que as obras tampouco poderán ser legalizábeis xa que a clasificación do solo non permite realizar nengunha obra de urbanización ou infraestrutura que modifique ou altere as suas condicións naturais. A Consellaria de Pesca outorgoulle o 9 de Xullo de 1987 (DOG 19-8-87) a concesión de 3.799 m² para a instalación dunha granxa marina de rodaballo. Na actualidade esta concesión deberá estar en trámite de resolución por non terse encetado nengunha actividade.

O único obxectivo do Sr. Penas é a privatización da illa e impede o libre acceso coa preséncia de vixiantes e a intimidación de cans agresivos.

Os recheos feitos na illa para a construción dun dique de abrigo e pantalán flotante foron denunciados polos viciños de Esteiro que xuntaron máis de 700 sinaturas de oposición e ao cabo expresamente denegados por resolución da Dirección Xeral de Costas do 13 de Maio de 1999.

As accións que o Sr. Penas desenrolou nestes anos pasados teñen como único obxectivo a privatización da illa e de feito impede o libre acceso coa preséncia de vixiantes ao seu servizo e a intimidación de cans agresivos que andan ceibos pola illa.

É o deber das administracións públicas deste país e, en particular do Concello de Muros, coidar da integridade da illa da Creba como un ben público do município para uso e disfrute da totalidade da povoación. Unha política permisiva ou de deixadez neste asunto será obxecto de ruborización vergoñenta para os governantes que a pratiquen. Xa que a illa ficará ali, no médio da ria, e a sua imaxe servirá de recordo permanente dunha cacicada.♦

COMITÉ POLA DEFENSA DA ILLA DA CREBA
WWW.CREBA.ANEXOS.COM

Xornalistas non tan imbéciles

"A crítica séria da prensa é necesária"
Xosé Ramón Pousa

Non é mal truco retórico aquel que para desviar a atención do problema principal expón cuestións insignificantes pero efectivas. Sábeno os fundadores das ONG`s, sábeno os ideólogos da Terceira Via e sábeno os xornalistas orgánicos do sistema. No seu artigo (*Xornalistas imbéciles*, ANT nº 951), Xosé Ramón Pousa surpréndenos cunha nova caracterización dos xornalistas críticos co poder, albergados ao parecer nesa fábrica de vermellos que é o *New York Times*. Ante a tirania dos méios e a sua ofensiva constante de verdades únicas (fin da história, mercado como *deus ex machina*, negación da barbárie do imperialismo, aceitación da globalización como positiva, demonización do nacionalismo, inexisténcia de alternativas, individualismo, amnésia histórica e falta de culpábeis, etc...), a crítica non é aquela que denúncia o *status quo* e oferece unha alternativa transformadora, senón aquela que chega a receber os insultos de Bush porque critica os erros de retórica formal nos seus discursos, dende as páxinas, insisto, de *New York Times*. Supoño que Clinton, como Blair, Schröeder ou o Zapateiro, si é homologábel co discurso do suposto subversivo americano. Cando un analista como Chomsky (de seguro un pouquiño máis brillante que o tal Adam Clymer) revela de verdade as contradiccións do imperialismo americano , entón os meios, que controlan até a última coma dos seus textos -literalmente-, condénano ao silén-cio ou a un espazo mínimo, sabedores da poténcia subversiva da verdade. Segundo Pousa, son bastantes "as ocasión en que [os xornalistas] merecemos a crítica". Pois si, nen unha referéncia ao infinito caderno de queixas que se poderia redactar en contra da hipnose global dos méios: o proceso de concentración das empresas (e quen paga a orquestra decide o que toca), o imaxinário construido polos enriquecidos do Norde e imposto sobre o Sul, a homoxeneización e a destrución das identidades nacionais diferenciadas, as tácticas subliminais do imperialismo cultural e a imposición da vulgaridade cultural, e, en definitiva, a asombrosa capacidade do imperialismo para impoñer verdades uniformadoras con impunidade, capacidade que reviste de apariéncia democrática a conquista contemporánea, no tan distinta á do pasado... A crítica, con Pousa, camiña en regresión. Recomendarialle a Pousa unha série de leituras que o poñan un pouco ao dia (Chomsky, Mattelart, Adorno, Cees Hamelink, Petras, Sartori, Zeller e Giordano...), pero supoño que mo tomaria a mal, porque "os xornalistas acostumamos a ser demasiado susceptíbeis porque adoitan criticarnos con frecuencia".♦

Nen unha referéncia ao infinito caderno de queixas que se poderia redactar en contra da hipnose global dos meios.

XOSÉ EMILIO VICENTE,
ESTUDANTE DE XORNALISMO (COMPOSTELA)

FE DE ERROS

Debido a unha confusión, no número pasado, na páxina 19, decíase no pé das duas fotos que eran ambas caras do mesmo monumento, cando en realidade a primeira fotografia corresponde ao adicado a Castelao, e da autoria de Cochorro, e a segunda corresponde ao titulado *ADN* e debido a Lomarti, ambas no Barco de Valdeorras.♦

Compostela - Reykjavik

Santiago, capital cultural europea. Sábado dia 9 de Setembro, dia adicado a Reykjavik (Islándia, outra das cidades capital cultural deste ano 2000), lemos na prensa que entre os actos organizados a tal efecto vai actuar na praza do Toral ás 23:00 horas un trio de jazz islandés.

Como é costume que os concertos do Toral nunca empecen á hora sinalada, decidimos darlle un marxe amplo e ás 23:20 chegamos aló, e para a nosa surpresa ainda non empezara. Enriba do cenário só estaban os instrumentos e na praza a mesa de son e luces e unha xente loira e alta con pinta de poder ser os músicos, ademais dunhas cantas persoas que coma nós non entendian porque non empezaba. Pero ali ninguén daba razón de porqué tanto atraso, asi que ás 23:30 decidimos ir dar un paseo até a Alameda por facer tempo. Dez minutos despois, cando voltamos, xa estaban soando e achegándonos até perto do cenário caimos na conta de porqué tanto retraso: O sr. Bugallo (alcalde "socialista" da cidade) e outra xente máis con aspecto de representantes públicos demócratas desta cidade e de Reykjavik (garabatas e vestidiños) foran impuntuais de máis e o concerto non comezou até que eles chegaron (por certo os músicos eran eses tipos altos e loiros que estaban á sua hora na praza). Pouco despois escoitamos coma se aproximaba o camión de recollida do lixo (algo habitual nos concertos nocturnos do Toral), imediatamente o sr. Bugallo ordenou a alguén do seu séquito que se achegarta xunto ao camión para que non pasara pola praza (está claro que para o sr. Bugallo é de moi mal efecto ver a xente traballando a esas horas mergullando as mans no lixo e estando a alcaldesa de Reykjavik presente). Pouco despois decidimos marchar pois enriba do cenário máis que jazz o que habia era un *showman* sen graza e tres intérpretes, non sabemos pois coma rematou este espácio "cultural".♦

Decidimos marchar pois enriba do cenário máis que jazz o que habia era un *showman* sen graza e tres intérpretes.

EDUARDO LORENTE ANDRADE
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)



FERNANDO CABEZA QUILES

Os nomes da terra
Topónimos galegos

A nosa toponímia explicada dunha maneira doada e amena

EDITORIAL TOXOSOUTOS

CURRA, 41. SAN ADRIAN DE COBRES (VILABOA)
Horario de verán:
De Martes a Domingo de 19 a 1 horas.
Teléfono 986 672 439

Libros novos para cando as follas caen

As editoriais fan no Outono as principais novidades do ano

C.V.

As editoriais prepáranse para a sua tempada forte. Co curso a piques de comezar e con vistas á campaña de Nadal, Setembro abre a xeira dos meses fortes para a saída de libros. Á porta están as novas novelas de Xurxo Borrazás, Luís Rei Núñez, Bento da Cruz, Concha Blanco ou Paulino Pereiro e os poemários de Gonzalo Navaza, Maite Dono, Rosa Méndez ou Medos Romeo.

O Outono é a mellor época para atopar novidades nas librarias. A. PANARO / Arquivo

Na maleta é a nova novela de Xurxo Borrazás que Sotelo Blanco distribuirá a partir da próxima semana. Xunto ela aparecerán en breve en librarias a gañadora do último Prémio Xerais, *Expediente Artieda* de Luís Rei Núñez (Xerais) e o título que trunfou na pasada edición do Prémio Eixo Atlántico *A loba* do portugués Bento da Cruz (Xerais).

Caleidoscopio de Paulino Pereiro (Baia) e *Os espidos pes do destino* de Xosé Carlos Fernández Cainzos (Baia), *O bosque de levas* de Afonso Álvarez Cáccamo (Edicións do Cumio) e *Berta* de Concha Blanco (Ir Indo) aumentan nesta tempada a nómina de novelas. Asi como vimos de receber en Espiral Maior a primeira novela do poeta Xavier Seoane *Ábrelle a porta ao mar*, o mesmo selo editorial está a piques de publicar a entrada no xénero narrativo longo do dramaturgo Eulóxio Ruibal.

En canto aos relatos, a tempada ábrese a propostas colectivas. As vintecinco escritoras que Fran Alonso xuntou asinarán o volume *Narradoras* que vai inaugurar a série *Abismos*, dentro de Xerais-Peto, colección na que tamén verá a lus o *Phiccións* asinado por seis xornalistas. Inma López Silva publica en Galaxia *Rosas, corvos e cancións* e ao tempo que recibimos a tradución dos relatos de Gerry Adams *A rua e outros relatos* (Baia). Na colección de narrativa de Espiral Maior a ponto está de publicarse un libro de relatos do xornalista e escritor Alfonso Eiré.

Obras completas

A carteira de novas publicacións de poesia de Fernán Vello en Espiral Maior é abondosa. Comeza coa publicación da obra completa de Manuel Maria da que sairá o primeiro volume e recompilará tamén toda a produción lírica de Víctor Vaqueiro e Xosé Maria Álvarez Cáccamo. A colección de Espiral verase incrementada con títulos de Rosa Méndez, Medos Romero e o primeiro poemário da cantante Maite Dono. En librarias teremos tamén duas antoloxias de poesia brasileira, unha chegará da man de Xosé Lois Garcia (Laiovento) e outra de Yara Frateschi (Espiral Maior).

Novidade será a colección que Espiral Maior editará en colaboración coa Asociación Universidade Libre Iberoamericana co fin de publicar textos poéticos multilíngües. En preparación están os dous primeiros números: a obra de Valente en portugués e os *Cantos Caucanos* de Avilés de Taramancos traducidos ao español co fin de ser divulgados fundamentalmente en Colómbia. *Libra*, o poemário gañador do Prémio Martin Códax asinado por Gonzalo Navaza será novidade en Galaxia e en Edicións do Castro publicará Enma PedreiraGrimorio e Fernando Lavandeira *Mar que evita o meu regreso*.

Dous títulos de Manuel Lourenzo, un de Francisco Pillado e o primeiro volume da obra dramática de Manuel Maria encetarán a nova colección de teatro que agora inícia Espiral Maior.

Dos templários a Castelao

Pero é sen dúbida no ensaio e nos textos de divulgación onde a estación outonal vai ser máis rica. Laiovento prepara a saida de máis de dez títulos entre os que podemos atopar *Os nacionalismos perigosos* de Josep M. Huguet e Joan M. Serra, *A uniformización de España* de Juán-Ignacio Lacasta-Zabalza, *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936)* de Noa Rios Bergantinhos, *A novela policial. Unha historia política* de Xesus González Gómez ou *Castelao no Galeuzca* de Xosé Estévez.

A análise do pensamento de Castelao será tamén o motivo do ensaio que Xoán Carlos Garrido Couceiro publicará en A Nosa Terra, editorial que prepara a edición a cargo de Xosé Manuel Millán dos textos en galego de Johán Carballeira e a *Breve história de Galiza* de Francisco Carballo. Mercedes Queixas e Anxo Gómez asinarán a *Historia Xeral da Literatura Galega* dese mesmo selo editorial.

De carácter histórico son tamén os ensaios que oferece Toxosoutos en novidades. *Os templarios* de Carlos Pereira, *Mulleres na cultura celta* de Anne Rosse, *Dolmens e menhires* de Jean Markale ou *Os Santiagos e o misterio de Compostela* de Louis Charpentier son alguns dos seus novos títulos.

Xosé González Millán explica a situación da nosa cultura en *Resistencia cultural e diferencia histórica* (sotelo Blanco), nunha sorte de ensaio que coincidirá no tempo co libro de Carlos Fernández *O vento do espírito: de Risco a Ramón Piñeiro* (Galaxia), o título de Henrique Monteagudo *Castelao. Defensa e ilustración do idioma galego* (Galaxia).

Por vez primeira os feitos históricos e políticos poderán ser consultados por datas, nomes e acontecimentos no *Diccionário histórico político de Galiza* (Espiral Maior) elaborado por unha equipa dirixida por Luís Martínez Risco.

Tempo de dicionários

En Novembro sairá o *Grande Diccionario Xerais da Lingua* con 100.000 entradas nos meses máis propícios para a venda destes materiais. Edicións do Cumio estase a especializar neste tipo de publicación e pon a venda nestes meses unha ampla gama de dicionários para o ensino, alguns deles acompañados por CD Rom.

En os materiais didácticos, A Nosa Terra incrementará os títulos da Enciclopédia Temática Ilustrada cos volumes adicados aos cereais e o pan e ao meio terrestre.

O mundo editorial ábrese tamén a novas propostas nas que as guias teñen unha especial forza. Da man de M. Vázquez poderase coñecer a Ribeira Sacra (Galaxia), Marisa Castro ofererecerá todos os coñecimentos dos cogomelos (Xerais) e Paco Feixó comezará a surtir a novos cociñeiros coas mellores receitas galegas, a comezar pola carne (Edicións do Cumio).

A praza do Obradoiro e a Torre de Hércules serán os próximos números da colección Arte na Pedra de A Nosa Terra, para coñecer polo miudo estes espazos fundamentais da nosa história artística, mentras Begoña Bas nos achegará aos muiños galegos na colección Memória Visual de Ir Indo.

Agatha Christie (nova colección en Galaxia), Shakespeare (*A Tempestade*, Galaxia), Amin Maalouf (*O periplo de Baltasar*, Xerais) e J. Conrad (*A liña da sombra*, Ir Indo) son os autores de fóra que serán publicados nas próximas semanas na nosa língua. Tamén o número 42 da revista *A trabe de ouro* contribuirá a verquer ao galego literaturas doutras línguas coa entrega dunha antoloxia de poemas do galés Dylan Thomas. ♦

Euskal Herria

VÍTOR VAQUEIRO

Sinalaba Xosé Manuel Beiras, o *vintecinco*, na Quintana, que nun xornal catalán se inseria unha viñeta cómica na que dous cativos, despois de apedrexaren e esnaquizaren os vidros dunha xanela, respostaban –cando a sua nai lles perguntaba quen era o responsábel da desfeita– como unha única voz: o PNV. Con efeito, semella que, nos pasados tempos, o Partido Nacionalista Vasco é o único responsábel de todas as cousas que se derraman no Estado español.

Desde que teño uso de razón política, crin aficadamente que as causas nas que se alicerza o problema vasco teñen base, igualmente, na própria situación política e social na que se insire Euskadi e que, por certo, cómpre recuarmos ao século XIX para podermos comprender as suas orixes. Porén, o Estado español, teima, unha vez tras de outra, que a única via que resolverá o problema será a xudicial, dado que ETA é sinxelamente, un fato de delincuentes.

Mais eu, inxenuamente, ouso perguntarme: se é que, certamente, os membros de ETA son uns delincuentes, o Ministério do Interior, con Mayor Oreja á fronte, ¿non posúe nengunha responsabilidade na persisténcia no tempo da actuación etarra? Imaxinemos a existéncia dunha banda de atracadores que, ao longo de décadas, actuara no Estado. ¿Canto tempo o ministro conservaria o seu cargo? Acontece que, de certo, o atraco non posúe compoñentes políticas.

Non chego a albiscar, a non ser por simples interese eleitoral e partidista, como se pode afirmar que a solución do problema vasco –¿ou deberia dicer-se español?– está na saída do PNV e EA do Pacto de Lizarra. Onte, cos governos socialistas, antonte cos de UCD, o outro antonte cos da ditadura ¿existia, se callar, Lizarra? ¿Rematou, porén, a actuación de ETA? ¿Existe hoxe alguén, no seu xuízo, que pense que somentes con medidas policiais se pode rematar co conflito en Euskal Herria? Non sen dificuldades, o enfrontamento –que, sádica e temerariamente, aguilloa o PP en Euskadi– rematará o dia no que exista un presidente que, como Tony Blair, decida rematar con oitenta anos de morte, de dor e sufrimento; o dia no que exista unha "ministra para asuntos de Euskadi" que, como Mo Mowland, se decida a entrar nun cárcere a negociar un novo marco político para o Estado Español que, queira-se ou non, é plurinacional, plurilingüístico e pluricultural. Infelizmente, non se albiscan políticos desa fasquia na lonxura. Aznar, é ven visíbel, non ten talla (política). E, por outra banda, a pobreza do discurso de Zapatero, resulta dramática. En Zapatero –din os seus compañeiros de partido– só se olla seguidismo, condescendéncia e auséncia de critério. Intuo que ao PSOE lle agarda un camiño ateigado de espiñas. ♦

■ Botan a andar as escolas para mestres da AS-PG e CIG

Dez vilas e cidades acollen outras tantas xornadas de verán, que dirixidas ao profesorado organizan a CIG e a AS-PG durante este mes de Setembro. Dar a coñecer as experiéncias máis anovadoras que se produciron no ensino non-universitário nos últimos cursos e actualizar a teoria de diversas matérias son os dous obxectivos desta *escola* para mestres. Nesta semana do 11 ao 15 de Setembro xa se celebran en Ferrol e Ribeira; na do 18 ao 22, en Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ribadeo e Baixo Miño; e do 25 ao 29 en Santiago, Ourense e Lugo.

Matérias que van desde a expresión musical até as ciéncias da natureza pasando por coeducación, dinamización de bibliotecas ou utilización de meios audiovisuais son só unha mostra do que se oferta aos asistentes. As xornadas estrutúranse en sesións de tarde e noite, sendo as últimas horas as escollidas para conferéncias, contacontos, recitais ou proxeccións. Ademais na Coruña terán dramatización con *Ula-Lume*, na Mariña Luguesa está programado un paseo en lancha pola ria de Ribadeo, en Pontevedra farán un roteiro ecolóxico pola ribeira do Lérez, a danza centra as xornadas en Lugo, haberá visita á necropole da serra do Barbanza desde a *escola* de Ribeira, en Vigo os participantes terán catro saidas pedagóxicas, a obra *A viaxe de Lola*, de Alalá Producións, representarase en Ferrol, o castro de San Tomé será obxecto dunha visita en Ourense e, desde os encontros de Santiago, partirán cara Noia cun itinerário histórico-artístico. ♦

■ Semana Internacional de Cinema de Autor en Lugo

Do 16 ao 23 de Setembro celébrase en Lugo a XII Semana de Cine de Autor en Lugo que inclue 31 títulos. Polo auditório Gustavo Freire, os cines Yelmo e o salón de actos de Caixa Galiza, pasarán *Buenavista Social Club*, *O muro*, *Morte en Venecia*, *A noite dos mortos vivintes*, *Taxi driver*, *Saló ou os 120 dias de Sodoma*, *Que é a vida*, *Hoxe empeza todo*, *Unha história verdadeira*, *The Warzone*, *Cando volvas ao meu lado*, *Sei quen es*, *Garaxe Olimpo*, *Cosi Rivedano*, *A viaxe de Felicia*, *A vida prometida*, *Freedway*, *Rosetta*, *Un perro andaluz*, *A idade de ouro*, *As Hurdes*, *A Via Láctea*, *O diario dunha camareira*, *O discreto encanto da burguesia*, *A pantasma da liberdade*, ademais dun ciclo de cine infantil e unha mostra sobre Luis Buñuel. ♦

■ A *Menéndez Pelayo* inícia a programación en Pontevedra

Desenvolvéronse entre o 11 e o 15 de Setembro os primeiros seminários coas que a Universidade Menendez Pelayo iniciou a sua programación en Pontevedra. Dous seminários sobre pesca e un sobre Castelao tiveron lugar de xieto simultáneo. Dirixido po Xusto González Beramendi, o seminário "Cando a historia é presente : Castelao" contou coa participación de Xosé Antonio Durán, Xosé Manuel Núñez Seixas e Xoan Carlos Garrido. Asimesmo o Ateneo de Pontevedra en colaboración coa UIMP organiza as "Tertúlias en Pontevedra" desde o Martes 12. O dia 19 Miguel Castroviejo falará dos "Desafios do Meio Ambiente cara o século XXI", o Martes 26 Gurutz Jáuregui tratará "O conflito basco", e o dia 3 de Outubro será José Manuel Sánchez Ron o que diserte sobre "Ciéncia e ética: relacións e conflitos". ♦

■ Van Morrison, concerto estrela na Coruña

Francisco Vázquez e Xosé Luís Méndez Romeu, alcalde e responsábel de Cultura da Coruña, amósanse satisfeitos tras conseguir o compromiso de Van Morrison para dar un concerto no Coliseum o vindeiro 7 de Outubro. A entrada para ver ao irlandés custa 3.500 pesetas mália a subvención municipal e a entrada vai poñerse a venda tamén en Compostela e Vigo. ♦

■ *Muxicas* despídense *naturalmente*

Os grupos musicais, se teñen vida, están suxeitos tamén ás leis da natureza. Asi pensan os integrantes de *Muxicas* que, tras máis de vinte anos de viaxe, deciden que é o momento oportuno para desfacer a formación. O dia 15 de Setembro, Venres, darán o que será o seu derradeiro concerto tras protagonizar outras actuacións durante o verán na xira do adeus. No escenário do centro cultural *Caixanova* de Vigo interpretarán os seus temás máis coñecidos. Non van estar sós, ademais do público, serán arroupados pola Coral de Beade, As Cantareiras do Berbés e varias rondallas de Vigo. Con oito discos ás costas, *Muxicas* apostou sempre polo traballo coa música de raiz e pola utilización dos instrumentos autóctonos. Aseguran que nunca se deixaron levar por modas e que incluso escolleron facer o máis difícil nos tempos en que se está a fusionar o folk e o pop en formulas máis comerciais. Xose Manuel Fernández, Manuel Vazquez "Rin, Rin", Lino Figueroa, Xurxo Cabaleiro, Diego Garcia, Emiio Pichel e Magoia Bodega levan anos xuntos, ainda que non todos estiveron na formación orixinária polo que o último concerto tamén é unha homenaxe aos homes e mulleres que pasaron polo grupo. Como xa apontaban no seu penúltimo disco, no que a música amplifica o son da herba ao medrar nun dia de festa, os *Muxicas* despídense o 15 *naturalmente*. ♦

■ Homenaxe a Neira Vilas na entrega dos Reimóndez Portela de xornalismo

O 16 de Setembro entregarase na Estrada o prémio de xornalismo "Manuel Reimóndez Portela", que chegou a sua quinta edición e recaiu en catro persoas. Soedade Noia, Antón Rodríguez López, Lupe Gómez e Navia Porta, autores dun monográfico na *Revista das Letras* do xornal *O Correo Galego*. Xulio López Valcarcel e Manuel Pereira Valcarcel receberán unha mención especial polos seus artigos de animación á leitura. O mesmo dia, a fundación de Exposicións, ademais, concédelle unha medalla comemorativa a Xosé Neira Vilas. ♦

■ *Letras da Cal* convoca o seu primeiro prémio de poesia

A colección de poesia "Letras da Cal" ven de convocar un prémio de poesia co mesmo nome destinado a escritores noveis, é dicer, que non teñan un libro individual publicado. Os poemários deben ter entre 200 e 500 versos e terán que enviarse por quintuplicado, preservándose a identidade do autor baixo plica, ao apartado de correos da Asociación Cultural "Amaía-Letras da Cal" 142, de Santiago de Compostela. O prazo de admisión remata o 31 de Outubro. O prémio, que consiste na publicación do libro, será fallado no mes de Decembro.

■ Retrospectiva de Georges Rousse no CGAC

Cuarenta e sete pezas de Georges Rousse, criadas entre o ano 1986 e o 2000, poden visitarse desde o 12 de Setembro no Centro Galego de Arte Contemporánea en Compostela. Rousse, nacido en París en 1947, foi fotógrafo publicitário e a partir dos anos setenta comeza a intervir en edificios abandoados con debuxos, pintura e escultura. Ademais desta exposición, a primeira retrospectiva do autor no Estado, Rousse tamén intervirá no mes de Novembro na entrada do CGAC e no "Dobre espacio" con instalacións que se poderá ver até o 10 de Decembro. ♦

■ Belén Padrón, prémio *Eixo Atlántico* de pintura

"Fragmento: cinco segundos", de Belen Padrón, é o título da obra que gañou o primeiro prémio de pintura "Eixo Atlántico" do Noroeste Peninsular, na sua cuarta edición. Os galardóns fixeronse públicos en Pontevedra o Luns 11 de Setembro ao coincidir coa inauguración dunha mostra que reune pinturas chegadas de dezaoito concellos do noroeste peninsular. Á mellor obra portuguesa, segundo o xuri, foi "Reinado azul" de Henrique do Vale, e a galega "14.000 samples" de Brais Rei Daporta. As obras "Paixóns catódicas", de Eva Espinosa, e "Conversa de Emeritas", de Rosa Úbeda obtiveron mencións especiais. ♦

Anxo Angueira, arriba, e Xosé Ramón Pena participan no Simpósio Pondaliano.

■ Mes pondaliano en Ponteceso

A Casa dos Viciños do Couto, en Ponteceso, acolle o VI Simposio Pondaliano, organizado pola asociación cultural Monte Branco durante o mes de Outubro. Comeza o dia 3 con Xosé Ramón Pena e "Unha leitura de Os Eoas". Continuará os dias 10, 17, 24, 28 e 31 con conferéncias de Lisardo López, Xosé Manuel Varela, Manuel Rico, Anxo Angueira, Felipe Senén e Manuel Ferreiro, entre outros. Máis información para inscribirse nos teléfonos 981714352, 981707300, 981714924 e 981714926. ♦

Cinema

A informática non fai o relato

Título: Tormenta Perfeita.
Intérpretes: George Clooney, Mark Whalberg.
Director: Wolfang Petersen. EE UU (2000)

A película *Tormenta Perfeita* procede dun furacán que se formara nas costas de Terranova no inverno do 90, con estrago de barcos e de mariñeiros dos gardacostas. Un trebón dos que se recordan durante anos porque mentres cumpria o seu ciclo engordou unha enormidade o seu poder destrutivo cunha borrasca.

A indústria de cine norteamericana leva anos a facer a dixestión da onda informática que multiplica as oportunidades da ficción visual. No esforzo por lle dar sentido ás novas técnicas de tratamento da imaxe, Hollywood regresou ao tempo medieval cos señores dos planetas a dispararse armamento nuclear, utopia ben máis fascista que as novelas de capa e espada, nas que a vida é preciosa; os *mundos do mal* desaparecen por premer un botón. Hai espectáculo bélico, non vidas e estas desfeitas arroupan o imaxinário colectivo que despois ten que conformarnos coa operación de queimar vivos aos soldados do deserto de Irak ou ás bombas erróneas sobre os comboios de leiteiras de Cosovo. Son obxectivos militares. Se no fondo dos tempos habia un ben e un mal, como din os doutores de Roma, nos milénios a vir hai criminais que dispoñen de tecnoloxia sublime (Luzbel) e xente de boa



George Clooney, protagonista de *Tormenta Perfeita*.

cuña que se defende con armas nucleares (Gabriel).

A segunda quenda da imaxe informática feita na fábrica norteamericana trata dos fenómenos naturais, iso que os anglosaxóns chaman *vontade de deus* ou *actos de deus*, o que revela ben ás claras a sua concepción catastrófica dun ser superior. Tremores de terra, montañas de neve desprendidas sobre casiñas de madeira, sulagos coma o de Caldas ou pés de vento tronzadores, forman unha épica do resgate que lle ven de marabilla ao Estado porque asenta a idea da necesidade dunha forza de intervención ben paga.

A história do trebón sublime ten unha diferéncia importante, en relación con este capítulo dos desastres representados con axuda informática: que ten que tratar dos mariñeiros, do traballo no mar. Vista dende un país que ten 35.000 homes embarcados e que nunca recebeu do cinematógrafo nen un lonxano refrexo da sua odisea, a incursión de Hollywood na vida dun barco de pesca en Terranova ten interese proposicional.

Os elementos do relato do palangreiro de Boston que son o centro da história, teñen coincidéncias formais co funcionamento dos barcos de pesca galegos como son o sistema da parte ou as artes de pesca. Isto non é raro porque chegaron a Norteamérica de Europa, e máis concretamente dos mariñeiros caboverdianos, portugueses e galegos emigrados a Boston. Pódese comprobar no comezo e no remate da história, que aparecen ilustrados con parte da lista de nomes portugueses e galegos de mariñeiros afogados.

O palangre chucha o sangue

Na visión de Hollywood os homes que traballan no palangreiro do desastre, van á parte, un sistema que se resume neste aforismo: *cando o patrón pesca máis que o mariñeiro a cousa non vai ben e cando o mariñeiro pesca máis que o patrón a cousa vai mal.* Unha visión conservadora mil veces contestada aqui, que a película usa como metáfora do sistema de mercado: calquera pode sair a por peixes, un traballo de risco alto no que podes volver rico. Non conta o guión cantos se fixeron ricos no ofício do palangre, que deu entre nós o aviso *o palangre chucha o sangue*. Aqui, esta parte fundamental da épica da pesca arréglase con que o espadarte págase ben en Boston. Pagarase.

Despois está a odisea do mar. O patrón está tan convencido do seu saber que desafia o mar. Os autores do guión ceden á tentación infantil de representar o encontro dun barco de pesca co temporal como unha cuestión de valor. Só teria que perguntar no peirao de Marín polo primeiro consello que se lle dá aos rapaces que comezan no ofício: *no mar non hai valentes*. Asi que os norteamericanos usan o mito do mariñeiro coma un concurso de cortar toros de carballo mp que ou das a medida de vinte e che dan o prémio ou botas os bofes fóra e perdeches. A relación das imprudéncias cometidas no palangreiro ben daria para un curso de seguridade no traba-

> Os trucos serán todo o gloriosos que se queira, pero o xix deu ben escritores que melloraban a maneira de contar un temporal desta película.

(Pasa á páxina seguinte)

conta de libros

Toribio e o bandoleirismo

A Hixinio Puentes, investigador e mestre no Porto do Barqueiro, outorgáronlle o prémio literário "Pastor Diaz", do concello de Viveiro, polo seu traballo **O bandido Casanova**. Neste libro, agora publicado por Xerais, é o próprio Mamede Casanova, máis coñecido como Toríbio, o que narra as suas aventuras e desventuras. Coa bisbarra de Ortigueira como escenário e as obras do ferrocarril ao comezo da Segunda República como ponto de partida, o autor reconstrue a biografia deste home que viveu ao marxe da lei.♦

Para un galego científico

Carlos Garrido apresenta o **Manual de galego científico**, un volume dirixido a investigadores, docentes e estudantes no campo das ciéncias experimentais. Cun esquema semellante ao das obras do catalán Carles Riera -que tamén asina o manual–, o profesor da Universidade de Vigo, oferece "unha série de apontamentos terminologicos destinada a esclarecer o correcto emprego de numerosas vozes galegas de interesse científico cujos genuínos valores semánticos se veem hoje seriamente comprometidos pola pressom do castelhano". Editado pola Agal.♦

Otero homenaxea a Noriega Varela

Dentro da serie "As nosas voces" que edita o Consello da Cultura e o Arquivo Sonoro de Galiza, incluúse o libro CD **Homenaxe a Noriega Varela** de Otero Pedrayo. Case octoxenário, -a gravación data do 1 de Outubro de 1967 en Mondoñedo– a voz de Otero soa emocionada ao referirse ao chamado Poeta da Montaña, "un home conteste, grave, serio, maino, como unha carballa da terra luguesa, unha carballa cuio cerne é sempre eterno e sempre fresco e sempre namorado e sempre xentil".♦



Aventuras do señor Luna

O xornalista e narrador Cesar Mallorquí trama toda unha novela de aventuras, con pinceladas exóticas, nas ruas de Madrid. Con **O último traballo do señor Luna** gañou o premio Edebé de literatura xuvenil. O rapaz protagonista, cunha intelixéncia superdotada pero feble no corazón, vai cruzarse cun narcotraficante de cocaina colombiano e cunha emigrante latinoamericana. A tradución é de Pilar Saborido.♦



XERAIS

Caderno do profesorado
Curso 2000-2001

Unha ferramenta útil e necesaria para a planificación do novo curso e para o seguimento da titoría.

Experimentado con éxito por centos de profesores e profesoras.

Á venda en librerías.

XERAIS
xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

Cinema

(Ven da páxina anterior)
llo, dende meter toda a máquina contra o mar levado ate non trincar o barco ou meterse contra un ciclón cun esparabán de balanzo arriado. O relato abusa do mito e afógao.

Mellor está que a informática das artes de representación teña destino nunha história de mariñeiros. No entanto, o cine non está isento da mesma proba do nove do teatro: unha película ten que valer no acto da representación e as glórias da ficción con ordenador serven sobre o plano dos resultados e non no das intencións. Os trucos serán todo o gloriosos que se queira, pero o XIX deu ben escritores que melloraban con moito a maneira de contar un temporal desta película. ♦

G. LUCA

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. **O ESPELLO DO SERÁN**
Otero Pedraio
Galaxia

2. **UN PAÍS DE BRÉTEMA**
Suso de Toro
Aguilar

3. **TEN O SEU PUNTO A FRESCA ROSA**
Mª Xosé Queizán
Xerais

4. **REMINISCENCIAS DE BOB DYLAN**
Xosé Antonio Moreno
Galaxia

5. **O BANDIDO CASANOVA**
Hixínio Puentes
Xerais

NON FICCIÓN

1. **HISTORIA DE GALICIA**
Pepe Carreiro
A Nosa Terra

2. **ESTRUTURA ECONOMICA DE GALICIA**
Xoaquin F. Leiceaga / Edelmiro L. Iglesias
Laiovento

3. **XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE GALICIA**
Pilar Barciela G./Eusébio R. Seara
Xerais

4. **A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA DE MARIO DE LANGULLO**
António Téllez
A Nosa Terra

5. **MANUEL MERA**
Xan Leira
Xerais

Librarias consultadas: *Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Índice* (Ferrol). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* e *A Palavra Perduda* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).

Arte

A arte que revolucionou Europa

Título: Sen obxecto. A vangarda rusa na colección do Museu Estatal de San Petersburgo.
Lugar: Centro Cultural Caixanova, Vigo.
Data: Até o 29 de Outubro, de Luns a Sábado de 18 a 21:30 e Domingo de 12 a 14 h.

Baixo o título *Sen obxecto. A vangarda rusa na colección do Museu Estatal de San Petersburgo*, apresentouse o pasado dia sete de Setembro na sala de exposicións do Centro Cultural Caixanova en Vigo unha mostra que reune 30 obras dos pintores máis representativos da abstracción rusa (Kandinski, Malevich, Larionov...). As pinturas, óleos sobre lenzo na sua maioria, foron cedidas polo Museu Estatal Ruso de San Petersburgo e abarcan o período que discorre entre os anos 1910 e 1930, etapa caracterizada por unha experimentación constante que culminou cando se chegou a prescindir totalmente de formas recoñecidas.

> Centra a sua atención nun período revolucionário no que se produce un cámbio radical tanto no seo da sociedade rusa como tamén no eido das artes.

A pintura sen obxecto aparece en 1910, ano en que Kandinsky remata de escreber a sua obra máis revolucionária *Do espiritual na arte*, a partir da que se abren novas rotas para o mundo da criación artística. É tamén neste ano cando o pintor leva á prática as suas teorias na *Primeira acuarela abstracta*, onde consegue liberar a forma e a cor de calquer referéncia á realidade para transmitir unha série de resonáncias emotivas.

Nese momento, as condicións que propiciaran a aparición dun mundo "sen obxectos" xa se deran na arte dalguns países europeus, pero foron os artistas rusos os que o reflectiron por primeira vez. O pulo definitivo deuno Malevich, líder indiscutíbel da vangarda, cando inícia o suprematismo ao apresentar 39 composicións sen obxecto en *0.10. Última exposición futurista* (Petrogrado, 1915). Estas composicións amosaban unha perspectiva xeométrica da abstracción en contraposición ao lirismo do que dotaba Kandinski os seus cadros.

***Dous óvalos* (composición nº 218) 1919, de Vassily Vassilievich Kandisnky.**

A mostra centra a sua atención no arco cronolóxico que vai desde 1910 até 1930, período revolucionário no que se produce un cámbio radical tanto no seo da sociedade rusa como no eido das artes. Desta forma, houbo un antes e un despois do fenómeno que se coñece como vangarda rusa. O antes foi a fenda aberta polos pintores simbolistas, que prepararon o camiño para a ruptura co realismo e naturalismo imperantes. O despois, a ditadura autocrática de Stalin, que supuxo unha volta aos valores realistas nas artes plásticas.

O ponto de partida da vangarda rusa foi o postimpresionismo e, moi especialmente, o simbolismo. Desde aí comezaron a se desenvolver unha série de propostas revolucionárias e radicais. Neoprimitivismo, cubofuturismo, raionismo, suprematismo e construtivismo son basicamente os credos que protagonizaron a arte rusa durante estas décadas, dando lugar a unha espectacular explosión artística que configurará unha das etapas máis criativas, anovadoras e frescas do mundo da arte.

Na exposición están presentes grandes figuras da história da arte como Kandinski, Malevich e Larionov, que abriron o camiño a un colectivo numeroso cuxos principais representantes son Rodchenko, Kliun, Lebedev, Matiuxin, Puni, Filonov... Todos eles integran a mostra, na que, tamén, podemos atopar unha destacada preséncia das criadoras máis emblemáticas da vangarda rusa: Popova, Rozanova, Exter ou Ender. ♦

IVÁN GARCÍA RIOBÓ

conta de discos

Gaélico, naturalmente

Título: Nàdurra.
Grupo: Capercaillie.
Edita: Survival.

A tradición que canta en gaélico e os sons contemporáneos cínguense de novo nas composicións que *Capercaillie* recolle no seu último traballo, *Nàdurra*. Viñan de editar o recompilatório *Dusk Till Dawn. The best of Capercaillie*. As suas viaxes a Galiza mantivéronse nos últimos veráns e puidéronse escoitar en directo en diferentes festivais, o último Ortigueira. Pero o certo é que xa ia para tres anos que a banda escocesa non editaba un novo traballo.

Inspirados no rico repertório dos cancioneiros que herdaron, *Capercaillie* grava *Nàdurra* con bases acústicas e mantendo, tamén, a experimentación electrónica inaugurada anos atrás en doce temas nos que permanece a elección do gaélico, "naturalmente" (tradución do lema do disco, que se aponta en inglés na contracapa do CD, que produce o próprio grupo e Calum Malcom).

Neste traballo constátase a integración, como parte da formación, do gaiteiro Michael McGoldrick, que xa colaborara coa banda na gravación e xira do seu anterior disco *Beautiful Wasteland*, Ewen Vernal, que aporta o baixo acústico e eléctrico e James MacKintosh, de *Shooglenifty*, que se encarga do traballo de percusión. Son os novos compañeiros de viaxe de Karen Matheson, unha das voces máis recoñidas da *world-music* e os compositores: Donald Shaw, (teclados), Charlie McKerron (violino) e Manus Lunny (bouzouki, guitarra e bodhran).

Desde os seus comezos no Instituto de Oban, en Argyll, *Capercaillie* conseguiu un disco de ouro e dous de platino no Reino Unido, levan vendidas máis dun millón de cópias e estiveron de xira en máis de trinta países. Colaboraron e apareceron na película *Rob Roy* e conseguiron, que por vez primeira, un single en gaélico acadara o top 40 nas listas inglesas. ♦

O CORDEL

Peace Matters

Newsletter of the Hague Appeal for Peace

Nº 3. Maio de 2000. Prezo: de balde.
Edita: Tribunal de apelacións pola paz da Haia.

Este voceiro do Tribunal de apelación da Haia, encargado de xulgar aqueles delictos que atentan contra os direitos humanos en calquer país do mundo, dálle singular protagonismo a Galiza neste número. No artigo de Carla Lisa Potts sobre a relación da mocidade coa guerra, a ilustración correspon-

de ao Dia Escolar pola paz, convocado polo Seminário Galego de Educación para a Paz. As armas nucleares tamén centran outros traballos contidos nesta edición. Vários expertos internacionais avogan pola revisión dos tratados de non proliferación de armas nucleares para conseguir que non se siga aumentando o arsenal, cada vez máis importante, especialmente nos países subdesenvolvidos. ♦

Interesarte

Nº 9. Ano 2000. Prezo 800 pta.
Dirixe: David Barro.
Edita: Galaxia.

Na sección de arquitectura, César Portela valora a V Bienal española desta arte. Víctor Vaqueiro comenta a fotografia de Xosé Suárez. António Borrazás explica as características especiais de Vari Caramés. En artes plásticas, destacan os artigos sobre Xurxo Gómez-Chao, Xosé Artiaga ou Leopoldo Nóvoa, entre outros. Iolanda López comenta a rodaxe da película *Divertimento*, que José Garcia Hernández realizou no Teatro Xofre de Ferrol con Federico Lupi e Paco Rabal como absolutos protagonistas. ♦

Guía dos libros novos

Nº 21. Setembro de 2000. Prezo 300 pta.
Dirixe: Xabier Madriñán.
Edita: Noroeste Edicións.

Entre os libros que se reseñan neste número, destacan *Direitos lingüísticos e control político*, de Pilar Garcia Negro, comentado por Concha Costas. *Infancia e desventura de Lino Carrán*, de Xosé Miranda, é comentado por Francisco Martínez. Xosé Manuel Enríquez comenta *Salvador de Occidente*, de Nacho Taibo. O libro *Animalia*, de Antón Riveiro, é reseñado por Joaquim Ventura. *En atalaia alerta*, de Marta Dacosta, recibe a sua crítica de Román Raña. Estro Montaña analisa a obra de Boris Vian *Os constructores de imperios ou o schmürz*. ♦

Manuel Pérez Rua

'O futuro do urbanismo está no diálogo das cidades co entorno'

CARME VIDAL

CONTAR COA HISTÓRIA E OS HABITANTES PARA URBANIZAR. CONSTRUIR CIDADES QUE EXERZAN UN LIDERATO HARMÓNICO CO ENTORNO. PROMOVER UNHA MEMÓRIA QUE IDENTIFIQUE AS PERSOAS E NON AS TRATE COMA ABORÍXENES NO SEU PRÓPRIO PAÍS. FUXIR DE CONVERTER A GALIZA NUN GRANDE MUSEU. SON ESTAS ALGUNHAS DAS TESES QUE DEFENDE MANUEL PÉREZ RUA, COORDENADOR DA ÁREA DE PATRIMÓNIO CULTURAL E CULTURA URBANA DO *FORO DA CULTURA GALEGA* NA QUE PARTICIPARON, ENTRE OUTROS, OS ARQUITECTOS CÉSAR PORTELA E DANIEL PINO E O INVESTIGADOR DIONÍSIO PEREIRA.



A. PANARO

Que papel están a cumprir as cidades como referente de progreso na sociedade galega?

Os dados mostran esa sorte de pensamento único que leva á xente a abandonar Lugo e Ourense para povoar o corredor atlántico. No modelo urbano, poñendo como cabeceiras a Coruña, Santiago e Vigo estanse dando casos moi dispares. A Coruña está convencida de que se basta por ela mesma. Inmenso erro porque non hai máis que baixar a Santiago –cidade premiada pola recuperación do casco antigo– para ver os efectos perversos que se produciron en Bertamiráns, Cacheiras, Teo ou Sigüeiro. Arrastramos un atraso histórico por ter a povoación tan espallada e polo drama da xente que vive ali e agora estamos a facer casas máis acaidas pero que non deixan de ser aldeas. Non se producen comunidades, identidades, senón unha mestura de tipoloxías do urbano e do rural sen que haxa nengunha sorte de arranxo. Vigo, pola sua coxuntura, é a cidade que está máis a ponto de afrontalo porque coas estratéxias para o plano xeral e a área metropolitana vai ter que asumir o liderato harmónico de toda a zona. Este é o cámbio que se apresenta máis interesante en Galiza, que as cidades dialoguen coas suas grandes áreas; as cidades teñen que pensarse para configurar o território e a povoación e ese é o modelo que tiña que imperar hoxendia.

Fala de diálogo harmónico pero as normas urbanísticas locais son as que permiten a conservación de Santiago e o crecemento dos concellos do arredor.

Está a ser un problema porque calquer instrumento legal que se faga responde a critérios das tensións territoriais, daquilo de "esta é a miña cidade e vou ordear para ela". Santiago logo ten menos residentes porque marchan e outros concellos urbanizan de novo e cómpre darlle servizos a eses novos habitantes. A Coruña non é quen de solucionar os problemas do lixo enfrontándose aos concellos próximos. A cuestión é que non se deu nengun salto na ordenación territorial, desapareceron os governadores civis e pasaron a chamarse delegados do governo. Non se está recoñecendo a dimensión dunha lei que se está a preparar como é a da área metropolitana para Vigo.

Eses problemas non se solventarian cunha ordenación comarcal acaida?

Cando se fala de área metropolitana poderiase falar dunha organización supramunicipal. A criación de Fundacións para o Desenvolvemento é un modelo para desarmar, trazouse un mapa de Galiza para sementalo de locais onde vender artesania sen entrar a fondo en nengun dos problemas de ordenación territorial. No *Foro* collimos o conceito de cidade-xardín, que xa aparece en moitos galeguistas, en especial en Castelao, como o ámbito no que o rural penetra no urbano e viceversa. Galiza ainda ten moito diso. Vigo, con ser a cidade maior, é un exemplo. No núcleo urbano por excelléncia, a Gran Via, pódese atopar un paisano cun *Mercedes* e un remolque que vai ás patacas. Iso é Vigo e iso son as cidades de Galiza e o que cómpre é buscar un modelo harmónico para o futuro.

Que significa recoñecer a história das cidades no urbanismo?

Cando se fala, por exemplo, de Vigo hai unha falta de esforzo por entender que ten história. É dicer, o seu núcleo rural é, por asi dicer, menos Vigo do que Moaña e Cangas onde hai persoas que van ao médico, a mercar, a estudar ou a traballar ali, producíndose unha integración que, non sendo administrativa, é moito máis forte da que pode ter unha persoa de Valadares. Os modelos cos que se traballou esquecen a história própria das cidades e só as contemplan como pontos de atracción de capitais. A lóxica é a de producir riqueza pero cun modelo de traballar rural. Invístese en bares ou casas sen entender que ese é un espazo para viver centos de miles de habitantes. Hai urbanistas que se sorprenden de que nas cidades haxa pobreza e infravivenda. Non se fixo o esforzo de entender o país que hai debaixo e aplicáronse modelos xa feitos.

Onde situa o conceito de modernidade na construcción das cidades?

O fundamental é non facer abstracción do tipo de habitantes que hai. Vigo ten uns índices de leitura arrepiantes, non hai teatro estábel e ten unha cativa oferta cultural. Non habendo nada diso pénsase facer o Pazo de Congresos e a Casa das Palabras como se isto fose Paris. Seria máis interesante facer un diagnóstico contando cos próprios cidadáns. Exemplifica tamén o descoñecemento da sociedade e a aplicación de modelos de escola que non son acaidos para nós. Para urbanizar é preciso contar coas forzas sociais, escoitar á señora que para ir á compra diária ten que coller tres autobuses e vive nunha cidade distinta. Non é a mesma para o taxista, un estudante ou un empresário. Fronte iso segue a haber moito despotismo ilustrado e proxección ao grande do que seria o alcalde de bairro, é dicer, tendéncia a perpetuarse no tempo e a dicer que isto o fixen eu.

É A Coruña un modelo válido?

Non, cria a felicidade inmediata pero ten un liderato contraditório con respecto ao entorno que é difícil de arranxar. Vendeuse a imaxe de cidade contrapaís que produce un efecto epatante, cosmopolita pero iso é momentáneo.

Património e emigración

Como se debe intervir no património rural?

Nos anos sesenta coincidiron o desenvolvemento económico e a emigración. Para un paisano, enriquecerse era vender a terra, ian traballar fóra pero seguian con aquel modelo relixioso na cabeza. Montaban o bar no que o home está na barra, a muller na cociña e os fillos de camareiros. O imaxinário que tiñan de parróquia, mortos, festas... é moi difícil de manter na cidade, hai xente que está morrendo porque tratan de reproducir o lugar e fomentan algo impalpábel como é a infelicidade. Xente que volveu da emigración e atopa que aquel mundo está agotado, viven na cidade pero din que é un sistema equivocado. Afirman, por exemplo, "non hai respeito". Desa mentalidade antiga hai cuestións importantes pero, ás veces, cultivamos outras que non o son e asi asistimos a un mundo de *anakiros* e *manoloescobares*. Prodúcese, pola contra, a utilización da história en positivo para a criación de novos imaxinários como a Festa da Istória de Ribadávia ou a Feira Franca de Pontevedra. É a posta en valor da história, que descoñecemos porque somos un país colonizado, dunha forma lúdica coa que é fácil identificarse. Sen embargo a festa tradicional morre porque se continua a reproducir o modelo atrasado que a mocidade xa non asimila.

Alertaron do perigo de facer de Galiza un grande museu.

Non é tempo de promover magníficas colecións de cadáveres. O culto e a exposición de todos os trebellos non deixa de fomentar a imaxe estereotípica da Galiza eterna e, sen embargo, hai patrimónios non físicos como a da emigración que se está a perder. É unha memória que morre como tamén acontece coa história da pesca.

O *Foro* denunciou a auséncia de documentalismo.

Prodúcese o modelo folclorizante que trata aos nativos coma se fosen aborígenes de Austrália: que choren que os sacamos na *galega*. Tampouco houbo a preocupación de facer o diagnóstico da emigración e a sua situación actual de inmigrantes no país. Existe unha espécie de vergoña colectiva que quere tapar esta parte da nosa história. Detrás da emigración hai outro modelo de investigación que non é só a cuantificación: hai que falar coas persoas e iso non se está a facer. Nos Estados Unidos –e ninguén lle cuestiona a sua modernidade– teñen un imenso museo da emigración. Nós descoidamos a nosa história. ♦

Galaxia conta o seu meio século de história

Unha exposición aberta en Vigo comemora os 50 anos da editorial

Entre o cadro de Xohán Ledo –ilustrador da editorial até fin dos setenta– que retrata o primeiro equipo de Galáxia e a fotografia do actual Consello de Administración meian cincuenta anos. Son as cinco décadas que Galaxia comemora na mostra *Palabras para un país*, na que editorial fai reconto da sua própria história. Xohán Ledo estaba na inaguración da exposición o pasado dia 13 de Setembro en Vigo, como tamén estaba Xaime Illa Couto, actual presidente e "proxectista" de Galaxia, os dous son memória viva da empresa fundada en 1950 con vocación cultural e política.

Xaime Illa Couto intervén na inauguración da mostra do cincuenta aniversário de Galaxia.

FÁTIMA

O historiador Xavier Castro é o comisário da mostra que leva a sinatura da própria Galaxia. No paso diante dos paneis e as vitrinas que compoñen a exposición ninguén cuestiona a relevância que o proxecto tivo na recuperación cultural do país. Xaime Illa Couto, Alfonso Zulueta de Haz e Carlos Casares –actual director– non dubidaron en mentar no acto de inauguración alguns dos sobranceiros nomes que inauguran a história de Galaxia, dous deles con especial forza, Ramón Otero Pedrayo –presidente até 1976– e Ramón Piñeiro, director literário entre 1950 e 1985 e verdadeiro inspirador do proxecto de resistência cultural. Decidiron en plena dictadura que a mobilización política non era posíbel e que compria "facer un labor a longo prazo e ese era o da actividade cultural", ao dicer de Xaime Illa.

Galaxia ten asi meia vida na dictadura e a outra meia desenvolvida despois da restauración das institucións democráticas. Nas vitrinas queda marca daqueles primeiros anos nos que a censura peneiraba os textos. "Burda novela corta en gallego" calificaba a *A Esmorga* de Blanco Amor, o lápis vermello deixaba igual pegada en *O porco de pé* de Risco ou na proibición en 1952 da publicación da Colección Grial. Á vista está o cuestionário que o censor cumprimentaba e o difícil papel de Ben-Cho-Shey á hora de tramitar os permisos de edición a Madrid.

Unha acción evoca a orixe da empresa, unha sociedade anónima que "nunca repartiu dividendos" e que evitou a concentración da propriedade. Un exemplar de *Antífona da cantiga*, de Cabanillas, ensina o primeiro título publicado. A letra de Otero Pedrayo móstrase no manuscrito de *Entre a vendima e a castañeira* ao pé do orixinal do diccionário de Eládio Rodríguez. Á vista queda tamén a carta na que Virxínia Pereira autoriza a publicación dalgunhas obras literárias e artísticas de Castelao para unha soa edición "conservando a propriedade delas e todos os direitos que me corresponden como proprietaria de ditas obras". Retallos do texto no que Ramón Piñeiro denunciou a represión lingüística do franquismo ante a Unesco en 1954 e que puxo en vereda a integración de España na organización internacional son proba, para Carlos Casares, de que "amáis de ser editorial era un proxecto político", e, ao seu ver, o tempo demostra que o ideário de Piñeiro era atinado tamén como loita activa antifranquista.

Refírense tamén desde Galaxia neste sinalado aniversário ás relacións entre o galeguismo do interior e o exílio, un dos pontos máis polémicos da sua história. "Estas relacións, das que se encargaron sobre todo Fernández del Riego e Ramón Piñeiro, proseguiron despois e nelas houbo máis coincidéncias que discrepáncias" afirman no taboleiro titulado "unha batalla política e cultural". O actual presidente da Académia, Francisco Fernández del Riego –ausente no acto de inauguración– foi un dos fundadores da editorial e ideador da celebración do Dia das Letras Galegas que Galaxia promoveu desde 1963.

Alfonso Zulueta definiu a idea que pervive en Galaxia ao mentar a actual publicación das obras completas de Castelao e a producción literária de Shakespeare verquida ao galego. Falaba asi da "visión europeista da cultura galega" á que tamén se referiu Xavier Castro que está a preparar unha história da editorial de máis tempo no país. ♦

O diário musical galego-canário Mundo Clásico triunfa na internet

Xoán Manuel Carreira é o editor dunha publicación que ten 300.000 entradas ao mes

www.mundoclasico.com é o principal diário de música clásica na internet editado en castellano. Con 300.000 visitas ao mes, constitue unha das mellores formas de proxeción da música galega no mundo. O crítico Xoán Manuel Carreira é o editor dunha publicación electrónica que se realiza na Galiza e nas Canárias conxuntamente.

Mundo Clásico ten un cadro de persoal cativo, apenas cinco traballadores; pero conta cunha extensa lista de colaboradores que lle permiten informar de todos os acontecimentos senlleiros na matéria en moitos lugares do globo. "Incorporamos á publicación espectadores con critério e experiéncia para facer crítica e resultaron uns críticos excelentes", conta Xoán Manuel Carreira, que se gaba do prestíxio acadado por esta publicación. Proba da penetración deste xornal electrónico é que foi invitado á inauguración da tempada do Covent Garden, málias o restrictiva que é cos meios de comunicación a sala londinense.

Ainda que naceu como un semanário, a incorporación de Carreira, os contactos que este último aportou e a própria dinámica do meio foron conducindo a Mundo Clásico cara o diário. "Era máis cómodo facer un diário que un semanário", di Carreira. Asi, pouco a pouco chegou ao formato actual: cinco dias á semana co mesmo critério que a prensa económica. Hoxe, Mundo Clásico aproxímase ao número cincocentos e a sua audiéncia medra a ritmo case exponencial. Ten 25.000 leitores no Estados Unidos e outros tantos en América Latina; 300.000 entradas ao mes, cando o resto de publicacións das mesmas características en español non teñen máis de 2.000 leitores.



Aspecto da Portada e Axenda desta publicación electrónica.

Mundo Clásico é un diário especializado, diferente aos restantes porque non cae na crítica discográfica e prefire a información sobre a actividade musical, asi como realizar críticas dos concertos. Disto distínguese das publicacións análogas en inglés. "A música clásica é un mercado en crecimento, como demónstra o feito de que o xornal The Economics inclue críticas de música clásica, por iso a nosa publicación medra", indica Xoá Manuel Carreira.

Absoluta imediatez

A rede internet permite unha difusión inédita porque a imediatez é case total. A revista en papel escrita en español de máis difusión vende mensualmente 8.500 exemplares porque as críticas dos concertos e a axenda chegan con demasiada lentitude ao público, moitas veces un mes despois de producirse os acontecimentos en cuestión.

Salvado o problema da imediatez grazas á edición diária, Mundo Clásico incorpora na sua portada várias notícias que renova diariamente máis a axenda da xornada, asi como algunhas entrevistas, críticas e artigos de nova criazón. Nas persianas despregábeis, é posíbel aceder ao todo o fundo de críticas publicadas anteriormente, asi como aos artigos, as entrevistas e as notícias. A maiores, inclue chats, sistemas de búsqueda, forums, e as seccións habituais neste tipo de meios. Na actualidade aborda a posibilidade de facer edicións xeográficas. "Confiamos na existéncia dun mercado en español en Centro Europa, en Austrália e no Xapón", indica Carreira, que celebra a nova edición na Arxentina en colaboración con American On Line. Igualmente, teñen proxectos de sectorialización. A vocación informativa vén marcada por un modelo fortemente crítico, independente pero que convive sen problemas con artistas e institucións. "Os únicos problemas que temos son co Ministério de Cultura de España", indica Carreira. "Os artistas e as orquestras asumen as críticas porque son profisionais–engade–, nas entrevistas somos exixentes e non entramos no compadreo; non perguntamos polo programa que se vai incluir nun concerto, senón polo critério para programar cando falamos coa dirección dunha orquestra, ou perguntamos porque os galegos temos que pagar á Orquestra Nacional se estamos a entrevistar á ministra de Cultura".

Esta revista vive da publicidade, ainda que de momento os ingresos non dan benefícios. "Ainda non quebramos –ironiza Carreira–, os negócios na internet van moi lentos". En todo caso, o público deste xornal é mi cualificado e ten unha grande capacidade de adquisitiva. "Os subscriptores son profisionais, casas fonográficas, xestores de política cultural…", di o editor. ♦

ANACOS DE BOROBÓ

O exemplo de Álvaro de las Casas

Queda dito que a facilidade oratoria era unha das características comúns de Ramón Fernández Mato e Álvaro de las Casas, os dous únicos escritores galegos transterrados que abdicaron das súas ideas para arrimarse ao franquismo. Escoitei a Mato unha soia vegada, cando me levou meu pai a ouvir a seu admirado compañeiro de Fonseca e da Tuna. Nun mitin no que participou en Vilagarcia. Non poido precisar a data; o que lembro é que non era un mitin eleitoral. Algo así como se fose un entrenamento democrático e galeguizante prá acción política. De alí a pouco, o elocuente orador, que non me entusiasmou demasiado, sería feito governador por Portela Valladares.

Pola contra escoitei de rapaz máis de unha vez a Álvaro de las Casas na miña Terra de Iria. Onde aparecía don Álvaro con certa frecuéncia pra botar, co menor pretexto, algún discuro improvisado en Padrón ou Lestrove. Pra honrar a Rosalía; pra evocar a Macías O Namorado; pra facer propaganda, quizaves, do Estatuto de Galicia.

■ **DON ÁLVARO NO ULLÁN.** Viña con outros dous ou tres profesores do Instituto de Noia e uns cantos discípulos diles, quen algun lle servia de *teloneiro*. Soían dirixirse ao Souto feiral padronés. Deica alí o seguíamos unha dúcia de rapaces de Extramundi, afeizoados á política e ás letras, cheos de curiosidade. Baixo a frondosidade dos centenarios carballos, existía unha mesa de pedra, onde os domingos de Pascua, a xente distinguida *tomaba o pulpo* (pois non lle chamaban *polbo*). Subíase a ela Don Álvaro, e logo de que falasen brevemente un par de *teloneiros*, comezaba un dos seus longos e preciosos discursos: pois somentes podía superalo, en barroca elocuencia, Otero Pedrayo ou, en faculdades tribunicias, Basilio Álvarez. Os dous mestres ourensáns, coma il, da arte de conmover coa palabra.

Nalgún lecer chegou Álvaro de las Casas ao Ullán, ao frente dos seus *Ultreias*: pra mostrarlles a Casa de Rosalía, nises anos, e ainda por moitos máis, arruinada. E as descoidadas, entón, Torres de Hermida, onde morara tamén a Cantora do Sar. E o camposanto da Adina, no que o seu corpo estivo sepultado. E pra contemplar, dende a explanada do convento do Carmen, toda a apostólica e rosaliana Terra de Iria. Ademais recordo que un bon dia levou don Álvaro aos seus *ultreias* deica o seráfico Herbón.

■ **CAMIÑO DE HERBÓN.** Anque Borobó nunca foi *ultreia* xa trataba ao director do Instituto de Noia, de tanto asistir aos seus mitins, e acompañouno, camiñando cos seus *ultreias*, aquela lonxana e inesquencible tarde, pola beira do ulla, ata marabillosa aldea, franciscana, lampreira e pimenteira, de Herbón.

Acompañáraos xa durante o previo percorrido pola miña vila natal, de Pontecesures, onde visitara a Cerámica Celta; en plena produción neses días, contando coa inspiración de Castelao e as aportacións de Francisco Asorei e outros artistas. Logo seguimos andando pola vía do tren, e ao chegar a Lestido tomamos o camiño de Herbón. Denantes, pasando a ponte de ferro –como máis tarde lembraria Borobó no anaco nº 73 de *La Noche*– un dos *ultreias* sinalou:

—Augas arriba queda Herbón.

E Álvaro de las Casas explicoulle aos seus rapaces:

—¿Non coñecedes Herbón? Alí está o convento franciscano, cheo de silencio e beatitude. ¡Si San Francisco volvese ao mundo, escollería sen dúbida o cenobio de Herbón, entre todos os da sua orde, pra vivir de novo...! Ledo Herbón, doce coma un agarimo verdecente.

Non aseguraba Borobó que don Álvaro pronunciara exactamente tales palabras, no seu fermoso galego prenormativizado, pero soaban moi docemente a seus ouvidos cando as escribeu, e poido moi ben pronuncialas o gran mestre dos *ultreias*. "Os oradores –comentaba eu, hai cincuenta e catro anos– se embriagan cas frases floreadas que *achispan* ainda máis ao auditorio. Si se toman cun *cassete* algunhas delas, comprobaríase que casi sempre eran puro, sabroso camelo, a punto de caramelo".

Mais non era iste o caso de Álvaro de las Casas. Quen discurria no momento de cruzar o río Ulla, polo axiña desaprecido ponte metálico do *The West Galicia*, era un orador cabal e sabio, que non falaba de balde. Anque foi un dos máis grandielocuentes oradores de estilo asiático cal Hortensio Hortalo, que escoitei xamais. Ainda vibran nos meus oídos, trece lustros despois, de telas ouvido: na ponte de ferro, ante as palmeiras de Herbón, nas Torres de Hermida, cabe o Souto de Padrón.

Un libro enteiro faría falta pra

Ramón Fernandez Mato caricaturizado por Castelao cunha praza de touros por sombreiro.

tratar da inmensa obra e a breve vida do fabuloso orador e escritor ourensán: capaz das criacións e das contradicións máis sorprendentes. Lembrarei algunha dilas, coma a de cando o fantástico fidalgo resideu na vila e corte, e foi nomeado xentilhome de cámara, ou maiordomo de semanas de S.M. o Rei alfonso XIII. aparecendo retratado en ABC, vestido de calzón corto, con espadín e a chave do seu oficio palatino; o cal abraiou a seus amigos das Irmandades da Fala, a maioría deles intelectuais republicanos; os cales non comprendían que Álvaro fora daquela, ademais, secretario do Conde de Vallellano, alcalde de Madrid no tempo da Dictadura primorriverista.

Por si fora pouco ocorreuselle ao xentilhome ourensán, e profesor de historia, fundar, sacándoa da manga da sua casaca, a Orde dos Infanzóns de Illescas, que ainda subsiste, lucindo lindos uniformes ideados por il.

■ **O PROFESOR ARREDISTA.** Logo don Álvaro gañou a Cátedra de Historia e Xeografia no recén creado Instituto de Noia, onde unicamente se cursaba o bacharelato elemental. Ao pouco tempo foi designado director daquil centro, emprendendo unha laboura de extensión cultural que se fixo notar axiña na terra barbanzán e arousana, alcanzando á de Iria –como xa indiquei– e a propia Compostela.

Nises primeiros anos trinta o Infanzón de Illesca trocárase no máis destacado arredista galego; tanto na tribuna, coma na prensa e nas organizacións políticas en que participou. Chegou a discursear no Paraninfo da Universidade en pro da independencia de Galicia, e formáronlle de contado un expediente, destituíndoo de súpeto da dirección do Instituto noiés.

A capacidade de organización de Álvaro de las Casas manifestouse esplendorosamente na criación dos *ultreias* coa cooperación doutros intelectuais coma Filgueira Valverde, Bouza Brey e Fernández del Riego. Viñan a practicar unha sorte de escultismo nacionalista; empezando de seguida a realizar moitas actividades culturais e deportivas, entre as cales destacou a excursión marítima pola Ría de Arousa durante unha semana.

Aquela organización *ultreia* que parecía avanzar vento en popa, pilotada de man mestra por Álvaro de las Casas, tropezou con certos escollos, de índole sexual, que alertaron a Castelao, Otero, Bóveda e demáis guieiros do galeguismo, e impidiron que chegase a ser a estructura organizativa das *Mocedades*. Que pouco tardarian en establecer o Partido Galeguista, de modo directo e formal.

■ **FINAL EN BARCELONA.** Cando Borobó escribía en *La Noche* aquela semblanza de Álvaro de las Casas; ainda estaba iste transterrado en Bos Aires, fuxido da España de Franco. Non cesou alí a súa peculiar actividade, criando entre outras cousas, a editorial *Emece*. Pero ao pouco tempo, na derradeira das duas inverosímiles mutacións, convirteuse ao franquismo. Ainda transcurrirían algúns anos máis, antes de que chegase un mal día, ferido de morte, ao porto de Barcelona. Pra finar a noite seguinte na casa do seu irmán, o poeta Augusto Casas, que era, senón me equivoco, o secretario do Goberno Civil da cidade condal. O mesmo que fora anos antes, don Faustino Santalices, o tanxedor da zanfona. ♦

Dille Berce ao Inimigo

Adeus aos palcos

E tiveron que vir as orquestra para rematar con eles. Sentados nunha terraza da praza maior de Celanova asistimos a un espectáculo incríbel. A chegada dun trailer non fai presaxiar que, cal nave nodriza, do seu ventre sairia, ademais de cantantes, *go-gos*, instrumentistas e técnicos de son,.. o mesmo escenário! Xa non é preciso que a comisión de festas monte a tarima para o conxunto. E os efeitos secundários? En moitas vilas xa están empezando debatir a utilidade dos horríbeis palcos que cal mal semente floreceron en ruas e prazas durante os anos setenta e oitenta. Non, non eses ornamentados destinados á banda municipal, senón eses outros armatostes cadrados de cemento que, non só carecen de utilidade o resto do ano, senón que a sua preséncia provoca choreira a viciños e visitantes. A *modernización* das orquestras –falábase no anterior número da ANT do "efeito Luar"– contribue, tamén, a mellorar a nosa paisaxe. ♦

Que lé?



Sebastián Méndez

'*Amelga* promoveu o único proxecto galego do programa da Capitalidade de Compostela'

Estou lendo unha biografia sobre Alejandro Magno de Marie Renault que se chama *Alejandro*

Que libros recomenda ler?

Recomendar libros paréceme moi complicado pero a min gústanme moito as novelas históricas, *Memorias de Adriano* por exemplo é un libro apaixoante, a min cambioume a vida. En literatura galega recomendo a Álvaro Cunqueiro, Otero Pedraio e por suposto Castelao; dos contemporáneos a Suso de Toro e Manuel Rivas.

A Asociación de Música en Língua Galega dá esta fin de semana un concerto en Monfero. Que podemos atopar alí?

É un concerto que está dentro da segunda edición do *Grelo Folk* organizado polo concello de Monfero. Nel participa *Zafados*, que é un grupo novo da comarca, *Cachimonia*, *Papaqueixos* e nós, *Ruxe Ruxe*. É un concerto reivindicativo, celébrase no Mosteiro de Monfero e con el tratamos de apostar pola ecoloxia da fraga.

***Amelga* participa en dous proxectos nas cidades de Lugo e Santiago, en que consisten?**

Si, son dous proxectos; o primeiro é en Lugo, nas Festas do San Froilán os días 6 e 7. Ten un carácter educativo e formativo moi grande, trátase de achegar aos máis cativos á música e á artesania galegas. Durante o dia hai talleres e exposicións de artesania e logo hai un concerto de grupos folk. O proxecto de Santiago chámase *Sete Notas Sete Cidades*, trátase de concertos temáticos, un dia está adicado á Costa da Morte, á emigración, a Ourense e os poetas, ao rock galego-bravú, a Pontevedra e Castelao...

Cal é o balance que fas da criación de *Amelga*?

Nestes momentos os resultados son mellores do que esperabamos. Comezamos sendo 15 grupos, agora somos 60. É algo que tivo moi boa acollida, iso é porque facia falla. Criamos un proxecto moi ambicioso como é Sete Notas, Sete Cidades, que é o único proxecto de base galega en toda a capitalidade, é increíbel pero é asi. ♦

Voceiro da asociación AMELGA e compoñente de Ruxe Ruxe.

NATÁLIA DIAS MELLA
Mostra a sua obra, dentro do ciclo *Os nosos artistas*, até o 27 de Setembro, *na Sala Teucro*.

PAISAXES, RETRATOS E BODEGÓNS
É o título da mostra colectiva de fotografía que poderemos ollar no *Centro Branco e Negro*.

CASTELAO, VIDA E OBRA
Mostra de máis de 200 pezas que buscan oferecer unha "visión total " da sua obra, con trinta obras inéditas. Organízase en duas partes: desde as primeiras auto-caricaturas de 1903, até 1920, momento da publicación de *Nós*; e a partir disa data até a sua morte. Tamén se poden contemplar os debuxos a lápis cos que se declarou á sua muller. No *Edifício Sarmiento* do *Museu de Pontevedra*.

XXVI BIENAL DE ARTE
Até o 1 de Outubro no Pazo da Cultura e na Faculdade de Ciéncias Sociais.

Festas

DO NAZARENO
Que se celebran na Póvoa do Caramiñal do Venres 15 ao Luns 18.

EXALTACIÓN DO CAVALO
Que chega á sua VII edición na Carballeira do Bispo, en Rois (A Coruña), o Sábado 16 e Domingo 17.

DA PATACA
Tamén nete fin de semana o Sábado 16 e Domingo 17 en Coristanco. ♦

O Porriño

■ **TEATRO**



***Morte acidental dun anarquista* é representada polo *Teatro do Morcego* este Xoves no PORRIÑO.**

TEATRO DO MORCEGO
Cenificarán ***Morte acidental dun anarquista***, este Xoves 14 no Auditório Municipal. De Dario Fo, dirixida por **Xoán Cexudo** e con **Celso parada, Salvador del Rio, Damián Contreras, Miro Magariños e Casilda Garcia** no reparto. Esta basada nun feito real, ocorrido en 1921 nos EEUU, onde un imigrante italiano "caeu" desde o andar 14 da comisaria central de New York.

Póvoa do C.

■ **EXPOSICIÓNS**

ALFONSO
Mostra antolóxica da obra obra fotográfica de Alfonso Sánchez Portela. Está composta por 150 instantáneas realizadas entre 1917 e 1989 e inscríbese na liña de programación expositiva da *Fundación Barrié* dedicada aos clásicos da fotografia. Nista ocasión móstrase a produción dun extraordinário fotoperiodista que soubo conseguir unha consideración artística e que quedou recoñecida oficialmente co seu ingreso como membro da Académia de Belas Artes de San Fernando. No *museu Valle-Inclán* até o este Venres 15.

Ribadávia

■ **EXPOSICIÓNS**

LEGADO SEFARDITA
A celebración europea de portas abertas ao património sefardita, no que participan dezaseis países e as dez cidades españolas da Rede de Xuderias, fai que a capital do ribeiro acolla unha mostra, principalmente pezas arquitectónicas, de Mondoñedo, Betanzos, Allariz, A Coruña, Monforte, Celanova, Ourense e Tui, ademais do património pertencente a Ribadávia.

TAUROMÁQUIA E PROVÉRBIOS
De Goya, na *Igrexa da Madalena*, até o 8 de Outubro.

Sada

■ **EXPOSICIÓNS**

CASTELAO
No *Museu Carlos Maside* poderemos ollar durante Setembro a exposición monográfica *As imaxes de Castelao. Fotobiografía.*

Santiago

■ **EXPOSICIÓNS**

GEORGES ROUSSE
Que demostra cómo a fotografia colabora para transformar o que vemos e engadir imaxes descoñecidas da realidade, por iso a sua obra reflicte tan ben a interrelacón entre as diferentes disciplinas artísticas. Ainda que o médio no que se expresa sexa a fotografia, existe un traballo prévio que supón unha reflexión sobre a razón da arquitectura, as calidades do escultórico, os efectos pictóricos, o sentido da pintura, a definición do debuxo ou a busca da imaxe a través do gravado. No *Centro Galego de Arte Contemporánea* até o 19 de Novembro.



O Centro Galego de Arte Contemporánea acolle unha mostra fotográfica de Georges Rousse.

150 ANOS DE FOTOGRAFIA EN ESPAÑA
Título dista mostra na que poderemos ollar algunhas das fotografias do Estado desde a sua aparición. Na *Sala de Exposicións da Fundación Caixa Galiza* até o vindeiro 28 de Outubro.

ÁLEX CALVO
Iste pintor, de formación autodidacta, preséntanos a sua última série ***Peixes e interiores***, colección de lenzos nos que representa os costumes do seu país, plasmando a relixión afrocubana, e utilizando os peixes como símbolo da emigración. Permanecerá na *Galeria José Lorenzo* até o 19 de Setembro.

MANUEL EIRIS
Mostra a sua *Collage* automatista no *pub Modus Vivendi*, até o 23 de Setembro.

RODOLFO HALFFTER (1900-1987)
Mostra de sesenta partituras, con motivo do centenário do nacimento do compositor exiliado en México no 39. Publicadas, na sua maior parte, pola sua iniciativa, foi durante 40 anos, xerente da editora de partituras *Ediciones Mexicanas, AC;* constituida no ano 47, como proxectò do colectivo no que se integraba Halffter e que hoxe continua co seu servizo ao médio musical. A escolma constitue unha mostra representativa do constante proceso evolutivo que abranxe máis de sesenta anos de actividade criativa e é proba do triunfo da vontade. Na *Galeria Sargadelos*

DALI-GALA-LACROIX
O privilexio da intimidade é o título da mostra que a *Fundación Eugénio Granell* acolle, con fotografias feitas por **Marc Lacroix** de momentos privados de Dalí e Gala na sua residéncia de Cadaqués e de Gala no castelo de Pubol. As fotos van acompañadas de comentários nos que se plasman as lembranzas do fotógrafo, os seus diálogos co pintor e a criación artística conxunta entre os dous.

Convocatórias

SIMPÓSIO PONDALIANO
Organizado pola A.C. *Monte Branco* de Ponteceso, chega á sua VI edición baixo o título de "A poesia do Rexurdimento" e celebrarase os Martes 3, 10, 17, 24, 31, e Sábado 28 de Outubro na *Casa dos Viciños* do Couto (Ponteceso), non sendo as actividades do dia 28 que se realizarán na Coruña. O primeiro dia adícase á recepción e entrega de material, ás 18 h, inaugurarase a mostra sobre *A literatura do Rexurdimento*; ás 18:30, Xosé R. Pena dará unha conferéncia titulada "Unha leitura dos Eoas"; é ás 20 h. será o concerto de arpa de Roi Casal. O Martes 10 ás 18, Lisardo López falará sobre "Manuel Curros Enríquez, poeta do Rexurdimento"; e ás 19:30, farao Xosé M. Varela sobre o "Aproveitamento didáctico dos contos de carácter popular de Enrique Labarta Pose". O dia 17 ás 18 h. Manuel Rico Verea falará sobre o "Aproveitamento didáctico da música tradicional e local na aula"; é ás 19:30, haberá unha actuación de música tradicional polas *Cantaruxas do Couto*. O Martes 24 ás 18 h. Anxo Angueira disertará sobre "Pondal e a poesia política no século XX"; para, ás 19:30 e por parte do persoal da editorial *Kalandraka*, falar das "Estratéxias de animación á leitura". O Sábado 28 de 10 a 20 horas, da man de Felipe Senén e Manuel Ferreiro, farase un "Percorrido pondalinao pola cidade da Coruña: Real Académia Galega, Arquivo do Reino de Galiza, Académia de Belas Artes e Cidade Vella". E por fin, o Martes 31 ás 18 horas, Manuel Ferreiro falará sobre "A outra lírica pondaliana"; e Manuel Maria dará un "Recital poético pondaliano" ás 19:30. Estas actividades están homologadas por 30 horas de formación pola Consellaria de Educación e as persoas interesadas en matricularse poden chamar aos telf. 981 714 352 - 981 707 300 - 981 714 924 - 981 714 926 ou a través do correo electrónico www.finiterrae.com/simpondal

GALICIA EN FOCO
O Clube de Prensa de Ferrol convoca a XI edición deste certame fotográfico mantendo o critério itinerante da mostra e comprometndose á publicación do catálogo. Poderán concorrer cantos fotoxornalistas residan na Galiza ou traballen habitualmente para calquer meio de comunicación galego ainda como colaborador. As fotos deberán estar feitas entre o 1 de Xullo de 1999 e o 30 de Xuño de 2000 sendo a temática libre. Poderanse enviar un máximo de tres obras que poderán encadrase en foto única ou en série de tres, en branco e preto ou cor, axustandose ás medidas de 30 x 40. Os autores deberán achegar un positivado en formato 13 x 18 ou diapositiva para a sua reprodución no catálogo ademais de foto persoal e currículo para o catálogo. Os traballos deben remitirse a Galicia en Foco, Clube de Prensa de Ferrol. Apdo. 283, Ferrol, incorporando unha ficha, que facilita a organización, debidamente cuberta tendo en conta que o prazo de recepción remata o 30 deste mes. O acto de inauguración será anunciado oportunamente ainda que con toda probabilidade sexa o 17 de Outubro. As fotografias pasarán a formar parte do arquivo documental da organización.

CONGRESO INTERNACIONAL DE ITINERÁRIOS CULTURAIS
Organizado pola Dirección General de Cooperación y Comunicación Cultural, dependente do Ministério de Educación, Cultura y Deporte, realizarase do 14 ao 18 de Novembro, en horário de mañá e tarde, no *Palácio das Exposicións e Congresos de Galiza* e poderán participar profesionais dos sectores culturais e turísticos, responsábeis de asociacións e fundacións que promoven itinerários culturais e turísticos e das administracións en matéria de cultura. Haberá sesións de comunicacións e espácio para a exposición de paneis e facilitaranse as instruccións sobre o envio de comunicacións e paneis aos que o soliciten. O congreso contará cunha zona de expositores que se instalará no vestíbulo do Palácio, oferécense un espácio para as entidades que queiran mostrar os seus itinerários culturais con cartaces, folletos e a información que consideren oportuna. Desenvolverase unha Xornada Comercial o 17 de Novembro a partir das 11:30 horas. Invitaranse operadores de turismo estranxeiros e ofereceráselles aos asistentes ao Congreso a posibilidade de entrevistarse con eles para realizar unha promoción turística dos itenerários culturais a nível internacional. A asisténcia a todas as actividades é libre tras a inscrición no congreso que se confirmará por fax ou teléfono. Máis información no tfno. 917 017 000 Ext. 32109-32113; fax. 917 017 326. Correo electrónico: turismo.cultural@dgccr.mcu.es

III SALÓN DE OUTONO DE PINTURA 2000
Convocado pola Real Académia Galega de Belas Artes *Nuestra Señora del Rosário*. Entregarase o grande prémio de honor dotado con 2.000.000 de pta.; un primeiro prémio con 1.500.000 pta.; un segundo con 1.000 000 pta. e un terceiro dotado con 500.000. A exposición realizarase do 23 de Novembro ao 23 de Decembro e a recepción de obras será do 2 ao 13 de Outubro. Máis información de 12 h a 14 h e de 18 h a 20 h na Praza do Pintor Sotomayor, s/n 15001 A Coruña. Tel. e Fax.: 981 211 602; www.arteycartelera.com/concursos/salondeotono.hpm

CONCURSO DE IDEAS PARA GUIÓNS DE TELEVISIÓN
Convocado pola *Fundación Araguaney* e dotado cun primeiro prémio de 500.000 pta. e un segundo de 250.000 pta., sometidos á correspondente retención do IRPF. Poderán participar todas aquelas persoas que nacesen ou residan en calquer das comunidades autónomas do Estado. Os traballos deben ser únicos e orixinais, non se poderán presentar aqueles que xa resultasen premiados noutros certames. Os documentos presentados constituirán propostas que conteñan liñas argumentais, descrición de personaxes, ambientes e sinopses que pola sua orixinalidade e estrutura na composición permitan a posterior transformación nun programa de televisión. A extensión dos traballos presentados non poderá superar as 50 páxinas mecanografadas tamaño DIN A-4, con 1.000 a 1.200 caracteres por páxina e non figurará o nome do(s) autor(es), senón tan só o título da obra. Deberanse enviar as propostas por correo certificado con aviso de recibimento e cos custos ao seu cargo á *Fundación Araguaney*, rua Montero Rios 23, 2-D, 15706 en Santiago de Compostela, indicando no sobre Concurso de Guións. Cada concursante deberá presentar só un orixinal de concurso e por duplicado. O envio farase até o 30 de Novembro. Deberase achegar a ficha de inscrición cuberta e asinada, unha fotocópia do DNI e un breve currículo do autor. Meterase todo nun sobre cerrado que se lle enviará ao notário e que servirá como plica. Mais información na Fundación Araguaney, tfno. 981 559 612; fax. 981 559 617; correo electrónico fundacion@araguaney.com

HISTÓRIA E LITERATURA: DE MURGUIA A CASTELAO
Curso organizado pola Universidade de Vigo en colaboración con outras entidades, co obxectivo de aproximarse aos principais fitos vertebradores da toma de conciéncia nacional nese período. Para iso farase unha achega desde dous campos, a história e a literatura, moi interrelacionados por un comun interese ideolóxico: a afirmación da identidade própria dos galegos. Realizarase durante o Xoves 5 (de 15:30 a 21:30 h.), Venres 6 (de 9 a 14 h. e de 16 a 21 horas) e Sábado 7 de Outubro (de 9 a 14 h.). O curso é de 20 horas lectivas e para recibir o diploma cómpre asistir ao 85% das clases, e naquelas titulacións que o teñan previsto no plano de estudos terá unha validación de 1 crédito. O prezo da matrícula completa é de 10.000 pta, cun desconto do 50% para os membros da Comunidade Universitária da Universidade de Vigo, do 75% para os bolseiros do MEC membros da Comunidade Universitária da Universidade de Vigo e do 50% para os membros da ASPG. Pódese realizar do 1 ao 22 de Setembro e entregarase nas Secretarias de Cursos de Extensión Universitária a documentación completa (ficha de inscrición, resgardo de pagamento de taxas, fotocópia DNI...). Máis información sobre o curso e a matrícula en Vigo no telf. 986 813 626, Secretaria dos Cursos Complementares-Rectorado; en Pontevedra no telf. 986 801 955, EUET Forestais (Rexisto); e en Ourense no 988 387 103, Unidade Administrativa do Campus (Rexisto).

CURSO DE CRIATIVIDADE E ARTE APLICADA AO ENSINO
E Acción Sociocultural, que se realiza do 2 ao 17 de Outubro no *Colexio Froebel* de Pontevedra. Información e inscricións no 986 865 403 / 864 592.

III REUNIÓN DE HISTORIADORES SOBRE O MUNDO GREGO ANTIGO. FRONTEIRAS E IDENTIDADE
Organizado polas Universidades de Santiago de Compostela e Vigo, do 25 ao 27 de Setembro, no *Auditório de Galiza*.

V CONGRESO GALEGO-PORTUGUÉS DE PSICOPEDAGOXIA
Organizado polas Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e a do Minho (Braga-Portugal). Realizaranse o 20 e 23 de Setembro no *Paraninfo do* Rectorado da Universidade da Coruña; e o 21 e 22 no *Palácio de Congresos de Santiago de Compostela*. Máis información na Universidade da Coruña, tfno. 981 167 000 Ext. 1853 e 1742, fax 981 167 153, e correo electrónico Barca98@udc.es

CGAC
Carlos Capelán imparte un Taller de Pintura durante os dias 18 ao 29 de Setembro. Por outra banda, durante o mes de Setembro, haberá un ciclo de conferéncias titulado *A palabra da arte 2000*, a cargo de José António Hernández-Diez e Ivo Mesquita; tamén niste mes de Setembro tratarase o tema de *O papel do curator na arte contemporánea*; e durante os meses de Setembro e Decembro, realizarase un programa para coléxios de Primária co tema *Aproximación á arte contemporánea*, e ademais nises dous meses realizaranse *Talleres Didácticos*, todo a cargo do Servício Pedagóxico 2000.

OBRADOIRO E LUTHERIA ANTIGA
A Universidade Popular de Vigo imparte clases de contrución de instrumentos antigos destinadas a colectivos vencellados á música: instrumentistas, mestres, alunos de música... co fin de descubri unhas técnicas que lles axuden e facilite o labor, tanto pedagóxico como interpretativo. O prazo da matrícula vai do 15 ao 22 deste mes e pódese facer na sede provisória da U. Popular, rua Elduayen (antigo Asefal). Máis información no telf. 986 228 088. ♦

O Trinque

Dia das Letras

Un grupo de rapaces, en colaboración cona AMELGA, organiza, para o Sábado 16 de Setembro a partir das 22 horas, o festival *Grelo-folc* no adro do Mosteiro de Monfero. Unha boa ocasión para escoitar aos grupos *Fafados*, *Cachimonia*, *Ruxe Ruxe* e *Os Papaqueixos* e reivindicar a recuperación e conservación deste património tan peculiar e abandoado desde hai anos.♦

LeCeR
A NOSA TERRA

• PÁXINAS COORDENADAS POR Mª X. GÓMEZ •

Sugarless*, na foto, participa no *Festival-deorras* do BARCO xunto con *Elefant Band* e a *Psicofónica de Conxo*. Este Sábado 16 tamén ten lugar o Baredo Rock en BAIONA con *Tiro na Testa*, *Xolda*, *Zambra* *Promax* e *Skárnio

Baiona

■ **MÚSICA**

BAREDO ROCK
Festival organizado polo Centro Social, Cultural e Deportivo *A Cela*, o Sábado 16, ás 9 da noite, no adro da igrexa parroquial de Baredo. Serán cinco horas, totalmente grátis, de variedade musical, desde o punk desmadrado de **Tiro na Testa** ou **Xolda**, pasando polo *rock* alternativo de **Zambra**, o *heavy metal* de **Promax**, para acabar bailando a ritmo *ska* cos míticos **Skárnio**.

O Barco de Valdeorras

■ **EXPOSICIÓNS**

MOSTRA COLECTIVA
De pintura e escultura na Sala de Exposicións de Caixanova onde permanecerá até o dia 23.

■ **MÚSICA**

FESTIVALDEORRAS
No que poderemos escoitar o *rock* dos grupos **Sugarless**, **Elefant Band** e o último traballo da **Psicofónica de Conxo** titulado ***Psicopolis***, o nome da cidade mental na que nos introducen cos seus temas. Comezará a partir das 12 da noite.

Boimorto

■ **EXPOSICIÓNS**

HISTÓRIA DE GALIZA
Poderemos contemplar ista mostra até o 30 diste mes.

Bueu

■ **EXPOSICIÓNS**

MARCELA TOBERGTE
Mostra a sua pintura e **Xoán A. Pérez**, a sua escultura na *Sala Amália Domínguez Bua*.

■ **MÚSICA**

PALOMA SUANCES
A cantante galega actuará na *Taberna de Pancho* (rua A Graña 93), o Xoves 14, ás 22 horas.

Caldas de Reis

■ **EXPOSICIÓNS**

MÚSICA PARA VER
Inaugurase o Martes 12 no Auditório Municipal onde poderemos contenplala até o 1 de Outubro.

Cangas

■ **EXPOSICIÓNS**

RONSEL GRÁFICO PARA CASTELAO
Que poderemos contemplar até o 30 de Setembro.

JUAN ARMÉNTIA
Colga as suas fotografias baixo o título ***Armadura e bolboreta***, *na Casa da Cultura* até o 23 de Setembro.

Cervo

■ **EXPOSICIÓNS**

ISAAC DIAZ PARDO
Mostra de 39 carteis do artista relacionados coa cultura e a política, con algunha incursión festeira: teatro, cinema, compromiso social, indústria, literatura, música, tradicións, Estatuto de Autonomia do 36... Están incluidos cinco cartaces de cego, coma unha banda deseñada que conta diferentes histórias pola boca do cego Zato. Estará na *Casa da Administración de Sargadelos* até este Venres 15.

Chantada

■ **EXPOSICIÓNS**

BEATRIZ PALOMERO
Mostra as suas serigrafias na *Casa da Cultura*.

A Coruña

■ **CINEMA**

CGAI
No ciclo dedicado ás *Novas Xeracións do cinema francés* poderemos contemplar, o Xoves 14 no seu local, ás 20:15 h, ***Les gens normaux n´ont rien d´excepcionnel / A xente normal non ten nada de excepcional***, de ***Laurence Ferreira Barbosa*** (Franza -Portugal, 1993), que ten como protagonista a Martine, de 25 anos, que tras a sua ruptura con François ten a impresión de que todo se desfai ao seu redor. Tras un incidente, encóntrase nun hospital psiquiátrico onde decide ocuparse do destino dos mozos enfermos. O Venres 15, proxectarase ***Un été sans histoire / Un verán sen história***, de **Phillippe Harel** (1992), que relata cómo Claudine, que marcha de vacacións conducindo o seu vello coche e a sua caravana, por mor dunha avaria, pasa vários dias en médio do campo xunto con Hènri, o seu cuñado, home rosmón. O Luns 18 poderemos ollar ***Western***, de **Manuel Poirier** (1997), na que Paco, un vendedor de zapatos catalán que viaxa por Franza, recolle a Nino, un imigrante ruso, que acabará por roubarlle o coche e a mercadoria. Marinette, a propietária dunha tenda de regalos, acolle a Paco. O Martes 19, **À la belle étoile / Á luz da lua**, de **Antoine Desrozières** (1993), na que Tomas, de 17 anos, un rapaz torpe, superficial e solitário é seducido pola tenrura de Marion, pero é Rebecca, a amiga dela, con quen descobre o amor físico, tras un intento frustrado con Claire. O Mércores 20 proxectarase **Le comptoir / O expositor**, de **Sophie Tatischeff**, (1998) que narra a história duns bretóns bébedos que quedan surprendidos ao ver pasar sobre un camión o expositor diante do que bebian cada noite e deciden seguilo até a casa das suas novas propietárias.



■ **EXPOSICIÓNS**

PASO A PASO
Mostra interactiva sobre a película de debuxos animados **O *bosque animado*** que poderemos visitar na *Estación Marítima*.

CARMEN NÓVOA
Mostra a sua obra, dentro do ciclo *Os nosos artistas*, na *Biblioteca González Garcés* até o 23 diste mes. Paisaxes inconexas, que asi titula a mostra, son as imaxes interiores de soños, ledícias, medos e obsesións que remiten a un espírito rebelde.

ASPECTOS ORIXINAIS
Artes decorativas do século XX. A través de máis de 200 obxectos explora as influenzas criativas e estilísticas que configuraron o deseño do século que termina. Céntrase en aspectos que foron rexeitados polo deseño moderno, o non racional, o non funcional e o inesperado; calidades presentes en catro seccións temáticas: *Linguaxe Corporal*, *Inversión e transformación*, *¿É o ornamento un crime?* e *Voos de fantasia*. Entre as pezas da exposición figuran obras importantes de moitos deseñadores e inclue mobles e lámpadas de **Frank O. Gehry, Ron Arad, Edgar Brandt...**, obxectos de cerámica de **Pablo Picasso, Roseline Delisle...**; obxectos de vidro e cristaleria de **Fulvio Bianconi, Dale Chihuly...**; xoias e obxectos de metal de **Salvador Dalí, Bruno Martinazzi...**; ou teas de **Adele Lutz, Junichi Arai, Jack Lenor Larsen** entre outros. Até o 30 de Setembro na *Fundación Barrié*.

A ESPAÑA DE CARLOS V
A arte da prata e das xoias, é o títiulo da exposición que, con motivo da comemoración do seu centenário, poderemos ollar na Sala de Exposicións do *Quiosque Afonso* até o 17 de Setembro.

■ **TEATRO**

NINGUÉN CHOROU POR NÓS
De Miguel Sande, pola compañia Teatro Bruto. Gañadora do VIII prémio *Rafael Dieste* da Deputación da Coruña, está dirixida por **Paulo Rodríguez** e interpretada por **Gena Bamonde, Mónica Camaño** e **Glória Rico**. A representación realizarase este Xoves 14 e Venres 15 ás 22 horas no *Teatro Colón*.

Virtuosos de Moscova

Cuarteto que interpretará *De Bach a Schostakovitch, "Música para cuarteto de cuerda"*; un concerto no que poderemos escoitar obras de **J. S. Bach**, **W. A. Mozart**, **Schubert**, **G. Puccini**, **J.Turina** e **D. Shostakovich**. A actuación será en **SANTIAGO DE COMPOSTELA** o Luns 18, ás 21 horas, na Igrexa de San Paio; e estarán en **PONTEVEDRA** o Martes 19, ás 20:45 horas, na *Basílica de Santa María*.♦

***Ninguén chorou por nós* é a obra que na actualidade representa a compañia *Teatro Bruto* e que este Xoves 14 e Venres 15 está na CORUÑA.**

A Estrada

■ **EXPOSICIÓNS**

BEATRIZ GARCIA
Mostra as suas pinturas e **J.F. López Noya**, as suas esculturas, até Outubro no *Pazo da Nugalla-Curantes*.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

HOMENAXE A ANGOLA
Na galeria *Sargadelos*, até finais de mes. Con motivo do XXV aniversário da sua independéncia nacional, o profesor lucense Xosé Lois Garcia, na actualidade en Barcelona onde é profesor de história e ademais autor de vários volumes adicados á poesia galega, portuguesa, mozambicana, angolana e guineana, e de diversor ensaios sobre literatura africana de expresión portuguesa, monta unha mostra de fotografias e libros que reflicte ao país africano no proceso de recuperación da sua identidade nacional.

Carteleira

☞ **SESENTA SEGUNDOS.** Presionado por un mafioso que ameaza con matar ao seu irmán, un ex ladrón de coches ten que roubar cincuenta veículos en moi pouco tempo mentres é vixiado pola policia.

☞ **LEO.** Un garda xurado vese envolto nun triángulo amoroso ao quedar namorado dunha misteriosa moza que coñece no polígono industrial no que traballa. Drama amoroso cunha boa dose de intriga, imprescindíbel para poder seguir a imparábel traxectória do galego Luís Tosar.

☞ **SOUTH PARK.** Película canadiana de "caca, pedo, pis" que provoca o cámbio de comportamento duns nenos norteamericanos e as nais (que consinten a violéncia explícita mentres non haxa tacos) inícian unha campaña que remata en guerra. Mordaces e irreverentes debuxos animados contra o xendarme americano.

☞ **SPLENDOR.** Chega co aval das boas críticas no *Festival de Cinema Independente Sundance* esta fita sobre unha moza que comparte casa cos seus dous noivos. Podia ser unha reflexión divertida sobre as "novas famílias" e fica en parrulada.

☞ **O RAPAZ.** Comédia na que Bruce Willis interpreta a un asesor de imaxe que o dia antes de cumprir cuarenta anos topa cun neno que ven sendo el mesmo con oito. Ao rapaz non lle gosta nada como é de maior e xuntos tratarán de mudar a história.

☞ **RUMORES QUE MATAN.** Tres compañeiros de piso de distintas clases sociais e estudantes de xornalismo inventan un rumor para experimentar sobre a sua evolución. Xurden tensións, medos e suspeitas que enfrentan aos mozos. Intriga final con calzadeira.

☞ **ANO MARIANO.** Karra Elejalde interpreta a Mariano un viaxante alcoólico que despois de estar atrapado no incéncio dunha plantación de marihuana pensa que se lle apareceu a virxe e monta un santuário coa axuda do manager Tony Towers (Fernando Guillén Cuervo). Comédia negra ambientada no rural andaluz ás claras herdeira de *Airbag*.

☞ **MENOS É MAIS.** Un estudante de arte dramática namórase da rapaza máis popular da Escola de Teatro sevillana. Utilizará o desdén para chamar a sua atención, estratéxia de sedución que lle recomenda unha amiga da infáncia. Fita de amor empalagosa con final feliz e predecíbel desde o comezo.

☞ **CRIMINAL E DECENTE.** Un ladrón ten á policia enriba, ainda que esta non conquire probas para incriminalo polos seus roubos. No momento máis delicado, decide roubar un cadro de Caravaggio e pór en ridículo á policia.

☞ **MISIÓN IMPOSÍBEL II.** Uns malvados rouban un perigoso vírus xunto co seu antídoto para vendelos ao mellor postor e un espia ten que localizalos. Sucesión de fantasmadas.

☞ **UNHA RELACIÓN PRIVADA.** Para realizar unha fantasia sexual, unha parella contacta a través dunha revista e mantén unha relación na que ambos son anónimos, pero ao cabo surxe do amor e a dificuldade para comunicarse con total transparéncia.

☞ **STUART LITTLE.** Unha família acomodada de Nova York aprofilla un ratiño de traxe Príncipe de Gales e refinadísimos modais. Fábula que conta as dificuldades que pasa o animaliño no seu novo fogar, cun irmán adoptivo demasiado realista e un gato ciumento. O mellor, o excelente labor de animación dixital. O pior, o argumento e a dobraxe de Emilio Aragón ao español.

☞ **TANGO PARA TRES.** Un magnate encarga a un arquitecto que vai contratar que vixie á sua amante porque cre que el é homosexual. O arquitecto namórase da moza, loita contra as tentacións de seducila e remata por confesarlle o seu amor. Comédia.♦

COMPOSTELA 2000

■ CINEMA

CICLO
Que comeza o Luns 18 e que durará até o dia 24 diste mes no *Teatro Principal*.

■ EXPOSICIÓNS

AS FACES DE DEUS
Trata sobre as diferentes relixións que se sucederon ao longo da história e os símbolos da divinidade no seu seo. Procura un achegamento ás diferentes crenzas e mostra a evolución das representacións utilizadas a traves dos tempos e as influéncias dunhas nas outras. Está estruturada cronolóxica e tematicamente para dar conta das ligazóns entre os diferentes cultos. *Espacios Sagrados*, *Símbolos sagrados*, *Os deuses nas relixións do pasado*, *Época de confluencia* e *As relixións do presente* (*xudaismo*, *cristianismo*, *islam* e *as relixións de Oriente*) son os títulos que receben as seccións. Ademais conta cunha sala introdutória que inclue paneis fixos e pantallas interactivas con informacións sobre os contidos e cunha sala de debate na que se realizarán congresos e conferéncias. Poderémola contemplar en *San Martiño Pinário*, até o 30 diste mes.

J.A. HERNANDEZ DIEZ
Mostra a sua obra no CGAC a partir do Mércores 20 e até o 19 de Novembro.

BEA REI
Poderemos coñecer a obra dista artisa na *Casa da Parra* durante os meses de Setembro e Outubro.

JOHAM GRIMONPREZ
Na mostra *Interferéncias* poderemos coñecer o seu traballo titulado ***Inflight Lounge***, instalación que recria a sala de espera dun aeroporto. Permanecerá aberta no CGAC, até o 17 de Setembro.

DIÁLOGOS CO SILÉNCIO
Título da mostra na que participaron dezaoito artistas galegos que dialogaron coa sobriedade do interior dunha igrexa e que coas imaxes das suas obras fraguaron un universo temporal. Na *Igrexa de San Domingos de Bonaval*.

OS ROSTROS DA TERRA
Sobre a realidade xeográfica en diferentes zonas e países amosados a *través* de representacións históricas e actuais a meio de novas tecnoloxias. En Salgueiriños.

JOHAM GRIMOMPREZ
Mostra a sua obra baixo o título *Inflight Lounge* no *Centro Galego de Arte Contemporánea*.

MUSEU VIRTUAL: SANTIAGO E O CAMIÑO
Mostra que permanecerá un ano en Santiago. Estrutúrase en sete partes, desde as que se poderá acceder aos pontos máis rechamantes da cidade e experimentar sensacións de imersión grazas á combinación de efectos visuais e auditivos ou visitar un museu virtual con extractos temáticos da *Fundación Granell* e do *Museu do Povo Galego*. Tecnoloxia, interfaces virtuais, multimedia... En Setembro en San Martiño Pinário.

MEMÓRIAS DO IMPÉRIO ÁRABE
Mostra que podermos ollar na sala "Isaac Diaz Pardo" do *Auditório de Galiza*, até o 27 de Setembro, dentro do *Compostela Millenium Festival*.

AUTORETRATO DE SANTIAGO
Até finais de Setembro na Igrexa da Universidade. Exposición elaborada desde un ponto de vista diferente e que require unha ollada tamén diferente, onde os sentidos, a procura da cidade e o re-encontro con ela producense a través do máis diversos elementos: persoas, sons, arrecendos, poesia...

■ MÚSICA

LIED E CANCIÓN DE CÁMARA
Ciclo no que colabora a Asociación Galega da Lírica *Teresa Berganza* e que está composto por seis concertos que centran os seus programas nas cancións de cámara, no lied, dos distintos países das cidades que comparten a capitalidade europea da cultura neste ano, procurando evidenciar as relacións entre as distintas épocas, países, compositores, idiomas, temáticas...

O Vernes 15 terá lugar o segundo concerto en que a protagonista é *a canción eslava* e no que poderemos escoitar á mezzosoprano **Alexandra Rivas**, xunto ao pianista **Mariano Rivas**, que interpretarán obras de **Szymanowsky**, as cancións xitanas de **Brahms** e **Dvorak** e unha mostra da canción rusa con **Rachmaninov**, **Tchaikovsky** e **Glinka**. No *Teatro Principal*, ás 21 horas.

ROBERTO SOBRADO
Teremos música de autor no *pub Fonte Sequelo*, o Xoves 14; o Venres 15, música cubana a cargo de **Sergio Salabarria** co cuarteto **Ocasión**; o Sábado 16 poderemos gozar do folclore sulamericano de **Mª Cristina la Salteñita**; o Martes 19, bosanova e *jazz* da man de **Quique Azambuya**; e o Mércores 20, estarán o **Trio Caribe** coa sua música afrocubana. Todos ás 23 horas.

■ TEATRO

CASA HAMLET
Cenifirá a obra titulada **A velada de Londres**, de **Manuel Lourenzo**, o Xoves 14, no *Teatro Principal*, ás 22 horas.

SAMARKANDA TEATRO
Estarán o Venres 15 no *Teatro Principal*, ás 22 h.♦

A mezzosoprano Alexandra Rivas, á direita, xunto co pianista Mariano Rivas, dan un concerto adicado á música eslava o Venres 15 no *Teatro Principal* de SANTIAGO.



Continuan as mostras adicadas a Castelao no seu ano, como por exemplo as de Cangas, Lugo, Noia, Ourense e Pontevedra.

SOROLLA PAISAXISTA
Inaugurase este Xoves 14 na *Aula de Cultura Caixanova* e poderemos visitala até o 29 de Outubro.

A MEDALLA COMEMORATIVA
Nas coleccións do Museu, que poderemos contemplar no *Museu Arqueolóxico Provincial* durante iste mes.

VELÁZQUEZ
Poderemos coñecer ista mostra titulada ***El arte de mirar*** no *Museu Arqueolóxico Provincial*, onde permenecerá até Novembro.

NARCISO CORRAL
Mostra os seus acrílicos en *Studio 34*.

ANTÓNIO FERREIRA DOS SANTOS
Colga os seus debuxos na *Casa sa Xuventude*.

CHEMA DAPENA
Dentro do ciclo "Os nosos artistas" da Xunta, mostra a sua obra, até o 26 deste mes, no *Ateneu*.

■ MÚSICA

GONCAL COMELLAS
É unha orquestra de cámara que subirá ao cenário, o Xoves 14 do *Teatro Principal*.

■ TEATRO

SURIPANTA
O grupo cenificará a obra titulada ***Volpone*** o Mércores 20 e Xoves 21, no *Teatro* Principal; actuación inserida na programación da *Rede Galega de Teatros e Auditórios*.

Pontevedra

■ ACTOS

ASEMBLEA PARA EMIGRANTES
Retornados ou familiares de emigrantes co propósito de retornar que terá lugar o Sábado 16 ás 17 horas no *Auditório*. Está convocada pola Asociación de Emigrantes Retornados de Pontevedra (r/ Michelena 1 4º j- 36002 Pontevedra. Tfno./fax: 986 841 206. Horário ao público de Luns a Veñres, de 9:30 a 14 horas).

■ CINEMA

O VIOLINO VERMELLO
De **François Girard** (Canadá-Itália-Áustria, 1998), poderémola ollar dentro do ciclo *Cinema de Actualidade* e nela, coa excusa da poxa na República Popular China dun instrumento musical único no mundo, artéllase toda a trama: a investigación a través dun obxecto, a dedución de cómo chegou o instrumento á China. Todo isto permételle a Girard facer unha viaxe espácio-temporal desde o século XVII até o XX. O Mércores 13 en sesións de 19:45 e 22:15 horas, na *sala de Caja Madrid*.

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

T de Teatre

Cenificará ***Criaturas***, baixo a dirección do próprio grupo e de David Plana e con Chantal Aimée, Mamen Duch, Miriam Iscla e Marta Pérez no reparto. Estarán en **VIGO** o Xoves 14, ás 20:30 horas no *Teatro Centro Cultural Caixanova*; en **OURENSE**, o Venres 15 no *Teatro Principal*, ás 20:30 horas; e en **PONTEVEDRA** estarán o Sábado 16, no *Pazo da Cultura*, á mesma hora.♦

Lugo

■ CINEMA

SEMANA INTERNACIONAL DE AUTOR
Na sua XXII edición, está organizado polo *Grupo Fonmiña* nas salas do Auditório, Cines Yelmo e Aula de Cultura de Caixa Galicia, comeza este Sábado 16 e chega até o 22 de Setembro. O Sábado poderemos ollar *El Muro* e *Buenavista Social Club*; o Domingo 17, *Morte en Venécia*, *A noite dos mortos vivintes*, *Taxi driver*, *Saló ou os 12 dias de Sodoma*, *Que é a vida*, e *Garaxe Olimpo*; o Luns 18, *Manolito gafotas*, *Hoxe comeza todo*, *Que é a vida*, *Cosi Rivedano*, *Garaxe Olimpo*, *Un can andaluz*, *A idade de ouro* e *As Hurdes*; o Martes 19, *Goomer*, *Unha história verdadeira*, *Hoxe comeza todo*, *A viaxe de Felicia*, *Cosi Rivedano* e *A Via Láctea*; o Mércores 20, *Pokemon*, *Zona de guerra*, *Unha história verdadeira*, *A vida prometida*, *A viaxe de Felicia* e *Diário dunha camareira*. Como se pode ollar cinema musical, infantil, escolma do 99 e ciclo de Buñuel. Para a semana incluimos as fitas restantes.

■ EXPOSICIÓNS

CASTELAO. VIDA E OBRA
Mostra de máis de 200 pezas que buscan oferecer unha *visión total* da sua obra, con trinta obras inéditas. Organízase en duas partes: desde as primeiras auto-caricaturas de 1903, até 1920 momento da publicación de *Nós*, e a partir disa data até a sua morte. Tamén se poden contemplar os debuxos a lápis cos que se declarou á sua muller. Estará até o 20 de Outubro na *Sala de Exposicións da Fundación Caixa Galiza*.

XOSÉ ESPONA
Expón os seus vidrais na sala *Capela de Santa Maria* do *Centro de Artesania e Deseño* até o 15 de Outubro.

RUT MARTÍNEZ
Expón quince gravados no centro Augatinta cos que trata de facer suxeréncias, tanto de formas coma de imaxes. Para Rut, que tamén pinta e fai instalacións, o gravado é un exercício de liberdade artística.

ISABEL SOMOZA
A artista lucense ten unha mostra de gravados, até o vindeiro Xoves 14, na sala Bacabú. Pódese visitar, de Luns a Sábado, de 19:30 a 21:30 horas, e os Domingos de 12 a 14.

Mª JOSÉ SANTISO
Mostra a sua obra, dentro do ciclo *Os nosos artistas*, até o 25 de Setembro na *Biblioteca Pública*.

IMAGO ANTIQUA
É o título da mostra arqueolóxica que poderemos contemplar na *Sala Porta Miñá*.

■ MÚSICA

CLAVICÉMBALO
O Clube de Arte e Música programa para ista semana as seguintes actuacións, *rock* para a noite do Xoves 14 a cargo do grupo **Cul Rad**; o Venres 15 actuarán **Pohemia**, co seu estilo de novas tendéncias musicais, inspiradas na criación de fusións que se moven entre o *jazz-fusión*, *folc*, *funky* e a *new age*; o Mércores 20 será **Reviravolta**, quinteto que intenta anovar e experimentar mesturando música de raiz sen perder o fio da tradición. Todos os concertos comezan ás 11 da noite.

Os Quinquilláns

Este grupo de teatro cenificará a obra *Gulliver* polas rua de **BRIÓN** o Luns 18 e polas de **ARANGA** o Martes 19.♦

Moaña

■ MÚSICA

FIA NA ROCA
Música folc a cargo diste grupo galego que actuará o Domingo 17 no *Parque de Chan de Arquiña*, ás 19 h.

MEIGALAICA
Duo de fusión folc-underground formado por Paulo González, flautista, gaiteiro e director da Banda de Gaitas de Maxina (A Cañiza), e Yon Oreiro, percusionista procedente do grupo folc-rock Salterium. O seu directo compleméntase con diversos instrumentos, que eles mesmos gravan e programan, como baterias, baixos, sintetizadores, guitarras etc. Estarán o Sábado 16 a partir das 23:30 horas no Café-teatro do Real. Para contactar co grupo pódese chamar ao telf. 654 849 842.

O grupo folc *Fia na roca* dá un concerto, o Domingo 17, no Chan da Arquiña de MOAÑA.

Noia

■ EXPOSICIÓNS

AS IMAXES DE CASTELAO
Encóntrase na Sala de Exposición do *Teatro-Coliseu Noela* onde permanecerá até o 9 de Outubro.

Ordes

■ EXPOSICIÓNS

ENTORNO E FUTURO
Até o vindeiro 10 de Outubro no *Centro Cívico Municipal*.

Ourense

■ EXPOSICIÓNS

175 DEBUXOS DE CASTELAO
Mostra que poderemos contemplar no *Museu Municipal* (Lepanto 6), até o 29 diste mes.

Outeiro de R.

■ EXPOSICIÓNS

MUSEU DO CASTRO DE VILADONGA
Onde poderemos coñecer a mostra titulada ***O mundo rural galego hai 2000 anos*** que está aberta desde o pasado mes de Xullo e que permanecerá até Setembro; e teremos a ocasión ademais de asistir, niste mes de Setembro, ao ***Ciclo de conferéncias sobre museus de sitio***

Ponteareas

■ EXPOSICIÓNS

DOMINGO RODRÍGUEZ DO PAZO
Mostra que poderemos ollar até o 15 de Setembro no *Museu Municipal*.

■ EXPOSICIÓNS

EIXO ATLÁNTICO
Os finalistas do iv prémio de pintura *Eixo Atlántico* ocupan, até o 22 deste mes, o teatro *Principal* coas suas obras.

JOÃO BIEITES
Colga a sua pintura na Taperia-cervexaria Masón (Rua Alta 4), até o 7 de Outubro. Explora o lado poético mostrándonos imaxes próximas do expresionismo abstracto suxerindo visións de mundos descoñecidos.

A NATUREZA E A PINTURA NAIF
É o título da mostra que poderemos contemplar, até o 1 de Outubro, no *Espácio para a Arte* de *Caja Madrid*.

OMBRETTA CORSINI E BENITO RIAL
Presentarán os seus obxectos e instalacións, baixo o título ***Aberto por obras***. As suas obras están situadas entre o real e o semellante, constituíndose como obxectos despoxados da sua orixinal funcionalidade, xa resemantizada en obxectos artísticos e presentados cunha ironía obscena. Estarán na *Galeria Trinta* até o 30 de Setembro.

O TRAXE E OS COSTUMES
É o título da mostra que poderemos visitar no *Centro Comercial de Compostela* até este Sábado 16.

CRISTINA GARCIA RODERO
Mostra as suas fotografias baixo o título "*Grabarka. O Monte das 6.000 cruces. Unha peregrinaicón Ortodoxa en Polonia*". Poderemos ollalas no *Museu das Peregrinacións* até o 24 de Setembro.

A Rede

ARDÁN
www.ardan.es

Servizo de información empresarial do Consórcio da Zona Franca de Vigo para a mellora competitiva das empresas. É unha plataforma no eido dos servizos avanzados e conta con información sobre publicacións, notícias, entidades colaboradoras, tarifas e aceso directo a estudos e informes.♦

Soutomaior

■ EXPOSICIÓNS

ÁLEX VAZQUEZ
O pintor vigués presenta médio cento de obras dos dous últimos anos nas que rompe coa sua etapa anterior. Ainda que segue sendo figurativo, pinta paisaxes reais, pero esquemáticas, porque o que interesa é o movimento e a luz. No *castelo de Soutomaior*.

Taboada

■ CINEMA

VENRES CINEMATOGRÁFICOS
A Oficina de Información Xuvenil organiza todos os Venres, a partir das dez da noite no *Centro Sócio-cultural*, sesións de cinema. Neste mesmo lugar, pero os Domingos ás 4 do serán, realízanse sesións de manualidades. Máis información no telf. 982 465 147.

Verin

■ EXPOSICIÓNS

JOSÉ RIBADA
Mostra a sua obra na *Casa do Escudo*.

Vigo

■ CINEMA

ESTREAS DO ANO 2000
Ciclo no que se proxectará o Venres 15 ***Kikujiro no natsu (O verán de Kikujiro)***, de **Takeshi Kitano**. A história céntrase nun cativo chamado Masao, que cun enderezo e unha foto decide emprender a busca da sua nai a quen nunca viu. Un amigo da sua avoa, Kikujiro, oferécese para axudalo, pero non é o compañeiro ideal, é irresponsábel e non sabe tratar con nenos. Moitas surpresas surrealistas e alguns comportamentos excéntricos sucederanse no camiño. O Sábado 16, **Get Real** de **Simone Shore**, produción británica que narra o destino e as peripécias dun grupo de mozos. Un deles sente que non pode reconciliar a vida do instituto, os seus pais e a sua vida hormonal. Só está completamente seguro dunha cousa, é *gay*. O Luns 18 poderemos contemplar **High Fidelity** (Alta fidelidade), de **Stephen Frears**, comédia romántica e mordaz na que un mozo, dono dunha tenda de discos de Chicago a piques de pechar, é amante dos concertos e da idea de facer as listas das cinco mellores cancións de todos os tempos por categorías. Bruce Springsteen interprétase a si mesmo e pola banda sonora desfilan os grupos e solistas que lle serviron ao protagonista para atoparlle un sentido á vida. Todas as fitas proxectaranse ás 20:30 horas, no *Auditório do Centro Cultural Caixanova*.

CITIZEN X
De **Chris Gerolmo**, 1995. Proxección programada polo Cine clube *Lumière* para o Luns 18 ás 20:30 horas no *Auditório do Concello*.

■ CONFERÉNCIAS

ARTE MOZÁRABE
Charla inserida no *Ciclo de Conferéncias sobre o Románico* á que poderemos asistir, o Xoves 14 e Venres 15 ás 20 horas, no *Salón de conferéncias do Centro Cultural Caixanova*.

■ EXPOSICIÓNS

PALAVRAS PARA UN PAÍS
Mostra con motivo do cincuenta aniversário da *Editorial Galaxia* (1950-2000), que podemos contemplar na *Casa das Artes*.

CONCHA PRADA
Ficcións titula esta fotógrafa a mostra que podemos ollar na galería *Ad Hoc*, desde este Xoves 14 até o 17 de Outubro. Divídese en tres séries: *Explosións*, cinco fotos a cor; *Leite derramado*, doce fotos a cor ; e *Brillos (Plástico de cociña)*, de 5 de fotografías. Todas elas cunha tirada de 3 exemplares cada unha.

ANTONIO DOÑATE
Mostra as suas fotografías na espácio para a arte contemporánea *Artefacto* (praza do Paseo de Alfonso XII 3 A-baixo), até o 4 de Outubro.

CARA A CARA
Título da mostra na que **Henri Cartier-Bresson** é protagonista por partida dobre xa que, por unha banda se presenta o seu traballo como fotógrafo do grande escultor Alberto Giacometti e pola outra, é protagonista das fotografías realizadas pola sua muller, **Martine Franck**, da axéncia *Magnum*. Na *Sala de Exposicións da Fundación Caixa Galiza* até o 22 de Outubro.

VANGARDA RUSA
Baixo o epígrafe de "Sen obxecto" a *Sala de Exposicións do Centro Cultural Caixanova*, acolle, até o 29 de Outubro, a mostra de óleos, maiormente, procedentes do Museu Estatal de San Petersburgo, que supoñen a aportación máis relevante da arte non figurativa. A exposición, ademais, adquire un interés adicional ao seren unha das primeiras realizadas no Estado sobre a pintura abstracta rusa deste periodo. Vassily Kandinsky, Kazimir Malevich e Mikhail Larionov, que determinaron a variante rusa do "sen obxecto" e abriron o carreiro dos Alexander Rodchenko, Ivan Kliun, Vladimir Lebedev, Mikhail Matiushin, Ivan Puni, Pavel Filonov, Boris Ender, Natán Altman, Alexander Bogomasov e Nikolay Evgrafov ademais das máis emblemáticas criadoras Luvov Popova, Olga Rozanova, Alexandra Exter e Maria Vladiminovna Ender, compoñen esta mostra de trinta obras que abranxen o periodo que transcurre entre 1910 e 1930.

URB-MANO
Mostra fotográfica con obras dos artistas **Ana Fontoira** e **Puri Diaz**, e **Roberto Hernández**, con obra gráfica dixital. Presentan, baixo un punto de vista moi persoal, a relación que se estabelece entre o humano e a paixase urbana: personaxes, visións, soños... Permanecerá no centro múltiple de arte *Visual Labora* (López de Neira, 5), até o 21 de Setembro.

MARATÓN FOTOGRÁFICA
Organizada polo Concello e que se pode visitar na *Casa das Artes*, 1ª andar.

■ MÚSICA

MUXICAS
O grupo de música folc tradicional despediuse do seu público, despois de máis de vinte anos e de oito discos, cunha xira pola Galiza; pero o derradeiro concerto de Muxicas será nista cidade na que naceu; un concerto homenaxe no que están invitadas as **Cantareiras do Berbés, a Coral de Música de Beade, a as Rondallas de Chans, Erville e Zamáns**. Será o Venres 15 no *Centro Cultural Caixanova*.

Vilagarcia

■ EXPOSICIÓNS

LEOPOLDO NÓVOA
Poderemos contemplar a sua obra na *Sala de Exposicións da Casa da Cultura*, até o 15 de Outubro.

Xixón

■ EXPOSICIÓNS

VIRXÍLIO VIÉITEZ
O fotógrafo da Terra de Montes mostra a sua obra no *Centro da Cultura "Antiguo Instituto'* (Jovellanos 21), até o 29 de Outubro.

Lisboa

■ CINEMA

IV FESTIVAL GAY E LÉSBICO
Vense celebrando desde o dia 8 pero chega até finais de mes no Fórum FNAC, Fórum Lisboa, Cinemateca e Cinema King, cun ciclo adicado a Derek Jarman, Straight Night e Hard Nights.

■ EXPOSICIÓNS

SALÃO DE ILUSTRAÇÃO E BD
Os dez anos de "L'Association", até finais de mes, de Martes a Sábado de 10 a 19 horas, no Palácio do Contador Mor (R. Cidade do Lobito - Olivais Sul).♦

***Petrocomuna* (1921), de Natán Isaevich Altman, que forma parte da mostra que sobre a *Vanguarda rusa* podemos ollar en VIGO.**

En rota

MEMÓRIA DO *PILOTO*
Programa de roteiros e convívio centrados na figura do mítico guerrilleiro "O Piloto", percorrendo os carreiros que el fixo, visitando lugares de interese histórico e achegándose ao pensar e viver de aqueles que luitaran pola liberdade desde o abrigo dos montes. Organizado pola Associação cultural *Gente da Barreira* de Ourense (MDL), requiren unha contribución para despesas colectivas de 1.500 pta., levar saco de dormir, algun camping-gas e algo de comida. Realizarase do Venres 22 ao Domingo 24 deste mes e pódese solicitar máis información nos telf. 982 400 578 - 988 242 321.♦

Anúncios de balde

■ **Véndese quentador eléctrico de 175 litros** e posición vertical. A estrear. Tfno. 986 530 853.

■ Busco **CD non oficiais (piratas) de Led Zeppelin e mais de Pearl Jam** (eu teño algúns). Pedro: 986 412 834

■ **Atoparás poemas de Irene Cacabelos, Beltza, Maria Golpe...** no novo número de ***P o I p A***, que xa está na rua xunto coa segunda entrega de Alentia. Podes pedírnolos facendo chegar dous selos de 35 ao *Humilladoiro*. Apdo. 81615080. A Coruña. Estamos agardando os vosos traballos para facer posíbeis novos números.

■ **Vendo conxelador de 3 caixóns** e dous anos de uso en perfecto estado por 20.000 pta. Tamén **cociña de gas de 3 lumes** de un ano por 10.000. Perguntar por Patrícia no telf. 986 276 846.

■ **Véndese piso en Via Norte (Vigo)**. As persoas interesadas poden chamar, polas tardes, ao telf. 986 279 108.

■ A Asociación Cultural *Maximo Gorki* de Vigo inicia para Outubro os **cursos de ruso a todos o níveis**; de **xadrez para crianzas e adultos**, tanto de iniciación como máis avanzado; ademais requiren **novas voces para a sua coral.** Máis información no novo enderezo en República da Arxentina 17, 2º esqu. ou no telf. 986 224 457 de 17 a 19:30 h. de Luns a Venres.

■ Se tes un **grupo de musica de calquer estilo e queres dalo a coñecer en Vigo**, mándanos a tua maqueta a *Onda Nada* 91.5 FM, apdo. 2137, 36208-Vigo

■ Solicita **gratuitamente o corrector ortográfico para o padrom galego da língua galego portuguesa**, para empregar no programa *Word* (qualquer versom) ao enderezo electrónico: corrector-agal@starmedia.com

■ Xa está **á vosa disposición o nº 2 da revista *I c á r i a***. Podedes pedila a: X. Eduardo Martínez; r/ Rafael Alberti nº 21 4ª B. 15008 - A Coruña. Enviade un selo de 35 pta.

■ **Subscrébete de balde ao Boletín dixital de Onda Nada** ou colabora connosco. Máis información en http:// members. tripod. com/ondanada ou no correo electrónico Onda-nada@wanadoo.es

■ **Vendo Ford-Fiesta 1.6 Diesel**. Bon estado xeral. Control técnico pasado. 290.000 ptas. Tfno: 666 945 629. Deixar mensaxe no contestador.

■ **Véndese piso** novo de 100 m² en Alicante. 4 cuartos, 2 baños, terraza e trasteiro. Zona centro, a 5 minutos da praia. Tfno: 982 331 700/630 390 283, de 9 a 23 horas.

■ A liga Céltiga Galaica dispón do *dossier* de prensa de 36 páxinas do **30 Festival Intercéltigo de Lorient** do xornal *Le Telegramme*. Encomendas ao apartado 2167 da Coruña, achegando no pedido 350 pta en selos.

■ **Vendo AX GT**. Impecábel. 350.000 pts. Tfno: 986 400 623.

■ **Véndese** material de hostelaria en bon estado: **neveira mostrador, frigorífico expositor, balanza dixital, conxelador e cafeteira con muíño**. Xunto ou por separado. Tfno: 986 326 449.

■ Vendo **parcelas en Uriz (Begonte)** e en Aspai (Outeiro de Rei). Chamar ao 982 391 205 (ás 9 da mañá ou de 22 h a 23 h.

■ **Vendo CDs de jazz** da colección Blue Note-Time Life (sen estrear). Vendo, asimesmo, outros títulos en perfecto estado. Envío listado. Carlos Soaxe Piñeiro. Vilela, 8-Tirán. 36959 Moaña.

■ Véndese **parcela de 2.208 m. Situada no núcleo rural ao pé do Pico Sacro**, Concello de Boqueixón. Prezo interesante. Tfno.: 606 250 288.

■ Os **CDs e cintas coa recompilación musical dos *M o r n o s d e L a v a d o r e s***, editados pola Asociación Viciñal de Lavadores para homenaxealos están xa á venda no *Local da Asociación* (Ramón Nieto, 302, Vigo). O prezo é de 1.000 e 1.200 pta. Fax.: 986 223 101.

■ **Mestre de Primária con experiéncia busca traballo** relacionado co ensino ou calquer outro (Non están os tempos para escoller). Manuel 616 354 911.

■ **Búscase profesor de matemáticas comerciais e contabilidade** para clases particulares no mes de Agosto en Mondariz-Balneário. Interesados chamar ao 606 507 853.

■ Mestra (oposición de 1978) definitiva en Madrid –centro en formación específica de persoas adultas, especialista e habilitada en Língua Española e Inglés (1º e 2º de ESO) e ciclos inicial e médio; **permutaria por praza semellante ou de primária ou 1º ciclo da ESO na Galiza.** Razón nos telf. 91 409 75 60 ou 659 194 520, perguntar por Soledad.

■ Estamos a artellar a formazón dun **grupo de siareiros e siareiras do Racing de Ferrol.** De interesarte chama ao 626 259 967.

■ **Gostaria de corresponder-me com pessoas que falam galego. Sou brasileiro**, formado en língua portuguesa, inglesa e estudo atualmente espanhol, mais interesso-me bastante pela origem e afinidades entre as línguas portuguesa e galega. Meu endereço é: Vítor Marques Costa, Rua Olavo Bilac, 2059-Centro -Zis. 64001-280 Teresina- Piavi-Brasil.

■ A **Peña deportivista *P r d d e C e***
ten á venda camisolas, puchas... coa simboloxia da equipa, na sua sede social, Bar San Pedro, Correlos-19, Mor (Alfoz).

■ En **Bueu alugo vivenda en Setembro**, tres cuartos. Tfno. 655 510 161.

■ **Véndese Mercedes, 190 2.6 E**. Tfno. 986 296 034.

■ **Clases de matemáticas**. Primaria, ESO, BUP, COU, Selectividade. Tfno. 696 281 033.

■ **Vendo mostrador de carniceria, frigorífico, báscula, rexistadora**, lavamáns, estanterias. Telf. 982 390 449.

Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Afonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 14 DE SETEMBRO • 2000 • Nº 952 • ANO XXIII • IV XEIRA •

8 400021 303104 00952

A milenária festa do castro congregou a máis de cincocentas persoas

Cincuenta fachas alumean o ceo de Castelo

FÁTIMA

SANTI CARBALLIDO

A parróquia de Castelo, no concello de Taboada volvéu celebrar un ano máis a queima dos fachóns na noite da festividade padroal. Máis de cincocentas persoas se deron cita, avanzado o serán do xoves Sete de setembro, no outeiro onde está situado o castro, para asistiren á cremación das máis de cincuenta fachas, dispostas circularmente no alto da parróquia.

Non hai quen poida asegurar con fidelidade cal é a orixe certa deste costume, que os viciños de Castelo conservan desde tempos inmemoriais e que supón además un xeito de colaboración entre todos os parroquiáns, tanto na tarefa de recollida e aproveitamento dos agúcios para a "fabricación" dos fachóns, como para a sua colocación na parte superior do castro, previamente acondionado para o evento. A elaboración das fachas faise moi celosamente e mesmo entre os habitantes de Castelo, antergamente máis entre os nenos, manténse unha saudábel competéncia para dirimir quen consigue máis, cal delas é a máis grande e cal é a que mellor prende. O espectáculo nocturno resulta por momentos dunha beleza abraiante.

Entre a poboación o acontecemento séguese a vivir cunha expectación e cun interese incomparábel con calquer outra festa do ano e mesmo hai quen, como o próprio Francisco Rodríguez Iglesias, promotor da fundación que leva o seu nome e coñecido editorialista galego, afirma sen dubidar que "dadas as características que ten esta singular celebración, trátase dun festexo de marcada fasquia céltica. Mesmo teño pensado viaxar próximamente a Irlanda para acreditalo."

Alén diso, outros opinan que a tradición da queima das fachas remóntase ao xeito que os habitantes dos antigos castros tiñan de percurar dunha maneira lóxica o alumeado para o conxunto do poboado nas festas. De feito, e xa neste século o costume de tirar os foguetes desde o alto dos castros na véspera da festa, que se dá en toda a comarca, quizáis estexa relacionado con aquel ascendente.

> **A** verdadeira obra de artesania é a própria elaboración dos fachóns.

A festa da queima das fachas, coa dimensión adquirida hoxendia, foi recuperada do anonimato, que non da memória das xentes, hai xa dez anos, desde que en 1990 Francisco Rodríguez e outros viciños de Castelo criaron a asociación "As Fachas" e decidiron sacar adiante a idea de dala a coñecer, como un dos máis enxebres festexos do noso pais.

A "fabricación" das fachas

Como indica Xaime Delgado no libro de recente publicación "Castelo. Biografia dun pobo" os preparativos son certamente coidadosos. O autor sinala que "antigamente eran os nenos os verdadeiros protagonistas, percurando xunto aos seus irmáns máis vellos o piñeiro máis axeitado ou a pola de carballo máis xeitosa." Despois de levar a cabo esta imprescindíbel tarefa, sóbese ata o castro e ali, cun pao de ferro ou con calquer método máis ou menos efectivo, faciase o buraco no que deixar chantada a facha para que presente a mellor das fasquias posíbeis.

Nembargantes, a verdadeira obra de artesania é a própria elaboración dos fachóns. Ao comezo, colócanse uns poucos agúcios de piñeiro ou carballo ao redor do pao. Logo, tal e como salienta Delgado "vaise engrosando ata que presenten máis gordura no centro. Vai diminuindo paseniñamente ata rematar case en punta." Para asegurar os agúcios ao pao átanse con tiras de vímbio cun revestimento que raras veces adoita ser inferior aos tres metros. A facha presenta finalmente unha elevación de case nove metros, prendendo a chama no extremo da sua cimeira.

Vellos, novos e emigrantes

Logo da queima das fachas, que se demorou ata ben entrada a noitiña, coa chegada da Brigada anti-incéndios de Antas de Ulla, a Banda de Danza e Gaitas de Chantada comezou a interpretar diversas pezas das máis coñecidas do folclore tradicional galego. Os asistentes, de todas as idades e das máis variadas procedéncias, salientaban nas suas faces e nas suas voces o vencello emocional que a festa supuña entre os habitantes do Castelo actual e as xentes que nalgun dia, como en tantos outros lugares de Galiza, se viron na dolorosa obriga de percurar a sua vida lonxe deste pais. Podianse escoitar ali expresións cheas de sentimento, algunhas de persoas como Lois Rodriguez Taboada, nado en Castelo e residente desde hai trintaeún anos en Suiza, que lembraba desde neno esa data subliñando que "o dia que se queimaban as fachas era o máximo. É unha grande ledícia ver o divertimento da xente e a importáncia que ten agora."

Os mais vellos do lugar manifestaban tamén a sua lóxica fachenda por ollar como no derradeiro ano do século segue máis viva ca nunca a máis antiga das suas tradicións, hoxe a cabalo entre o tesouro cultural e o festexo pagano. A memória que se perde no túnel dos tempos percura explicacións humanas e achegadas, como as de Xosé Pérez, que os seus case oitenta anos celebra que "cada ano quéimanse máis fachas e a festa non fai senón medrar. Cando eu era novo raramente ardian máis de vinte." A festa prolongouse xa avanzada a noite no adro parroquial de Castelo, coa participación popular e coa actuación dunha orquestra. ♦

Paz nos conflitos

FRANCISCO CARBALLO

Mentres "galegos-cristiáns" do colectivo *Irimia* sumaban forzas na xuntanza anual –9 de Setembro–, este ano en Penalba de Campo lameiro, outros cristiáns, reflectian no Congreso "O cristianismo nun mundo plural e conflitivo" (Madrid. 7/10 de Setembro). Xente da Igrexa, iguais nun desexo de cámbio e pacificación.

Se algo quedou claro no citado congreso é a realidade da universalización dos conflitos: de clase, de países, de ideoloxias. Un mundo a ferver de nervos e de inseguridade. Razón de máis para impulsar os vieiros de paz, só edificábel sobre a xustiza.

Deunos o congreso un serán para debater as raices dos conflitos nacionalistas na Península Ibérica. Os 1175 congresistas atenderon, participaron e abriron uns ollos de "ollomol" ao descubrir parte do que se agacha neste fenómeno mistificado arreo por "tertulianos", columnistas e satélites.

Os nacionalismos periféricos constituen unha proba do evoluir dos povos; da busca destes colectivos con identidade de madurez, autoestima, progreso. Iso quer dicer ser "nación"; ser soberanos que se governan e relacionan con todos os demais en xesto de paz, igualdade e respeito. Se hai mitos, se hai inexactitudes históricas nas suas reivindicacións, son menores que os mitos e falsedades dos estados-nacións dos que aqueles mimetizaron a literatura de combate.

Foron os estados-nación uniformizadores, homoxeneizadores, os que seguen a intentar destruir a pluralidade, a criatividade que os povos precisan, esixen e deben recuperar: pluralidade lingüística, cultural, organizativa, evolutiva. Para tal ben, é hora de imaxinación e de reflectir como articular as nacións no estado, na CE, na ONU. Os "nacionalistas" das nacións irredentas manifestan a razón da diversidade; desde esta a paz pode edificarse e os conflitos reducirse e superarse.

Os de *Irimia* en Campo Lameiro estaban a facer desde a sua diversidade, pluralidade e eclesialidade; desde o congreso da Asociación de Teólogos Xoan XXIII a reflexión dicia sí a *Irimia*. ♦

VOLVER AO REGO

O rei español visita Portugal de maneira oficial por catro dias. Lembra os seus dias de infáncia en Estoril. Dous estados, dous xeitos de pasar da ditadura á democrácia. A transición portuguesa foi de golpe, un 25 de Abril. Contouna recentemente Maria de Medeiros na sua película *Capitães de Abril*. Ainda estamos a esperar que a fita faga a sua visita oficial aos cinemas galegos. Catro dias, anque seña... ♦